

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 3**

### **SESION ORDINARIA DO 27 DE FEBREIRO DE 2019**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Rodríguez Rodríguez, Nuria

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Gago Bugarín, Diego José  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena  
Piñeiro López, Ángel

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO**

López Barreiro, Margarida  
Pérez Correa, Rubén

#### **NON ASISTEN:**

Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús (concelleira do grupo municipal Socialista)  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen (concelleira do grupo municipal Socialista)  
Figueroa Vila, José M. (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)  
Jácome Enríquez, Xosé Lois (concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo).

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinte e sete de febreiro do ano dous mil dezanove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, López Barreiro, López Font, Marra

Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señores concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello número 3, orde do día en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos este Pleno, lémbrolles que ao rematar este Pleno teremos un Pleno extraordinario solicitado polo grupo Popular e iniciamos este Pleno.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(12).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DO 26 DE DECEMBRO 2018).**

Por unanimidade dos vinte e tres membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta da sesión ordinaria do 26 de decembro de 2018.

#### **DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

**2(13).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DESTE CONCELLO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO ADMINISTRATIVO XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2018. EXPTE. 99/143 (REXISTRO PLENO 1970/1101)**

ANTECEDENTES.- Dáse conta do Decreto da Alcaldía, de data 13 de febreiro de 2019, transcrito a continuación,

"En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de Réxime Local ( Art. 191.3 do TRLRF e 90.1 del R.D. 500/1990), vistos os informes emitidos e a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda , en cumprimento do previsto no artigo 192 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, tramítase a Liquidación do Orzamento da Entidade Local correspondente ao ano 2018 e incorpórase a Liquidación do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo. En consecuencia, a Liquidación queda conformada polas institucións que conforman en termos do previsto nos artigos 166 e 192 do TRLRFL o perímetro de Consolidación, aínda que o mesmo sexa distinto do previsto no artigo 2 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira e o SEC-2010, onde queda engadido dentro do Perímetro de Consolidación a Fundación MARCO, a Fundación CONVENTION BUREAU e a Fundación FAIMEVI.

O ámbito subxectivo da Liquidación está conformado por:

Entidade Local.

Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo.

Fundación MARCO.

Fundación FAIMEVI.

Fundación CONVENTION BUREAU.

#### R E S O L V O:

1º) Aprobar a Liquidación do Orzamento deste Concello e do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, proposta polo Órgano competente, correspondente ao exercicio 2018 cos estados que forman parte do expediente de Liquidación da Entidade Local e do Organismo Autónomo, que reproducen toda a documentación que regula a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes máis importantes e que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade e o do seu O.A dependente ao longo do ano 2018, conformada pola Entidade Local, o Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI.

a) Remanente de Tesourería e Resultado orzamentario da Entidade e do

Organismo Autónomo Administrativo XMU (Entes con orzamento limitativo)

XMU		
Remanente Líquido de Tesourería		Resultado Orzamentario
2017	2018	2018
3.283.016,94	4.118.463,68	985.167,38

Entidade			Estados Consolidados		
Remanente L. Tesourería		R. Orzamentario	Remanente L. Tesourería		R. Orzamentario
2017	2018	2018	2017	2018	2018
91.061.195,67	76.489.706,16	29.236.516,07	94.344.408,64	80.609.468,62	30.221.683,45

b) Estabilidade orzamentaria do grupo de consolidación

Variable	Entidade	XMU	MARCO	FAIMEVI	C.BUREAU	Total
Est. Orzamentaria	- 6.609.945,80	2.791.179,96	37.284,40	10.176,38	29.829,43	- 3.741.475,63

c) Regra de Gasto (TRCPIB<sub>2018</sub> 2,4%) do grupo

Entidade	Gasto máximo admisible Regla de Gasto				Gasto computable liquidación 2018 (5)
	Gasto computable Liquid. 2017 (1)	(2) = (1)*(1+TRCPIB)	(+/-) Recaudación por cambios normativos 2018 (3)	Límite regla de gasto (4)=(2)+(3)	
Fundación Marco	823.266,02	843.024,40	,00	843.024,40	757.094,27
FAIMEVI	360.923,43	369.585,59	,00	369.585,59	12.608,36
Concello de Vigo	201.713.759,81	206.554.890,05	2.348.679,87	208.903.569,92	227.418.307,67
Xerencia Urbanismo	5.068.443,18	5.190.085,82	,00	5.190.085,82	579.169,20
C.Bureau	398.623,57	408.190,54		408.190,54	451.840,64
T. Gasto comput.	208.365.016,01	213.365.776,40	2.348.679,87	215.714.456,27	229.219.020,14

A Fundación Convention Bureau, de acordo á comunicación feita o 28 de decembro de 2019 pola Oficina Nacional de Contabilidade – Clasificación SEC unidades

públicas, a Fundación se considera en contabilidade nacional unha unidade institucional pública dependente do Concello de Vigo e se clasifica dentro do sector das Administracións Públicas (S.13). En consecuencia, é o primeiro ano que se inclúe no perímetro de consolidación do Concello.

d) Tesourería

Entidade	XMU
78.469.435,75	11.502.182,60

e) Fluxos de tesourería dos entes con orzamento limitativo

	Entidade	Consolidado
Cobros Presupuestarios corrente e pechados	248.482.195,03	250.857.688,60
Pagos Presupuestarios corrente e pechados	268.239.117,12	268.096.469,93
Cobros non presupostarios	59.053.145,47	65.862.207,85
Pagos non presupostarios	55.901.647,99	62.617.682,06

f) Aforro Neto dos entes con orzamento limitativo

Entidade	Consolidado
30.800.821,26	31.855.019,87

g) Período medio de pago mensual do grupo consolidado

PMP , Real Decreto 635/2014 e 1040/2017 ano 2018												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril <sup>1</sup>	Maió	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	-15,16	-13,27	-14,05	11,39	9,37	12,54	13,34	14,28	10,91	12,16	9,93	7,40
FAIMEVI	28,92	56,99	85,10	87,11	2,04	-7,96	64,49	109,34	52,96	85,82	58,69	83,31

1 Cálculo segundo o RD 1040/2017

MARCO	10,27	10,65	25,83	40,87	18,44	33,07	19,16	27,32	16,38	15,75	7,41	26,63
XMU	-10,57	-23,49	-15,44	10,76	15,21	12,23	8,16	2,62	6,06	8,29	7,63	9,80
PMPGlob.	-15,05	-13,20	-13,83	11,64	9,02	12,58	13,32	14,28	10,89	12,18	9,91	7,48

## Endebedamento

$\% \text{ Endebedamento} = (\text{D bada financeira bancaria pendente de amortizar} / \text{Dereitos Liquidados por operaci ns correntes do estados consolidados}) * 100$

Dereitos Liquidados axustados por operaci ns correntes dos estados consolidados unha vez feitos os axustes: 242.763.378,95 euros.

D bada bancaria pendente de amortizar a 31/12/2018 do grupo: 0 euros.

Coefficiente de endebedamento a 31/12/2018, 0%

## Cumprimentos

Hai un Remanente L quido de tesourer a positivo na Entidade e no seu Organismo Aut nomo,  nicas con orzamento limitativo.

Hai Resultado Orzamentario positivo na Entidade e no seu Organismo Aut nomo con orzamento limitativo.

Pola imputaci n ao Orzamento do ano 2018 do auto ditado polo Xulgado do Mercantil n  3 de Pontevedra en Vigo de resoluci n do contrato de concesi n de Obra P blica Pazo de Congressos, a Liquidaci n orzamentaria do ano 2018, non da cumprimento ao principio de Estabilidade Orzamentaria regulamentado no artigo 11 da Lei Org nica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, nin a Regra de Gasto, afectando a Entidade e aos estados consolidados.

Hai cumprimento do obxectivo de estabilidade financeira, sendo o coeficiente de endebedamento do 0% ao peche do ano 2018.

Durante o exercicio, en todos os meses deuse cumprimento a Per odo Medio de pago, sendo o PMP para o per metro de consolidaci n de 12 d as, calculado segundo o previsto no Real Decreto 635/2014 e 1040/2017, polo que se desenvolve a metodolox a de c lculo do per odo medio de pago a provedores das Administraci ns P blicas e as condici ns e o procedemento de retenci n de recursos dos r ximes de financiamento, previstos na Lei Org nica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, do que se achega un estado informativo no expediente.

Hai aforro neto positivo, calculado nos termos que establece o artigo 53 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Local e a Disposici n Final Trix sima primeira da Lei 17/2012, de Orzamentos Xerais para o ano 2013.

2) En cumprimento do previsto no Artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo.

O artigo 3 da Lei 2/2012, establece que, entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O desequilibrio producido é conxuntural, tendo causa na Resolución do Concurso de acredores da Sociedade Pazo de Congressos, a entrega do inmovible ao Concello e o pago realizado pola resolución do contrato por imperativo legal.

O PEF que se tramite, ten como finalidade dar cumprimento a devandita obriga formal, aínda que será un plan sen medidas, por ser a orixe dos desequilibrios un gasto excepcional non recorrente, nin proxectable a exercicios futuros, e por estar a esta data, aprobado un Orzamento que da cumprimento aos obxectivos fiscais.

3) En cumprimento do regulamentado no artigo 193.4 do TRLRFL e artigo 90.2 do R.P., da Liquidación do Orzamento, unha vez aprobada, darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este órgano celebre .

Han de remitirse copias das liquidacións dos Orzamentos á Comunidade Autónoma e Ministerio de Facenda (MINHAC) antes de rematar o vindeiro mes de marzo (artigo 193.5 TRLRHL. e 91 do R.P.). A remisión farase seguindo o procedemento de reporting electrónico dos datos económicos, financeiros e orzamentarios referentes a Entidade Local , O.A e Fundación dependentes e das que non sendo depedentes, sexan sector público, coa taxonomía LENLOC.

En relación cos prazos de remisión, estarase ao previsto na LOEPSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, quedando establecido o calendario na Disposición Final SEXTA das Bases de Execución do Orzamento.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 20.02.2019, queda informada.

## DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta da Liquidación do Orzamento do ano 2018, se atendemos ao informe da liquidación do exercicio do 2018 podemos destacar os aspectos positivos desa liquidación, as magnitudes que resultan desa liquidación amosan 8 aspectos positivos da liquidación das contas públicas deste Concello de Vigo do ano 2018, por certo, Orzamento consecutivo deste goberno, Orzamento que non teñen outros concellos de Galicia, pero o Concello de Vigo non só aproba os Orzamentos en tempo e en prazo senón que tamén os executa, e deses Orzamentos do ano pasado do ano 2018, como dicía, resultan 8 aspectos positivos en primeiro lugar, o resultado orzamentario é positivo tanto na entidade como no perímetro de consolidación, amosando un resultado orzamentario positivo axustado de máis de 30 millóns de euros, tamén existe o que se chama aforro positivo, aforro neto positivo, é dicir, os ingresos correntes son suficientes para satisfacer o gasto corrente, tanto na entidade como no perímetro tamén de consolidación deste grupo.

Pero tamén hai outro dato positivo, a presión fiscal de Vigo, como xa se dixo noutros plenos é e segue sendo a máis baixa das cidades de Galicia, se facemos unha comparación entre a presión fiscal dos cidadáns que se atopan en 496 euros, polo tanto, máis baixa que outras cidades de Galicia, así por exemplo o amosa os xornais do ano pasado, non os xornais de Vigo, por exemplo O Correo Galego dicía que un santiagués pagaba 23% máis que un vigués, polo tanto, estamos coa presión fiscal máis baixa das cidades de Galicia, máis baixa que Ourense, que Santiago de Compostela, que A Coruña, que Pontevedra, que Lugo e todo iso se facemos unha comparativa co gasto corrente por habitante e co investimento por habitante que se sitúa en 901 euros, atopamos que a balanza é moi positiva ao cidadán, polo tanto non só somos a cidade coa presión fiscal máis baixa senón que tamén sabemos xestionar trasladando esa boa xestión aos cidadáns, facendo que se beneficien de bos servizos públicos como así o reflicte tamén o observatorio público dos servizos urbanos, polo tanto, que se sitúa o grao de satisfacción dos servizos públicos de Vigo moi próximo ao 80% dos cidadáns de Vigo e como dicía tamén recentemente algún xornal, o principal problema de Vigo é que non hai problema, iso é que sabemos xestionar, que sabemos facer unha boa xestión



pública cos orzamentos e cos cartos de tódolos vigueses.

Dicía tamén que hai outro factor positivo que é o Remanente de Tesourería, tamén foi positivo ao rematar o ano e iso tamén nos permite incorporar remanentes a este exercicio 2019, polo tanto, é positivo tamén esa xestión, como tamén é positivo e xa o fixemos noutras ocasións destacar e non se debe esquecer tampouco que estamos nunha situación de coeficiente de endebedamento cero, é dicir, débeda cero porque se no ano 2006 tiñamos máis de 66 millóns de euros de débeda pública, xa estamos dende hai ano na débeda pública cero, por tanto un ratio tamén positivo das contas municipais do ano 2018. Quero destacar tamén este aspecto porque non necesitamos endebedamento con bancos, con outras entidades, organismo para facer fronte ás nosas necesidades, aos nosos gastos.

Tamén cumprimos sobradamente co pago a provedores, no último mes, no de decembro nun prazo de 7 días pagamos aos nosos provedores e tamén nun prazo de 9 días no mes de novembro, polo tanto, ratios moi positivos da liquidación dos orzamentos do ano 2018, pero non quero centrarme só nestes datos podemos dicir macro, senón que tamén quero centrarme nos datos micro por así dicilo, como dicía garantimos os servizos públicos de calidade, Policía, Bombeiros, limpeza con seis escobas de pratino por exemplo tamén cos parques infantís pero tamén somos unha cidade que atende aos máis necesitados coa atención ao servizo de Axuda no Fogar coa Teleasistencia, coas axudas a emerxencias, coas axudas a drogo dependentes, co Albergue, coa Casa de Acollida da Muller, cos canguros para as persoas con situación de violencia xénero, con bolsas para quen así os precisa, con bolsas de libros e comedor, bolsas de inglés, co apoio ás aulas matinais, coas nove escolas infantís municipais ou cos 1.300 bonos sociais de autobús, pero tamén somos unha cidade habitable, investindo no anelo verde, na senda verde das vías do tren, na humanización das rúas da cidade, mellorando e transformando a cidade con esa nova mobilidade que dan os ascensores, por exemplo entre Torrecedeira e Pi e Margal, o ascensor de Jiménez á rúa Torrecedeira e o recente ascensor de Isabel a Católica.

PRESIDENCIA: Antes de dar a palabra á oposición quería dar a benvinda a este Pleno ás alumnas/os e á profesora de 2º ciclo de formativo de Xestión Administrativa do Centro Educativo Mendiño e así mesmo ás persoas pertencentes ao sindicato de

enfermería que van asistir a este Pleno.

SR. PÉREZ CORREA: A verdade que tiñamos moita inquietude en saber como se ía presentar esta liquidación orzamentaria, inquietudes sobre todo porque dicíamos se vai ser unha liquidación como as anteriores, unha liquidación efectivamente con moito anuncio publicitario incluso con carteis pero eu creo que sería bo distribuír “urbi et orbi” como di o Papa, esta liquidación para que todo o mundo saiba do que estamos a falar, porque se pola intervención do Concelleiro de Facenda me está a dicir que esa liquidación é normal, o seu expediente di claramente “a liquidación do Orzamento do ano 2018 está condicionado polo auto ditado polo xulgado mercantil número 3 de Pontevedra, de resolución do contrato de concesión de obra pública do Pazo de Congressos”, non só di que toda a liquidación do Orzamento está condicionada senón que se di que se incumpre, a regra de gasto é que se incumpre ademais o que ten que ver coa estabilidade orzamentaria, e nós dicimos non está mal incumprir os criterios que o Sr. Montoro e o Partido Popular puxeron ese corset que lle puxeron aos concellos deste país para non poder utilizar os seus recursos, incluso nós estamos de acordo co informe que fai o propio concelleiro da necesidade de pode utilizar o remanente líquido de tesourería que os concellos temos cartos, o Concello de Vigo tiña case 90 millóns de euros, ao que vostedes xa lle meteron un bo e substancioso zarpazo para tapar as vergoñas do Auditorio Mar de Vigo, pero por exemplo o Concello de Madrid ten 1.000 millóns de euros en tesourería que queren utilizar para gasto social e dende logo o Partido Socialista se comprometera, tamén a FEMP, a que se ía desbloquear iso, imos a un proceso electoral onde se podería ter desbloqueado as cuestións do uso do remanente, do uso do superávit e a liquidez que necesitan os concellos para asumir gran parte das competencias que non fan outras administracións, este orzamento incumpre esa lei, porque ademais vostedes xogaron ben, eu sei que xogaron ben, non digo que xogaran ben porque as veces se xoga tamén co concurso dos recursos económicos e parece que esta cidade está a facer unha serie de investimentos que son de agora, desta lexislatura, teñen tódolos días paxinas enteiras nos medios de comunicación pagadas a golpe de talonario, teñen vostedes ademais capacidade de vender unha execución orzamentaria que non existe, porque vostedes teñen unha execución orzamentaria media do 30%, diranme que hai compromisos que

pasan dun exercicio orzamentario a outro, pero o certo é que dos 34 millóns de euros de investimentos iniciais aos que vostedes lle sumaron 61 millóns de euros, un modificadorio que chegou aos 96 millóns, apenas executaron o 57% e ademais é que hai probas físicas que demostran que vostedes fixeron unha tarefa de non executar deliberadamente gran parte dos investimentos para centralos no último tramo de lexislatura, por exemplo, a humanización da rúa Álvaro Cunqueiro que vostedes inauguraron esta fin de semana, está no plan de investimentos do 2017, onde os vigueses/as pagaron os seus impostos en 2017, se lle prometen investimentos e se pasan ó superávit, a partires de anos seguintes se executan e se inauguran canto máis preto do proceso electoral, que pasa, que como houbo un adianto electoral das xerais, ese plan para ter pois un despregue inaugurador durante moitos meses se lle viu abaixo e agora hai que meterlle presas as empresas precisamente para intentar cumprir con esa axenda, pero nós queremos ir ás partidas concretas, á liquidación que vostedes presentan, ademais de ser unha liquidación que incumpre os propios criterios que vostedes durante toda a lexislatura pretendían cumprir como digo eu, non para facer máis gasto social, dotacións e equipamentos deportivos culturais ou sociais, como fixeron moitos concellos que decidiron ademais de maneira deliberada intentar non circunscribirse a esa cuestión, vostedes non executaron practicamente ningunha partida de mantemento da rede viaria do rural, as partidas de iluminación 650.000 euros que vostedes ademais utilizaron os remanentes, todo iso está sen executar e non vale a escusa de que aínda quedan meses para executar, porque esa mesma escusa levan tres anos dicíndoa, e logo cando imos a ver a liquidación finais non aparece, se non que o truco de ir postergando o investimento é un truco electoralista que é infame co resto dos veciños/as de Vigo que pagan relixiosamente no exercicio fiscal os seus impostos e non teñen porque ver como se usa ese xogo político partidario para postergar determinados investimentos, algúns deles esenciais na cidade, e nós estamos radicalmente en contra da exposición que fai o concelleiro de Facenda, porque non está vendendo unha situación orzamentaria que o seu propio informe non recolle, ou non van dicir nada do Auditorio Mar de Vigo ou non imos falar do que supón quitarlle practicamente 30 millóns de euros de remanente de líquido de Tesourería para tapar esas vergoñas, por non dicir liquidar parte do patrimonio público municipal, esas 23

vivendas de Rosalía de Castro, eses 4 millóns de euros que había e que eu preguntei na Xerencia de Urbanismo que vostedes van a empregar en liquidar eso.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sr. Aneiros, nós tamén tiñamos moita expectativa na súa intervención de hoxe con esta liquidación do Orzamento do ano 2018 e teño que dicir que superou vostede as nosas expectativas porque non se pode presentar unha liquidación evitando falar do máis importante que é o Orzamento e é o resultado orzamentario, e vostede esqueceuse de dicir o máis importante, e se esqueceu de dicir que o Concello de Vigo, hai algo moi importante que ten que ter calquera concelleiro, calquera responsable político e é credibilidade e a súa credibilidade nestes catro foi reducíndose paulatinamente ata chegar a cero, que non teña credibilidade un concelleiro é grave pero que non a teña o concelleiro de Facenda é terrible, é dramático, porque vostede se pasou catro anos mentíndonos co nivel de execución, cando presentaba o Orzamento nos dicía que era marabilloso, cando levábamos unha liquidación terrible, execucións trimestrais que lle dicíamos os grupos da oposición, isto vai moi mal, non imos conseguir executar o orzamento, vostede falaba de execución do 100%, e cando falábamos da liquidación do orzamento e víamos a realidade ao rematar o ano, vostede tamén nos mentía directamente, porque vostedes xa están nun delirio permanente, confunden a realidade coa ficción e viven, dende logo, nunha realidade paralela e eu lle pido que non se deixe contaxiar polo Sr. Alcalde que non se deixe contaxiar e que aplique o rigor nas súas afirmacións, e a realidade desgraciadamente é que este Concello incumpriu a Lei de estabilidade orzamentaria no ano 2018 e o mantra que nos contaron durante toda a lexislatura, presumir do superávit, Sr. Alcalde, este ano acabou o exercicio con déficit, incumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria, incumprindo a regra de gasto, un fracaso absoluto na xestión das contas deste Concello, pero un fracaso para os vigueses porque de verdade que este é un orzamento e unha execución orzamentaria récord, absolutamente récord, en primeiro lugar, récord de ingresos, temos os ingresos, a recadación máis altos dos últimos 8 anos, Sr. Aneiros e aínda nos di vostede que pagamos menos impostos que ningún outro, non, non, pagamos os impostos máis altos de Galicia e vostedes no ano 2018 marcaron un rexistro récord de ingresos, 263 millóns de euros, recadaron máis do

presupuestado en practicamente tódolos impostos, o imposto de bens inmobles, no imposto de plusvalía, no imposto actividades económicas, nas taxas, nas multas, en todo recadaron máis e iso que nos subiron os impostos un 2,2% neste ano 2018, pois aínda por enriba de subírnolos, recadaron máis do que previran no orzamento, esa é a realidade e os vigueses se preguntarán e para que nos subiron os impostos, para que esa recadación récord, iso se traduciu tamén nun gasto e nunha equiparación co gasto? Pois non, porque vostedes tamén nos gastos bateron un récord de mala execución, de baixa execución, temos tamén a execución máis baixa dos últimos 8 anos, ese é o mellor exemplo do fracaso absoluto da súa política, porque o único que sube un pouco esta recadación, é que tivemos que pagar 35 millóns de euros da indemnización dun auditorio que ademais vostedes disfrazan na execución de investimentos, cando é o pago dunha indemnización, esa é a realidade, e foron vostedes incapaces de executar partidas que son importantes nun orzamento, vostedes teñen absolutamente abandonados aos mozos, absolutamente, o 80% do Plan de Emprego Xuvenil sen executar, abandonados aos funcionarios, aos Bombeiros, á Policía Local, non compran nin chalecos antibalas, xa por non falar dos cascos, dos seus compromisos coa eliminación da discriminación dos policías locais en relación aos bombeiros. Vostedes tamén teñen abandonado o Urbanismo Sra. Caride, se adica vostedes a outras cousas, absolutamente abandonado as partidas de urbanismo e as partidas de rehabilitación, en definitiva teñen vostedes abandonada á cidade e esta execución o mostra e os vigueses necesitan un cambio e o mellor desta liquidación é que será a última que presenten.

SR. ANEIROS PEREIRA: Miren, de credibilidade vostedes andan moi escasos porque co que pretende facer non amosan outra realidade que descoñecemento do que din os datos oficiais, así o amosa o informe que amosa unha presión fiscal de 496 euros, informe oficial, o informe oficial di que hai aforro neto positivo, hai remanente líquido de tesourería, non hai endebedamento, cúmprese co prazo de provedores, o mesmo que di que o resultado orzamentario é positivo, por moito que vostedes, tanto uns como outros sexan os do non, os da negatividade porque miren, cando vostedes fan acusacións que se amosan falsas e voullo amosar, non executamos o orzamento cos 845 usuarios do Servizo de Axuda no Fogar? Cos 600

usuarios do servizo de Teleasistencia que pagan os orzamentos do Concello de Vigo? Coas 1.054 axudas de emerxencia social que paga este Concello de Vigo, coas 800 bolsas de inglés que pagamos cos orzamentos do Concello de Vigo, coas 2.824 persoas que gozan dos campamentos de verán, coas obras na Estrada Provincial, por exemplo co carril bici na Avenida de Castelao, coa Senda Verde, cos ascensores entre a rúa Juan Ramón Jiménez e Torrecedeira que o poden ver, cos ascensores tamén entre Pi e Margal e Torrecedeira e a rúa Venezuela humanizada e urbanizada, coa rúa Camelias, coas obras no Barrio das Flores, cos parques infantís en Pedro Alvarado ou en Navia, queren dicir que todo isto é irreal, o queren dicir, vostedes de que están a falar, en que mundo viven? Miren, as xerencias, logo falaremos delas, nos deixaron no ano 2006 cando gobernaba o Partido Popular 66 millóns de euros en débeda deste Concello, este goberno baixou a cero, e non só iso senón que mantemos a presión fiscal máis baixa de tódalas cidades de Galicia, cun nivel de servizos públicos que nos fai ter por exemplo 6 escobas de pratino en limpeza, por exemplo, cun nivel de satisfacción nos servizos públicos de Policía e de Bombeiros por enriba do resto das cidades de Galicia, cun transporte público urbano que ten un alto nivel de usuarios bonificados cos orzamentos deste Concello, co apoio á educación e ás familias coas escolas infantís máis baratas que as da Xunta de Galicia, 9 escolas infantís sostidas integramente cos fondos deste Orzamentos cos fondos polo tanto das viguesas/es, vostedes en que cidade viven, en que cidade queren vivir, a onde nos queren levar?

Miren, nós xestionamos ben os nosos recursos e executamos os orzamentos en tempo e en prazo, respectamos a legalidade, os tempos da contratación administrativa e cando se incorporan remanentes dun exercicio a outro, o que facemos é continuar executando, por certo falaban do rural, 3 millóns de euros en asfaltados para toda a cidade.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

**3(14).- APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO CON MOTIVO DO INCUMPRIMENTO DO OBEXCTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DA REGRA DE GASTO NA LIQUIDACIÓN DOS ORZAMENTOS DO EXERCICIO 2018. EXPTE. 60/142 (REXISTRO PLENO 1971/1101)**

ANTECEDENTES: Con data do 14.02.2019 e posterior corrección de erro material en data 22.02.19, o concelleiro de Orzamentos e Facenda emite o seguinte informe proposta,

**I.- ANTECEDENTES**

Por Resolución da Alcaldía Presidencia da data 13 de febreiro de 2019, aprobouse a Liquidación do Orzamento do ano 2018.

En cumprimento do previsto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, emitiuse informe polo Sr. Interventor dos incumprimentos dos obxectivos de estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto.

O orixe dos desequilibrios xorden da imputación ao Orzamento do ano 2018 dun gasto de 35.214.290,04 euros que se corresponden coa liquidación do contrato de Concesión do Obra Pública do Pazo de Congressos Mar de Vigo.

A avaliación dos obxectivos de cumprimento ou incumprimento da estabilidade orzamentaria e da Regra de gasto correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2018, está condicionada polo auto ditado polo Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra en Vigo de resolución do contrato de Concesión de Obra Pública Pazo de Congressos. A adxudicación do contrato foi feita pola Xunta de Goberno Local o 6 de marzo de 2006, téndose constituída a mercantil Pazo de Congressos, SA, que xestionou o inmovible e que resultou liquidada no procedemento concursal, en escritura pública de 19 de abril de 2006, outorgada ante o notario de Vigo don Miguel Lucas Sánchez, co número 808 do seu protocolo.

O pagamento da valoración feita polo Concello foi de 35.214.290,04 euros fronte aos 74.433.735,62 euros comunicados en data 24 de abril de 2018 polo administrador concursal de Pazo de Congressos.

Da valoración da liquidación comunicada, unha vez deducida a achega pública por unha contía de 28.320.280 euros, resultaría unha contía neta a liquidar de 46.113.4546 euros. A indemnización que resultou supuxo un saldo favorable para os intereses municipais de 10.898.5435,62 euros, resultado da diferenza entre o valor neto do solicitado e a valoración contraditoria.

Por Resolución da Alcaldía, encargouse a formación do plan que se achega, informado/conformado pola Intervención Xeral.

Como se pon de manifesto no plan que se somete a aprobación, de non acontecer

este feito extraordinario, conxuntural, o Concello de Vigo e o Grupo de Consolidación, terían cumprido dabondo cos obxectivos marcados para o ano 2018 en canto a capacidade/necesidade de financiamento, cuxo obxectivo era o de equilibrio, e da regra de gasto, na que estaba previsto unha TRCPIB do 2,4% sobre a Liquidación do ano 2017.

O gasto computable financiado con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais foi por unha contía de 22.973.752,04 euros, e os incumprimentos das variables foron por unha contía moito menor:

## II.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO GRUPO CONCELLO DE VIGO 2018

### Estabilidade orzamentaria 2018

Variable	Entidade	XMU	MARCO	FAIMEVI	C.BUREAU	Total
Est. Orzamentaria	- 6.609.945,80	2.791.179,96	37.284,40	10.176,38	29.829,43	- 3.741.475,63

### Regra de gasto 2018

Institución	Límite	Gastos executado axustado	Diferencia
Entidade	208.903.569,92	-227.418.307,67	-18.514.737,75
O.A.Xerencia M. de Urbanismo	5.190.085,82	-579.169,20	4.610.916,62
Fundación MARCO	843.024,40	-757.094,27	85.930,13
Fundación C. BUREAU	408.190,54	-451.840,64	-43.650,10
Fundación FAIMEVI	369.585,59	-12.608,36	356.977,23
TOTAL	215.714.456,27	-229.219.020,14	-13.504.563,87

### ESTABILIDADE SIN A OPERACIÓN DO PAZO DE CONGRESOS

Exercicio 2018, Con Pazo de Congressos						2018, Sin Pazo Congressos		
Entidade	I.N.Financei.	G.N.Financei.	Ax. propios	Axust.Op. Inte	Cap/Neces.	+RLT. P.Congr.	-Ventas patr.	Cap/Neces.
Concello	259.557.729,91	264.675.792,31	-1.491.883,40	,00	-6.609.945,80	35.214.290,04	-12.241.168,00	16.363.176,24
F. FAIMEVI	22.818,48	12.642,10	,00	,00	10.176,38			10.176,38
F. MARCO	795.811,53	758.527,13	,00	,00	37.284,40			37.284,40
O.A. XMU	13.965.021,86	11.026.045,08	-147.796,82		2.791.179,96	4.000.000,00	-4.000.000,00	2.791.179,96
F. C.BUREAU	481.670,07	451.840,64	,00		29.829,43			29.829,43
Total					-3.741.475,63	39.214.290,04	-16.241.168,00	19.231.646,41

O orzamento do grupo Concello de Vigo, illando a operación do Pazo de Congressos, tería pechado a Liquidación cun superávit de 19.231.646,41 euros.

### REGRA DE GASTO SIN PAZO DE CONGRESOS



Exercicio 2018										
Entidade	Gasto-IFS	TRCPIB	Δ, art.12.4	Limit.R. gasto	G.Liquidad.	IFS	Axustes	G.computable	C.P.Congresos Cumpr/Incumpr	S/P.Congresos S/P.
		2,40%								
Concello	201.713.760	206.554.890	2.348.680	208.903.570	264.675.792	11.412.468	25.845.016	227.418.308	-18.514.738	4.458.384
F. FAIMEVI	360.923	369.586		369.586	12.608	0	0	12.608	356.978	356.978
F. MARCO	823.266	843.024		843.024	757.094	0	0	757.094	85.930	85.930
O.A. XMU	5.068.443	5.190.086		5.190.086	11.026.045	0	10.446.876	579.169	4.610.917	610.917
F. C.BU	398.624	408.191		408.191	451.841	0	0	451.841	-43.650	-43.650
TOTAL	208.365.016	213.365.776		213.365.776	276.923.380	11.412.468	36.291.892	229.219.020	-13.504.563	5.468.559

O Orzamento do Grupo tería dado cumprimento ao límite da Regra de gasto aprobado para o ano 2018.

### III.- FORMULACIÓN DO PLAN: SIN MEDIDAS ADICIONAIS

Cando os incumprimentos teñen causa na utilización dun recurso financeiro como é o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais (RLTGG), o Ministerio de Facenda obriga a elaborar un plan económico financeiro ao final do exercicio, definido como "Plan Económico Financeiro sin medidas".

En relación a este tipo de plan, é unha demanda da Federación Española de Municipios e Provincias, que agora mesmo está de novo na mesa do Grupo Técnico de Traballo de estudo e análise da aplicación da regra de gasto (FEMP- Ministerio de Facenda), que os desequilibrios conxunturais que teñan causa nun financiamento xerado cos aforros doutros anos, como é o caso do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, non sexan considerados como tal, e que as obrigas financiadas con este recurso, non computen no cálculo da estabilidade orzamentaria nin na regra de gasto.

Como esta situación aínda non se instrumentou na norma, estamos ante un plan sin medidas, de gasto non recorrente, que non ten outro obxectivo que comunicar a situación e por de manifesto que o Orzamento do ano 2019, foi aprobado con superávit e dando cumprimento á regra de gasto, así como a Liquidación prevista para os anos 2019/2020, aplicando unhas ratios de execución superiores no estado de gastos e inferiores no de ingresos que as reais dos anos anteriores, dotando ao plan dun grao de certeza total.

#### *Base de cálculo*

O Orzamento aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 26 de decembro de 2018 para o ano 2019, está en equilibrio, dando cumprimento aos obxectivos das dúas variables fiscais.

O Plan presentado que se somete a aprobación, fai unha proxección dos orzamentos e forma unha liquidación previsional con criterios de prudencia que aportan un grao máximo de certeza a mesma, e polo que a Liquidación do Orzamento dos anos 2019/2020, da cumprimento as devanditas variables.

Para os gastos, eleva as previsións de obrigas recoñecidas por unha contía e

porcentaxes máis altos que a correspondente ás ratios de execución dos últimos anos.

Para os ingresos, axusta as liquidacións a ratio máis baixa dos último anos.

Estes criterios dan garantía de cumprimento dos obxectivos fiscais.

#### IV.- VARIABLES DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2018

Da Liquidación do Orzamento do ano 2018, coa excepción das variables fiscais de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, condicionada polo feito extraordinario da resolución do contrato de obra pública do Pazo de Congressos Mar de Vigo, todas as variables son positivas.

##### 1.- En relación ao resultado orzamentario e o remanente de tesourería.

Entidade			Estados Consolidados		
Remanente L. Tesourería GG		R. Orzamentario	Remanente L. Tesourería GG		R. Orzamentario
2017	2018	2018	2017	2018	2018
91.061.195,67	76.489.706,16	29.236.516,07	94.344.408,64	80.609.468,62	30.221.683,45

##### 2.- En relación co Aforro neto

ENTIDADE			ESTADOS CONSOLIDADOS		
capítulo	Dereitos R. Netos	Obrigas R. Netas	capítulo	Dereitos R. Netos	Obrigas R. Netas
1	110.306.866,98	61.477.521,34	1	110.306.866,98	65.095.746,01
2	9.096.860,78	116.263.999,08	2	9.096.860,78	117.672.920,16
3	42.591.427,98		3	43.869.147,97	0,00
4	78.920.695,95	31.632.302,61	4	77.837.148,48	25.808.902,61
5	2.643.510,64	,00	5	2.685.282,48	0,00
TOTAL	243.559.362,33	209.373.823,03		243.795.306,69	208.577.568,78
AF. BRUTO	34.185.539,30			35.217.737,91	
(-) Dv.+ G. Corrente	0,00				
(-) Ing. Non recurr.					
CE	-1.031.928,74			-1.031.928,74	
(-) Dv.- G. Corrente					
G.C.Finan.Con R.LT		301.277,22			323.277,22
(-) A.T.A	-2.654.066,52			-2.654.066,52	
AF.NETO	30.800.821,26			31.855.019,87	

##### 3.- En relación co endebedamento financeiro

Nin o Concello nin o grupo mantén ningún saldo vivo de débeda financeira, situación que se ven dando dende o ano 2016, salvo supostos illados de operacións de factoring sin recurso, que na actualidade non se autorizan.

#### 4.- En relación coa sostibilidade financeira.

O Concello de Vigo, a XMU e as Fundacións que forman parte do perímetro, non manteñen operacións de crédito con capitais pendentes de reembolso, nin risco algún deducido de avais, e non proxectan concertar ao longo dos exercicios 2019/2020 operación de endebedamento algunha, o volume de débeda viva é de 0,00 euros polo que o coeficiente de endebedamento é do 0%.

#### 5.- En relación coa sostibilidade da débeda comercial

Aos efectos de avaliación, incorpórase a información do ano 2018, comunicada nos prazos legalmente establecidos ao Ministerio de Facenda. Tendo en conta a situación de Tesourería ao Remate do ano, non hai razóns técnicas para que no ano 2019/2020 non se de cumprimento aos prazos legais de pago. Os prazos de cumprimento veñen sendo unha constante, sendo ademais un dos obxectivos desta institución, o de tramitación e pagamento en prazo.

Tesourería Entidade	Tesourería XMU
78.469.435,75	11.502.182,60

#### Débeda comercial. Período medio de pago

Morosidade trimestral Lei 3/2004.

Período	E. Local		XMU		F.MARCO		F.FAIMEVI	
	PMP/días	PMPP/días	PMP/días	PMPP/días	PMP/días	PMPP/días	PMP/días	PMPP/días
1º	15.4	15.46	16.54	15.22	28.23	58.71	1.11	1842.6
2º	17.5	13.57	21.33	4.58	36.09	34.97	39.43	2218.25
3º	16.6	11.5	13.1	4.64	23.27	22.31	38.9	2335.76
4º	12.82	7.78	13.07	0	13.21	33.98	204.83	1943.12

PMP Real Decreto 635/2014 ata o mes de abril, e RD 1040/2017 abril-décembro.

PMP , Real Decreto 635/2014 e 1040/2017 ano 2018												
Instit.	Xane.	Febrei.	Marzo	Abril <sup>2</sup>	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Set.	Outu.	Nov.	Dec
Ent. Local	-15,16	-13,27	-14,05	11,39	9,37	12,54	13,34	14,28	10,91	12,16	9,93	7,40
FAIMEVI	28,92	56,99	85,10	87,11	2,04	-7,96	64,49	109,34	52,96	85,82	58,69	83,31
MARCO	10,27	10,65	25,83	40,87	18,44	33,07	19,16	27,32	16,38	15,75	7,41	26,63

2 Cálculo segundo o RD 1040/2017

XMU	-10,57	-23,49	-15,44	10,76	15,21	12,23	8,16	2,62	6,06	8,29	7,63	9,80
PMPGlob	-15,05	-13,20	-13,83	11,64	9,02	12,58	13,32	14,28	10,89	12,18	9,91	7,48

## V.- LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO, LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2019/2020

O límite do gasto non financeiro ven fixado pola aplicación sobre a liquidación do ano 2018 da taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto, (TRCPIB), que para o ano 2019, fixada no 2,7% e para o ano 2020, no 2,8%.

Sobre a Liquidación do ano 2018 que é unha información definitiva, coincidente coa que se enviou ao Ministerio de Facenda correspondente ao cuarto trimestre do ano, proxéctase o gasto para o peche do ano 2019, seguindo os criterios de execución xa reflectidos no Plan, facendo os axustes pertinentes. Para o ano 2020, o orzamento que se proxecta, está en consonancia cos ingresos previstos e cos gastos, sempre tendo en conta a variación tendencia de ambos estados.

Os axustes relacionados no Plan están todos xustificados, formando en cada un dos casos axustes previstos tanto no artigo 12 da Lei 2/2012, como na guía do Ministerio de Facenda para a determinación da regra de gasto nas Corporacións Locais, 3ª edición, de novembro de 2014.

## VI.- PREVISIÓN DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS FISCAIS NA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DOS ANOS 2019/2020.

### ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

Exercicio 2019

Exercicio 2020

Entidade	I.N.Financei.	G.N.Financei.	Axustes propi	Axust.Op. Inte	Cap/Neces.	I.N.Financei.	G.N.Financei.	Axustes propi	Axust.Op. Int	Cap/Neces.
Concello	262.265.754	257.745.528	673.863	-5.376.143	10.570.233	254.363.417	237.717.046	-3.199.404	-5.376.143	18.823.110
F. FAIMEVI	15.000	15.000			0	0	0	0		0
F. MARCO	820.000	766.094		605.000	-551.094	835.000	777.242		605.000	-547.242
O.A. XMU	7.684.149	7.286.712	-127.000	4.571.143	-4.300.706	7.870.105	7.394.928	-150.000	4.571.143	-4.245.966
F. C.BU	483.000	449.849		200.000	-166.849	488.000	455.996		200.000	-167.996
TOTAL	271.267.903	266.263.182			5.551.584	263.556.523	246.345.212			13.861.907

CONCEPTO	ESTADOS CONSOLIDADOS			
			2019	2020
Dereitos R. Netos, capítulos 1 a 7			271.267.903,39	263.556.522,86
Obrigas R. Netas, capítulos 1 a 7			266.263.182,28	246.345.211,76
(A) Saldo Orzamentario N.Financeiro			5.004.721,11	17.211.311,10
AXUSTES				
Recadación capítulo 1			-2.130.669,80	-3.006.333,41
Recadación capítulo 2			195.856,60	-342.403,44
Recadación capítulo 3			-622.003,32	-2.704.735,40
Por impostos cedidos, FCF, E.a conta			2.654.066,52	2.654.066,52
Gast. Realizados ptes de aplicación			449.609,09	50.000,00
Dev. Ingresos pendentos de aplicar			,00	,00
Outros			,00	,00
(B) TOTAL AXUSTES			546.859,09	-3.349.405,73
(C) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE (A+B)			5.551.580,20	13.861.905,37

O Plan, establece as previsións de gasto nunha proxección de máximos, como se pon de manifesto, a análise faise sobre a base dos 3 últimos anos, aínda que si o histórico fose de 10 anos, a situación sería a mesma.

Os índices de execución prevista son maiores que ningún do anos precedentes, en algún dos capítulos hai 3 puntos adicionais.

Ao contrario de previsto para o estado de gastos, nos ingresos a previsión de liquidación de dereitos axústase á correspondente ao ano no que o rexistro foi máis baixo, é dicir, as liquidacións por Dereitos Recoñecidos son menores, sendo a finalidade do criterio, aplicar o criterio de prudencia máxima para os ingresos e a posibilidade máxima de gastos.

Da proxección feita, ponse de manifesto que a Liquidación prevista para os anos 2019/2020, do grupo Concello de Vigo, arroxa un superávit orzamentaria, en consecuencia, da cumprimento ao previsto na LOEPSF.

## REGRA DE GASTO

### Datos da Liquidación do ano 2018

Entidade	Gasto-IFS	TRCPIB	Exercicio 2018				IFS	Axustes	G.computable	Cumpr/Incumpr
			$\Delta$ , art.12.4	Límit.R. gasto	G.Liquidad.					
		2,40%								
Concello	201.713.759,81	206.554.890,00	2.348.679,87	208.903.569,87	264.675.792,31	11.412.468,42	25.845.016,00	227.418.307,89	-18.514.738,02	
F. FAIMEVI	360.923,43	369.586,00		369.586,00	12.608,00	0,00	0,00	12.608,00	356.978,00	
F. MARCO	823.266,02	843.024,00		843.024,00		0,00	0,00	757.094,27	85.929,73	
O.A. XMU	5.068.443,18	5.190.086,00		5.190.086,00	11.026.045,08	0,00	10.446.876,00	579.169,08	4.610.916,92	
F. C.BU	398.623,57	408.191,00		408.191,00	451.840,64	0,00	0,00	451.840,64	-43.649,64	
TOTAL	208.365.016,01	213.365.776,00		213.365.776,00	266.263.182,28	11.412.468,42	36.291.892,00	229.219.019,88	-13.504.563,01	

Previsión de Liquidación segundo o Orzamento aprobado para o ano 2019 e a proxección de execución segundo índices de anos precedentes.

Exercicio 2019									
Entidade	Gasto-IFS	TRCPIB	Δ, art.12.4	límit. R. gasto	G.Liquidad.	IFS	Axustes	G.computable	Cumpr/Incumpr
		2,70%							
Concello	227.418.307,89	233.558.602,20	0,00	233.558.602,20	257.745.527,62	8.446.499,47	37.482.195,80	211.816.832,35	21.741.769,85
F. FAIMEVI	12.608,00	12.948,42		12.948,42	15.000,00	0,00	0,00	15.000,00	-2.051,58
F. MARCO	757.094,27	777.535,82		777.535,82	766.094,10	0,00	0,00	766.094,10	11.441,72
O.A. XMU	579.169,08	594.806,65		594.806,65	7.286.711,56	0,00	1.368.856,73	5.917.854,83	-5.323.048,18
F. C.BU	451.840,64	464.040,34		464.040,34	449.849,00	0,00	0,00	449.849,00	14.191,34
TOTAL	229.219.019,88	235.407.933,42		235.407.933,43	266.263.182,28	8.446.499,47	38.851.052,53	218.965.630,28	16.442.303,15

Previsión de Liquidación segundo o Orzamento previsto para o ano 2020 segundo crecemento tendencial e proxección de execución segundo índices de anos precedentes.

Exercicio 2020									
Entidade	Gasto-IFS	TRCPIB	Δ, art.12.4	límit. R. gasto	G.Liquidad.	IFS	Axustes	G.computable	Cumpr/Incumpr
		2,80%							
Concello	211.816.832,35	217.747.703,66	0,00	217.747.703,66	237.717.046,13	0,00	23.513.689,31	214.203.356,82	3.544.346,84
F. FAIMEVI	15.000,00	15.420,00		15.420,00	0,00	0,00	0,00	0,00	15.420,00
F. MARCO	766.094,10	787.544,73		787.544,73	777.242,20	0,00	0,00	777.242,20	10.302,53
O.A. XMU	5.917.854,83	6.083.554,77		6.083.554,77	7.394.927,85	0,00	1.368.856,73	6.026.071,12	57.483,65
F. C.BU	449.849,00	462.444,77		462.444,77	455.995,58	0,00	0,00	455.995,58	6.449,19
TOTAL	218.965.630,28	225.096.667,93	0,00	225.096.667,93	246.345.211,76	0,00	24.882.546,04	221.462.665,72	3.634.002,21

Todos os axustes que reflicte o cálculo desta regra, están relacionados no plan, sendo todos eles dos previstos na Guía do Ministerio de Facenda, 3ª edición e no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012.

En canto aos criterios de execución do estado de gastos, é o mesmo que o tido en conta para o cálculo da estabilidade orzamentaria, tendo unha base que da un grao de certeza total as devanditas previsións.

En consecuencia, o Orzamento do ano 2019 e 2020, cerrará en equilibrio e dando cumprimento ao límite previsto do teito de gasto, tendo en conta a TRCPIB aprobada para o ano 2019 e 2020.

		2019	2020
CONCEPTO	TODO O PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN	IMPORTE	
Empregos non Financeiros, cap. 1 a 7 ( incluído 301,311,321,331 e 357)		266.263.182,28	246.345.211,76
AXUSTES SEC			
(-) Enaxenacións investimentos reais			
(+/-) Investimentos por conta doutras AA.PP			
(+/-) Execución de avais			
(+) Aportacións de capital			
(+/-) Asunción ou cancelación de débedas			
(+/-) Gastos pendentes de aplicar ao orzamento, conta 413		-449.609,09	-50.000,00
(+/-) Gastos pendentes de aplicar conta 555			
(+/-) Pagos a socios privados As. público/privadas			
(+/-) Adquisición con pago aprazado			
(+/-) Arrendamento financeiro			
(+) Préstamos			
(-) Mecanismo extraordinario de pago provedores			
(-) Outros			
TOTAL AXUSTES SEC		-449.609,09	-50.000,00
EMPREGOS NON FINANCEIROS, excepto (xuros débeda)		265.813.573,19	246.295.211,76
(-) PAGOS POR TRANSFERENCIAS INTERNAS E FUNDACIÓNS		-8.113.856,00	-8.113.856,00
A Fundación MARCO		-605.000,00	-605.000,00
A Fundación FAIMEVI		,00	,00
A Fundación CONVENTION BUREAU		-200.000,00	-200.000,00
Ao CONCELLO DE VIGO,		-1.368.856,00	-1.368.856,00
A XMU		-5.940.000,00	-5.940.000,00
(-) GASTOS FINANCIADOS FONDOS FINALISTAS UE/AAPP		-29.501.586,71	-15.932.689,31
Unión Europea		-7.508.753,21	-5.989.425,60
Estado		-6.212.943,75	-4.086.610,71
Comunidade Autónoma		-5.482.819,00	-4.273.653,00
Deputación		-10.297.070,75	-1.583.000,00
(-)Transferencias sistemas de financiación		-786.000,00	-786.000,00
A Fundación LAXEIRO		-80.000,00	-80.000,00
A Fundación LISTE		-125.000,00	-125.000,00
A Fundación VIDE		-125.000,00	-125.000,00
MAIV		-177.000,00	-177.000,00
E.M Bembrive		-279.000,00	-279.000,00
Total Gasto Computable		227.412.130,48	221.462.666,45
(-) Gasto computable en IFS, Superávit, 2017		-8.446.499,47	,00
Gasto computable aos efectos de verificar o cumprimento da R.Gasto		218.965.631,01	221.462.666,45
Limite de gasto		235.407.933,43	225.096.667,93

## VII.- PROPOSTA

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 21 da Lei Orgánica, 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, ante o incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, pola imputación ao Orzamento do ano 2018 da Liquidación do contrato de Concesión

de Obra Pública do Pazo de Congressos Mar de Vigo, e nos prazos previstos no artigo 23 do mesmo corpo legal, faise ao Pleno da Corporación a seguinte proposta...”

Deseguido o concelleiro informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

En data 15.02.1029, o Interventor xeral emite o seguinte informe de fiscalización,

Recibida nesta Intervención Xeral, conforme ao establecido no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, expediente formulado pola concellería de Orzamentos e Facenda relativo á aprobación dun Plan Económico-Financeiro para o período 2019-2020 do sector administracións públicas do Concello de Vigo, calculado en termos consolidados segundo a normativa de estabilidade orzamentaria.

Para esta consolidación empregouse a clasificación dos axentes do sector público local pertencentes ao Concello de Vigo (artigo 4.1 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais), segundo o perímetro definido no inventario de entes do sector público local, que clasifica como subsector Administracións Públicas os seguintes:

- Administración Xeral do Concello de Vigo.
- Organismo Autónomo Local Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Fundación Marco.
- Fundación Agencia Intermunicipal de la Energía de Vigo (FAIMEVI).
- Fundación Vigo Convention Bureau.

No expediente achégase a documentación seguinte:

- i. Resolución de incoación do expediente.
- ii. Plan Económico-financeiro elaborado polo responsable de contabilidade e orzamentos.
- iii. Proposta de elevación do acordo á Xunta de Goberno Local e ao Pleno.

Antecedentes.

No informe de intervención emitido con motivo da liquidación do Orzamento Xeral do Concello de Vigo do ano 2018 púxose de manifesto o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

Así, a citada liquidación incumpriu o obxectivo de estabilidade orzamentaria, botando una necesidade de financiamento (déficit do exercicio 2018) de 3.741.475,63 euros, e tamén incumpriu o obxectivo da Regra de Gasto, xa que o



gasto computable do exercicio 2018 superou o límite máximo de gasto non financeiro calculado na forma que establece a regra de gasto en 13.504.563,88 euros.

#### Normativa de aplicación.

- Regulamento (CE) nº 479/2009 do Consello, do 25 de maio de 2009, relativo á aplicación do Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo.
- Regulamento nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013 (DOCE do 26-06-2013), relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).
- Artigo 135 da Constitución Española.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais (RDLEP).
- Lei Orgánica 6/2015, do 12 de xuño, de modificación da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas e da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.
- Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEOSF para corporacións locais, 3ª edición. IGAE.

#### Obrigatoriedade do PEF.

Conforme ao disposto nos artigos 21 da LOEOSF e 9.2 da Orde HAP/2105/2012, o PEF resulta de obrigada aprobación tendo en conta os incumprimentos do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto producidos na liquidación do orzamento xeral do exercicio 2018.

#### Tramitación.

En canto á tramitación dos plans económico-financeiros o artigo 23 da LOEPSF, prescribe que os plans económico-financeiros deberán aprobarse polo Pleno da Corporación e, os correspondentes ás corporacións incluídas no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do Texto Refundido de a Lei Reguladora das Facendas Locais, serán remitidos ao órgano competente da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva e seguimento. Devanditos plans deberán ser presentados ante o Pleno no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento, e

deberán ser aprobados polo devandito órgano no prazo máximo de dous meses desde a súa presentación, e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento.

Tendo en conta que a liquidación do orzamento de 2018 aprobouse o 13 de febreiro de 2019, o PEF debe presentarse ante o Pleno antes do 13 de marzo de 2019.

Os PEFs remitiranse para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local, e darase aos mesmos a mesma publicidade que a establecida polas leis para os Orzamentos da entidade.

Situación actual.

Da liquidación do Orzamento Xeral do Concello de Vigo do exercicio 2018 obtivéronse as magnitudes seguintes:

Magnitude	Concello de Vigo	Estados consolidados
<b>Magnitudes do exercicio 2018</b>		
Resultado orzamentario axustado	29.236.516,07	30.221.683,45
Aforro Neto artigo 53 TRLRFL	30.800.821,26	31.855.019,87
Saldo de operacións correntes	34.185.539,30	35.217.737,91
Saldo de operacións ordinarias (nivelación interna)	33.153.610,56	34.185.809,17
Saldo orzamentario de operacións non financeiras	-5.118.062,40	-1.845.284,19
Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento	-6.609.945,80	-3.741.475,63
Regra de gasto (límite de gasto – gasto computable)	-18.514.737,77	-13.504.563,89
<b>Magnitudes representativas da situación financeira</b>		
Remanente de Tesourería Total	132.336.337,94	145.144.039,94
Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	76.489.706,16	80.609.468,62
Tesourería	78.468.136,97	89.971.618,35
Obrigas pendentes de pagamento do orzamento corrente	11.941.554,08	11.970.105,42
Obrigas pendentes de pagamento dos orzamentos pechados	0,00	358,72
Coefficiente de endebedamento (débeda viva/ingresos correntes)	0,00 %	0,00 %
Período Medio de Pagamento global	Inferior ao prazo legal	Inferior ao prazo legal

Se temos en conta unha visión máis ampla da que existe a avaliación do cumprimento anual das regras fiscais, e consideramos os criterios e magnitudes cuxa combinación define a situación de sustentabilidade dunha Entidade Local a medio e longo prazo, e que son os que se definen a continuación:

1. Como variable áncora e indicador de sustentabilidade financeira, a cociente de débeda viva sobre ingresos correntes.
2. Como indicador de sustentabilidade da débeda comercial, o remanente de tesourería para gastos xerais.

3. Como alerta da morosidade na débeda comercial, o período medio de pago a provedores.

Podemos concluír que o Concello de Vigo non presenta problemas ou riscos de sustentabilidade a medio e longo prazo, mantendo unha situación financeira saneada.

Causas do incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

O incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto no exercicio 2018, produciuse como consecuencia de aplicar ao peche de 2018 a totalidade do importe da liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos na Avda. de Beiramar en Vigo por un importe de 35.214.290,04 euros, operación non recorrente que non se replicará en futuros exercicios, dos que 23.614.920,04 euros financiáronse a través de modificacións orzamentarias financiadas con Remanente Líquido de Tesourería. Destes 23,6 millóns de euros, 4 proceden do superávit SEC-2010 obtido na liquidación do ano 2017, polo que non considérase gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto.

Así o crédito orzamentario da aplicación 9330.6220070 “Liquidación contrato Pazo de Congressos” obtívose a través das seguintes modificacións orzamentarias:

1. Modificación Orzamentaria nº 29/2018 baixo a modalidade de crédito extraordinario na que se destinan 8.000.000,00 de euros ao pago da liquidación, dos que 4.000.000,00 proceden do superávit SEC-2010 obtido na liquidación do ano 2017, financiándose na súa totalidade con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería.
2. Xeración de crédito por importe de 2.626.000,00 euros polos recursos obtidos polo alleamento da parcela na que se ubicaba o antigo hotel Samil, nº de inventario 3928.
3. Xeración de crédito por importe de 5.615.168,00 euros polos recursos obtidos polo alleamento ao Consorcio da Zona Franca de Vigo das edificacións coñecidas como “Antigo Rectorado” e “Anexo” sitas nos números 46 da Rúa Areal e 1 da Rúa Oporto.
4. Modificación de crédito nº 94/2018 baixo a modalidade de suplemento de crédito por importe de 15.614.920,04 euros financiándose con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería.
5. Xeración de crédito por importe de 4.000.000,00 euros pola transferencia da XMU por recursos obtidos polo alleamento do Patrimonio Municipal do Solo.

Descontando o pago da liquidación citada e as operacións asociadas ao seu financiamento, a liquidación orzamentaria cumpriría o obxectivo de estabilidade orzamentaria, botando una capacidade de financiamento ou superávit de 19.231.646,41 euros, e tamén cumpriría a regra de gasto, sendo a diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable do exercicio de 5.468.558,15 euros.

Simulación de cálculo da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto sen considerar o pago da liquidación do Auditorio e as operacións asociadas ao seu financiamento.

a) Estabilidade orzamentaria.

<b>INGRESOS (DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS)</b>	<b>CONCELLO DE VIGO</b>	<b>XERENCIA URBANISMO</b>
Impostos Directos	110.306.866,98	0,00
Impostos Indirectos	9.096.860,78	0,00
Taxas e outros Ingresos	42.591.427,98	1.277.719,99
Transferencias Correntes	78.920.695,95	6.065.365,00
Ingresos Patrimoniais	2.643.510,64	41.771,84
<b>Total Ingresos Corrientes</b>	<b>243.559.362,33</b>	<b>7.384.856,83</b>
Enaxenación Inversións Reais	0,00	635.166,79
Transferencias de Capital	3.757.199,58	1.944.998,24
<b>Total Ingresos por Oper. de Capital non Financeiras</b>	<b>3.757.199,58</b>	<b>2.580.165,03</b>
<b>Total Ingresos por Operacións non Financeiras</b>	<b>247.316.561,91</b>	<b>9.965.021,86</b>

<b>GASTOS (OBRIGAS RECOÑECIDAS)</b>	<b>CONCELLO DE VIGO</b>	<b>XERENCIA URBANISMO</b>
Gastos de persoal	61.477.521,34	3.618.224,67
Gastos en bens ctes. e servizos	116.263.999,08	1.408.921,08
Gastos financeiros	0,00	0,00
Transferencias correntes	31.632.302,61	1.325.512,47
Fondo de continxencia	0,00	0,00
<b>Total Gastos Correntes</b>	<b>209.373.823,03</b>	<b>6.352.658,22</b>
Inversións Reais	19.817.208,49	380.155,24
Transferencias de Capital	270.470,75	293.231,62
<b>Total Gastos por Oper. de Capital non Financeiras</b>	<b>20.087.679,24</b>	<b>673.386,86</b>
<b>Total Gastos por Operacións non Financeiras</b>	<b>229.461.502,27</b>	<b>7.026.045,08</b>
<b>Resultado das Operacións non Financeiras</b>	<b>17.855.059,64</b>	<b>2.938.976,78</b>

<b>CONCEPTOS</b>	<b>CONCELLO DE VIGO</b>	<b>XERENCIA URBANISMO</b>
Dereitos Recoñecidos cap. I a VII orzamento corrente	247.316.561,91	9.965.021,86
Obrigas Recoñecidas cap. I a VII orzamento corrente	229.461.502,27	7.026.045,08
<b>a) SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO</b>	<b>17.855.059,64</b>	<b>2.938.976,78</b>
<b>AXUSTES</b>		
Axuste Capitulo 1	-1.850.205,57	0,00
Axuste Capitulo 2	-46.201,81	0,00
Axuste Capitulo 3	-2.532.505,72	-147.796,82
Axuste por Impostos cedidos e FCF	3.094.161,62	0,00
Gastos do exercicio pend. aplicar ao orzamento	-157.131,92	0,00
Axuste por devolucións de ingreso pendentas de aplicar	0,00	0,00
Outros	0,00	0,00
<b>b) TOTAL AXUSTES</b>	<b>-1.491.883,40</b>	<b>-147.796,82</b>
<b>c) CAPACIDAD/NECESIDAD DE FINANCIACIÓN (a + b)</b>	<b>16.363.176,24</b>	<b>2.791.179,96</b>

Entidade	Ingreso non financeiro	Gasto non financeiro	Axustes propia entidade	Axustes por operac. internas	Capacidade/ Necesidade de financ.
Concello Vigo	247.316.561,91	229.461.502,27	-1.491.883,40	0,00	16.363.176,24
Xerencia Urbanismo	9.965.021,86	7.026.045,08	-147.796,82	0,00	2.791.179,96
Fundación Marco	795.811,53	758.527,13	0,00	0,00	37.284,40

Fundación Vigo Convention Bureau	481.670,07	451.840,64	0,00	0,00	29.829,43
FAIMEVI	22.818,48	12.642,10	0,00	0,00	10.176,38
<b>CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO</b>					<b>19.231.646,41</b>

b) Regra de gasto.

CONCEPTO	CONCELLO	XERENCIA URBANISMO
Empregos non financeiros excepto intereses débeda	229.461.502,27	7.026.045,08
AXUSTES según o SEC		
(-) Alleamento inversións reais	0,00	-635.166,79
(+/-) Inversións realizadas por conta doutra AAPP	0,00	0,00
(+/-) Execución de avais	0,00	0,00
(+) Achegas de capital	0,00	0,00
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	0,00	0,00
(+/-) Gastos do exerc. pendentes de aplicar ao presuposto	157.131,92	0,00
(+/-) Gastos pendentes de aplicación conta 555	0,00	0,00
(+/-) Pagos a socios privados no marco das Asoc. Público Priv.	0,00	0,00
(+/-) Adquisicións con pago aprazado	0,00	0,00
(+/-) Arrendamento financeiro	0,00	0,00
(+) Préstamos	0,00	0,00
(-) Mecanismo extraordinario de pago a provedores 2012	0,00	0,00
(-) Pagos a outras AAPP vinculadas ao financiamento global da súa actividade (MAIV, ELM Bembrive)	-452.183,27	0,00
Total axustes SEC	-295.051,35	-635.166,79
Empregos non financeiros SEC excepto intereses débeda	229.166.450,92	6.390.878,29
(-) Pagos por transferencias y otras operacións internas	6.958.400,00	1.465.471,47
Transferencia á Xerencia Municipal de Urbanismo	5.823.400,00	0,00
Transferencia á Fundación Marco	605.000,00	0,00
Transferencia á Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía	0,00	0,00
Transferencia á Fundación Laxeiro	80.000,00	0,00
Transferencia á Fundación Liste	125.000,00	0,00
Transferencia á Fundación Vigo en Deporte (VIDE)	125.000,00	0,00
Transferencia á Fundación Vigo Convention Bureau	200.000,00	0,00
Transferencia ao Concello de Vigo	0,00	1.465.471,47
(-) Gasto financiado con fondos finalistas da UE e AAPP	10.350.396,87	346.237,62
UE	387.499,23	0,00
Estado	1.437.942,03	57.561,48
Comunidade Autónoma	4.600.473,08	288.676,14
Deputacións	3.924.482,53	0,00
Total de Gasto computable do exercicio	211.857.654,05	4.579.169,20
Diminución gasto computable por IFS (DA 8 LO 9/2013)	7.412.468,42	0,00
Gasto computable a efectos de verificar o cumprimento da regra	204.445.185,63	4.579.169,20

Entidade	Gasto máximo admisible Regla de Gasto				Gasto computable liquidación 2018(5)
	Gasto computable Liquid. 2017 (1)	(2) = (1)*(1+TRCPIB)	(+/-) Recaudación por cambios normativos 2018 (3)	Límite regla de gasto (4)=(2)+(3)	
Fundación Marco	823.266,02	843.024,40	0,00	843.024,40	757.094,27
FAIMEVI	360.923,43	369.585,59	0,00	369.585,59	12.608,36
Concello de Vigo	201.713.759,81	206.554.890,05	2.348.679,86	208.903.569,90	204.445.185,63

Vigo Convention Bureau	398.623,57	408.190,54	0,00	408.190,54	451.840,64
Xerencia Urbanismo	5.068.443,18	5.190.085,82	0,00	5.190.085,82	4.579.169,20
Total Gasto comput.	208.365.016,01	213.365.776,39	0,00	215.714.456,25	210.245.898,10

TRCPIB 2018	2,40 %
Diferencia entre el límite de la Regla de Gasto y el Gasto computable liquidación 2018 (4)-(5)	5.468.558,15
% Incremento gasto computable en 2018 sobre 2017 (6)=\$((5)-(1))/(1)	0,90 %

## Contido do PEF.

A regulación sobre o contido do Plan Económico-Financeiro atópase nos artigos 21 da LOEOSF e 9 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LOEPSF, e a súa concreción no Manual da aplicación PEFEL2, elaborado polo MINHAPF sobre o modelo de plan económico financeiro desenvolto en aplicación do art. 21 da lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que ten por obxecto facilitar a elaboración e remisión de os Plans Económico Financeiros (PEF) de acordo o disposto no art. 5 da Orde HAP/2015/2012, mediante a introdución dun modelo único e normalizado de PEF para o subsector Administración Local, a elaborar en caso de incumprimento das regras fiscais previstas en a LOEPSF, garantindo o contido proposto no art. 21.2 da LOEPSF, así como polo disposto no art. 9.2 da orde HAP/2105/2012, cunha correcta adaptación ás particularidades das corporacións locais.

Neste sentido, o PEF incorpora os seguintes aspectos:

- a) Causas do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do incumprimento da regra de gasto, concretadas no rexistro e aboamento do importe da liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos.
- b) Diagnóstico da situación. Magnitudes obtidas na liquidación do orzamento do ano 2018.
- c) Tramitación e contido.
- d) Previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos, considerando as porcentaxes de execución dos exercicios anteriores.
- e) Previsión de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto dos orzamentos proxectados dos anos 2019 e 2020, baixo a premisa de que non se adoptan medidas para a corrección dos desequilibrios, xa que éstos producíronse exclusivamente como consecuencia dunha operación puntual ou atípica, non recorrente, imputada integramente no exercicio 2018, sen efecto nos exercicios posteriores. O cumprimento do límite de débeda, as magnitudes de aforro bruto e neto, a estimación dos saldos de tesourería e o remanente de tesourería.

f) Conclusións.

Medidas a adoptar para corrixir a situación.

Como temos visto, no PEF proposto non se adoptan medidas para a corrección dos desequilibrios, xa que éstos producíronse exclusivamente como consecuencia dunha operación puntual ou atípica, non recorrente, imputada integramente no exercicio 2018, sen efecto nos exercicios posteriores.

Neste sentido, na contestación á consulta número 56 do documento: "Aplicación de la normativa de estabilidad presupuestaria a las entidades locales. contestaciones a las consultas más frecuentes" (1ª edición, marzo de 2018) elaborado pola Subdirección General de Estudios y Financiación de Entidades Locales de la Secretaría General de Financiación Autonómica y Local del MINHAFP, prevé, para este tipo de supostos que: *"Sin embargo, a pesar de tener que elaborarlo, el origen del incumplimiento no es estructural, es más, se deriva de la aplicación de la normativa presupuestaria local y de la utilización de los "ahorros" de la entidad local, por lo que las medidas de ajuste en realidad no existirían."*

Conclusións.

- I. Como consecuencia do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2018, en aplicación do artigo 21 LOEPSF, o Concello de Vigo debe formular un Plan Económico-Financeiro que permita o cumprimento dos citados obxectivos e regras fiscais, iniciándose no presente exercicio 2019 e finalizando no exercicio 2020.
- II. O PEF, unha vez aprobado polo Pleno da corporación, de acordo co disposto no artigo 23.4 LOEPSF, deberá ser remitido ao órgano competente da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva, dado que o Concello de Vigo atópase comprendido no ámbito de aplicación do artigo 111 TRLRHL e, no noso caso, a Xunta de Galicia ten competencias para o exercicio da tutela financeira das entidades locais.
- III. Mediante o PEF proposto, considerando unicamente as previsións tendenciais de ingresos e gastos, sen necesidade de adoptar medida algunha, as liquidacións orzamentarias correspondentes aos exercicios 2019 e 2020 cumprirían os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como a regra de gasto, polo que se da cumprimento ao disposto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 19.02.2019, aproba dita proposta.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión extraordinaria e urxente do 20.02.2019, ditamina favorablemente a proposta.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: De novo, agora se imos falar da herdanza Sra. Muñoz, e de como este goberno soluciona os problemas que herda doutro partido político, por certo, moi próximo a de vostede, non sei se do mesmo partido político ou non, pero no ano 2006 cando gobernaban outros, cando gobernaba o Partido Popular formalizouse esa concesión de obra pública a favor dunha sociedade privada para construír e xestionar o Auditorio Mar de Vigo, ao amparo tamén dunha lei do Partido Popular, que era a Lei de contratos do ano 2000 que aprobou o goberno do Partido Popular e que favorecía indubidadamente aos contratistas, que favorecía ás empresas, eses polbos traen estes lodos porque dende o ano 2013 a sociedade concesionaria ven solicitando un reequilibrio económico ao que este goberno vense opoñendo tanto na vía administrativa como na vía xudicial pero que concluíu coa resolución do contrato no ano 2018, esa resolución de contrato e ao amparo desa Lei do Partido Popular obrigábanos a pagar unha indemnización que vostede mesma cifraba en case 80 millóns de euros, saía na prensa dicindo que íamos ter que pagar non sei canto, discurso tremendista e que nós conseguimos reducir a unha indemnización moi por debaixo deses 74 millóns de euros que nos solicitaban, 35 millóns de euros que se pagan integramente cos aforros que ten este Concello, polo tanto, cos aforros de toda a cidadanía, aforros que veñen dos remanentes e do superávit que fomos reservando xa para a posible indemnización a pagar por este rescate desta concesión que vostedes como outras fixeron no ano 2006, por certo, esta situación de rescate non é nova, tamén as estradas radiais de Madrid fixeron que propio Estado incumprira o Teito de Gasto, foi a única vez que o Estado incumpriu o Teito de Gasto e o ministro de Facenda daquel entón dicía que era unha cuestión conxuntural, por certo, o mesmo que di a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, trátase dun gasto conxuntural, non estrutural e que no propio informe da autoridade fiscal de responsabilidade, a autoridade independente, de responsable fiscal, di que o propio Concello de Vigo



reconduce neste ano 2019, polo tanto, o propio organismo supervisor das contas públicos de tódolos concellos, de tódalas administración públicas, recoñece tamén a nosa capacidade para facer con cargo aos aforros unha boa xestión desa indemnización que como dicía tivemos que facer fronte reducindo extraordinariamente o importe solicitado pola concesionaria, polo tanto, adquirindo, podemos dicir a prezo de ganga un Auditorio 100% público para toda a cidade, este Auditorio 100% público, cheo de actividade, 100% para os vigueses, cun aforro nesa indemnización como así se advirte, por certo, nos informes que acompañan ao pago de indemnización como así se di, un aforro extraordinario para as arcas públicas municipais e non só iso senón porque nos aforramos nada e máis e nada menos que nos próximos anos os alugueres pola disposición deste magnífico Auditorio, aforrámonos tamén os custos de mantemento desa instalación e facemos outros aforros tamén eventuais no posible pago de intereses de xuros pola posible indemnización. Polo tanto, aspectos positivos que permiten facer dun problema herdado doutro goberno, este goberno con cargo aos aforros que fomos reservando, facemos este colchón para ter un Auditorio 100% público. Miren, vouullo explicar tamén noutros termos é como se unha familia que ten aforro, decide destinar os seus aforros a facer unha adquisición dun inmovible, tan sinxelo como iso, polo tanto, sen custe adicional para a cidadanía, por iso, este pez é máis unha cuestión nominal que real, porque é un pez sen medidas, así se di expresamente, porque non supón nada para a cidadanía porque a xestión que fixo este goberno foi precisamente para evitar calquera medida adicional para os cidadás, temos un Auditorio 100% municipal, público sen custe adicional para os cidadáns.

SR. PÉREZ CORREA: Eu falando coloquialmente, “lo flipo” e ademais creo que é increíble algunhas das cuestións que vostedes e sen ningún tipo de reparo son capaces de poñer nun documento como digo eu “onde hai documentos calan as barbas” e creo que bastante pouco tempo imos poder ter para abordar isto que tería que ser abordado nunha comisión de investigación de moitos meses. Ademais vostedes, por certo, iso é como funciona a democracia, xa sei que é unha cuestión menor nalgunhas prácticas que ten este goberno local pero é unha práctica bastante habitual pero ademais o Partido Socialista en moitos concellos, Rivas-

Vaciamadrid o propio Concello de Madrid, soe habilitar esas comisións de investigación precisamente para estas cuestións, con respecto aos orzamentos, curioso os do non, volveron vostedes a reeditar esa cuestión de os do non, é que non o dicimos nós, é que o di o Interventor que está aí sentado, e a imputación ao Orzamento do ano 2008, o auto, do Xulgado Mercantil Nº 3 de Pontevedra en Vigo a Resolución do Contrato do Pazo de Congreso, a liquidación orzamentaria 2018 non, di non, da cumprimento ao principio de estabilidade orzamentaria, xa está, non o dimos nós, dio a propia documentación que vostedes manexan, pero é que iso se traslada a que obviamente e xa digo, incumpran vostedes este teito de gasto como quixo facer Madrid, para facer unha rede de gardería municipais, para facer unha política de investimentos e que veña o Sr. Montoro, neste caso non viría o Sr. Montoro e que lle meta unha intervención e lle esixa un Plan Económico Financeiro, incumpran dende o punto de vista unha forza progresista pero non incumpran para tapar responsabilidades políticas, vostedes ademais miren, no informe fan unha elipse temporal magnífica porque vostedes din que entre o ano 2006 que a Xunta de Goberno acordou o contrato e entre o ano 2013 non pasou nada, vostedes din aquí que non pasou nada, vostedes non din que no ano 2008 a Xunta de Goberno Local, quen estaba no 2008? a UCD? Non estaban vostedes, no ano 2008 a Xunta de Goberno Local autoriza o modificadorio da obra que xa temos un problema enriba da mesa, retira 20.000 metros de superficie comercial que formaban parte, para min discutibles, do que se lle vende as empresas que van a participar como retorno económico da explotación e ademais de dicir que Vigo necesitaba unha serie de prazas de rotación nun aparcadoiro que eu xa o dixen moitas veces, só falla que apareza pola noite a nena da curva, o aparcadoiro máis sinistro de todo Vigo que é o Auditorio de Vigo que nin sequera fan falla máis prazas de rotación, ampliaron a concesión a 60 anos e esa decisión tomouse aquí, polo tanto tiña que estar no expediente, todas e cada unha das cousas que pasan entre o ano 2006 e entre que a empresa solicita o concurso de acredores, todas e cada unha elas, excluindo as decisións tomadas polo goberno do Partido Popular, son súas, e non aparecen neste expediente e si aparecen no informe do administrador concursal como un dos motivos que substancian que os modificadorios, os cambios, por non falar das inxeccións de cartos públicos para intentar salvar ao morto, estamos a falar dese medio millóns de euros anuais que

se lle da a unha empresa para facer un festival de bandas tributo e unha programación cando menos discutible pero que ademais di que non nos custa nada, voulle dicir algo que me parece indecente e que si nos custa, que vostedes estean liquidando para tapar isto patrimonio municipal do solo que podía ser empregado en vivendas de emerxencia para os centos de familias que mensualmente son lanzadas das súas casas, e eu preguntei durante tres anos que se fixeron cos 4 millóns de euros que se ingresaron por venda de solares e por venda das 23 vivendas de Rosalía de Castro e téñome que decatarse de tapadillo que aquí hai 4 millóns de euros desa venda que van acabar en mans dunha empresa privada porque vostedes xestionaron rematadamente mal un Auditorio e iso está aquí, ademais de poñernos venda do hotel Samil que obviamente e venda patrimonial que podía adicarse precisamente a un parque municipal de vivendas, unha política activa de vivenda ante unha situación de emerxencia social que hai nesta cidade pero que ademais poñen o conto da leiteira imputando a venda do edificio do Reitorado e logo dicir que non nos custa nada, cando parte destas cuestións tamén saen do superávit si que xa nos custou porque son cartos que saen, aínda sexa do pago de impostos, aínda que sexa das transferencias das comunidades autónomas, do Estado central, por exemplo, o IVE xa nos custou, porque nós pagamos, puxemos recursos económicos, os vigueses/as, para que se fixera unha política determinada nun exercicio, non digan que non custa nada porque isto ademais, logo van a ter o custes estruturais de mantemento que aínda teñen vostedes que dicirnos canto custa manter este Auditorio e pedímoslle por favor que non o volvan a concesionar, que o fan moi mal e que volva a ser 100% público.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que tivemos que esperar moi pouco Sr. Aneiros para que vostede se teña que desmentir a vostede mesmo e despois da película bonita que nos contou no primeiro punto agora estamos na crúa realidade e é que o Concello de Vigo e as súas contas incumpriron o obxectivo de estabilidade orzamentaria e aquí temos un Plan Económico Financeiro de Reequilibrio que hai que presentar e hai que aprobar, esa é a realidade e a realidade é que este Plan Económico Financeiro de Reequilibrio tense que presentar porque tivemos que facer fronte a unha indemnización millonaria de 35

millóns de euros, xa sei que vostede me dirá que non, que son invencións do Partido Popular, pois mire, non porque desgraciadamente o tempo estamos a dar a razón en tódalas e cada unha das cousas que fomos advertindo ao longo desta lexislatura, porque cando nós lles dicíamos que había que tomar medidas para que o Auditorio de Vigo non quebrara, vostedes negaban que ía quebrar e dicían que o Partido Popular se estaba montando unha película e ao final o Auditorio quebrou cando dende o Partido Popular dixemos que vostedes estaban utilizando e inventando ingresos no presuposto para poder facer fronte a esa indemnización millonaria, vostedes tamén dixeron que nos mentímos e o feito de que vostedes incumpriron o obxectivo de estabilidade orzamentaria é a principal mostra e proba de que isto é exactamente así porque para pagar eses 35 millóns de euros non só lle quitaron cartos de execución de obras necesarias para tódolos vigueses/as que están pagando elos a súa nefasta xestión do Auditorio Mar de Vigo e iso que xa fomos pagando moitos millóns de euros ao longo de todos estes anos porque vostedes só respondían coa chequera o que era unha evidente incapacidade de xestión, pero é que ademais vostedes e quero que conste en acta porque as actas son moi importantes e son clave para moitas persoas, para nós tamén, vostedes pintaron ingresos para facer fronte a este pago porque se contabilizaron o ingreso da venda do Rectorado, unha venda que aínda non se fixo e polo tanto, vostedes contabilizaron un ingreso cando non podían, seguen vostedes pintando ingresos, seguen vostedes falseando as contas públicas, pero é que a consecuencia deste Plan Económico Financeiro de Reequilibrio e me gustaría tamén igual que escoitei ao Alcalde dicir como este Plan é polo incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, que supón? Supón que o Concello de Vigo vai estar baixo a tutela financeira da Xunta de Galicia, non o di o Partido Popular, dio a lei que di que cando un concello non cumpre coas súas obrigas entra en tutela financeira e quen ten que aprobar este Plan de Reequilibrio? A Xunta de Galicia que é onde vai recibir este Plan unha vez o aprobemos neste Pleno porque dio a lei, xa sei que vostedes negarán a maior, xa sei que vostedes volverán a mentir pero verémolo proximamente como entrará na Xunta de Galicia, polo tanto, vostedes conseguiron o premio, estamos tutelados pola Xunta de Galicia, esa administración que para vostedes é a orixe de tódolos males. Pero ademais é que este Plan Económico Financeiro de Reequilibrio volvérono vostedes a falsear os datos, porque din que

todo vai seguir todo igual, que todo é marabilloso e que non vai haber ningún gasto extraordinario á vista do ano 2019 e miren, quérolle lembrar porque é unha sentenza que fallou en contra súa hai uns días porque dálle a razón a Cocheras Olívicas e porque lles din que vostede ten que pagar outra vez unha indemnización de 17 millóns de euros que van ter que pagar os vigueses e dio o informe do interventor a liquidación de Cocheras Olívicas implica facer fronte a unha indemnización de 17.680.110 euros, polo tanto, están vostedes falseando o Plan de Reequilibrio porque neste ano imos ter que facer fronte a unha indemnización máxima non vaia ser que ao final aforren uns euros, máxime de 17 millóns de euros e iso é consecuencia tamén da súa mala xestión, porque vostedes poden culpar ao Partido Popular do que queiran, pero levan 12 anos no goberno, no que foron incapaces de arranxar ningunha cousa e todo o contrario, empeoraron. Pero mire, Sr. Aneiros, vostede preguntaba que Vigo quere o Partido Popular, pois nós queremos un Vigo onde os vigueses non estean afogados por impostos, onde non haxa clientelismo político, onde haxa medidas de apoio ao comercio, ao turismo, á cultura, á política social e aos que máis o necesitan que están abandonados, queremos un Vigo onde non hai vigueses bos e malos etiquetados en función de si critican ou non ao Sr. Alcalde de Vigo e se atreven a críticoalo, queremos un Vigo onde haxa aire limpo no Concello e non se condenen a funcionarios públicos á cárcere por enchufar a familiares do goberno local, ese é o Vigo que quere o Partido Popular e por ese Vigo pelexaremos.

SR. ANEIROS PEREIRA: Voulle a contestar, vostedes falaban de que medidas adoptou este goberno, pois no ano 2013 nos opuxemos ao requirimento feito pola sociedade concesionaria, gañamos a sentenza no ano 2015 dándonos a razón polo que fixemos durante este tempo, tamén fixemos un requirimento ao consello de administración dos accionistas da sociedade concesionaria no ano 2016 para recapitalizar a sociedade de acordo co prego e fixemos a oposición oportuna nos recursos xudiciais durante o ano 2018, todo o tempo traballando para solucionar que? Un problema herdado de vostedes, do ano 2006, polo tanto, sempre adoptando medidas en defensa dos intereses da cidade, nós, o goberno municipal fronte a vostedes que en lugar de apoiar estaban poñéndose en fronte dos intereses da cidade e do goberno municipal. Pero mire, hai cousas que tamén son

moi graves das que vostedes din, iso de pintar ingresos, pero iso en que cabeza cabe, tal vez vostede fíxoo algunha vez porque tal vez vostede descoñece, hai que dicilo así, o que din as normas de contabilidade, o que din o Plan Xeral de Contabilidade Pública, o que di o artigo 181 da Lei de facendas locais, que di que cando hai un dereito hai que recoñecelo porque precisamente iso é o máis transparente, claro que vostedes de transparencia non saben nada, para vostedes a transparencia é un estilo de vestir, non é un modo de actuar nunha administración pública, nós somos respectuosos coa legalidade e coa transparencia de acordo coas normas internacionais de contabilidade, co Plan Xeral de Contabilidade Pública, coa Lei de Facendas Locais contabilizamos os ingresos cando nos obriga a normativa legal en vigor, por iso contabilizamos os 2,6 millóns de euros do hotel Samil, por iso contabilizamos a venda do edificio do Rectorado. Pero mire, tamén outra falacia das que vostedes presumen, que lla desmonto agora mesmo lendo o que di o Ministerio de Facenda no ano 2018, en concreto a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local que di referente aos plans “a pesar de tener que elaborarlo” refírese ao Plan Económico, “el origen del incumplimiento no es estructural es más, se deriva de la aplicación de la normativa presupuestaria local y de la utilización de los ahorros de la entidad local, por lo que las medidas de ajuste en realidad no existirán”, polo tanto, o que di o Ministerio de Facenda é o que dicimos nós, é un plan sen medidas, un plan sen máis interese que a mera aprobación para cumprir a legalidade, como fai este goberno sen medidas adicionais para a cidade, sen custe adicional para a cidade, facendo un auditorio 100% público e solucionando os problemas que herdamos doutros gobernos moi próximos a vostedes, Sra. Muñoz, debería de estar agradecida a este goberno.

**VOTACIÓN:** Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e oito votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo

Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señora e señor López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan SIN MEDIDAS ADICIONAIS, por un gasto non recorrente, do Grupo Concello de Vigo que rexerá para o ano 2019 e 2020, que ten como resultado dar cumprimento aos obxectivos previstos para a Liquidación do Orzamento do ano 2019/2020 en canto á Estabilidade Orzamentaria e a Regra de Gasto.

SEGUNDO.- O documento aprobado para o perímetro de consolidación, debe ser a incorporado á plataforma do MINHAC, co aplicativo habilitado (PEFEL2), que facilita a súa incorporación dando así cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012 e artigo 116 bis da Ley Reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRO.- A competencia para a aprobación do plan correspóndelle a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, por ser o órgano que ten a tutela financeira regulada no artigo 49 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia.

CUARTO.- En aplicación do previsto no artigo 9.3 da Orde HAP/2105/2012, a información a subministrar para o seguimento das medidas previstas farase antes do día 15 do primeiro mes seguinte ao do trimestre.

Si ben a remisión hai que facela á Xunta de Galicia, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia por ter a tutela financeira.

QUINTO.- Ao non ter medidas de seguimento e control, o plan quedará suxeito a que se de cumprimento aos obxectivos fixados para a Liquidación do Orzamento do ano 2019/2020. No entanto o anterior, o Concello quedará suxeito á remisión de información que solicite a Consellería de Facenda que non estea publicada e remitida por canles oficias a outras administracións así como aos controis trimestrais.

SEXTO.- De concorrer algún gasto extraordinario non previsto no plan, que afectase ao cumprimento das variables fiscais, sería necesario facer os axustes nas previsións, execución e recadación se fose o caso, e comunicalo ao MINHAC á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Se a mesma é de un maior gasto, haberá que adoptar acordo de non dispoñibilidade para compensar o exceso non previsto.

SÉTIMO.- O pleno da Corporación deixará sen efecto o plan cando se alcance o equilibrio en fase de liquidación, polo que de cumprirse as previsións, xuntamente

coa Liquidación do ano orzamento do ano 2019, terase que deixar sen efecto.

**4(15).- APROBACIÓN INICIAL DA ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO DE BENS INTEGRANTES DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO (PMS). EXPTE. 1980/433 (REXISTRO PLENO 1968/1101).**

ANTECEDENTES: Con data do 31.01.2019, a técnica de Administración Xeral da oficina de Vivenda e Solo, co conforme do Secretario e do Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta,

“ANTECEDENTES

Os concellos e a Administración autonómica, en colaboración con eles, deberán constituír os seus respectivos patrimonios públicos do solo coa finalidade de obter reservas de solo para actuacións de iniciativa pública, contribuír á regulamentación do mercado de terreos destinados ao desenvolvemento urbanístico e facilitar a execución da ordenación territorial e urbanística no marco das súas competencias respectivas (art 132 Lei do solo de Galicia, en adiante LSG).

Segundo o establecido no artigo 134 LSG, os bens do patrimonio público do solo constitúen un patrimonio diferenciado dos restantes bens da administración titular e deberán ser destinados a algún dos fins establecidos polo art 134.1 da dita lei.

O art. 32.1 da Lei 33/2003 de patrimonio das administracións públicas (básico ao abeiro da súa Disposición Final segunda) establece a obriga das Administracións Públicas de formar inventario dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio. Do mesmo xeito o art. 86 do Texto Refundido de Réxime Local (TRRL) establece que as entidades locais teñen a obriga de formar inventario valorado de tódolos bens e dereitos, que deberá retificarse anualmente e sempre que se renove a Corporación. Engádese polo art. 17 do RBEL, que se comprenden todos os bens e dereitos “calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición”.

Mediante acordo plenario do 29.10.2012, o Concello de Vigo aprobou inicialmente o Inventario do Patrimonio Municipal do Solo. Este acordo, tras ser sometido a información pública (BOP núm. 228, 27.11.2012), entendeuse aprobado con carácter definitivo por non terse presentado reclamacións.

Ao longo destes últimos anos, este inventario do patrimonio municipal do solo do Concello de Vigo, veuse alterado por mor da adquisición e venda de diferentes inmobles. A data de hoxe é necesaria a súa actualización e ao abeiro do artigo vixésimo dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, a Xerencia realizará e manterá actualizado permanentemente un inventario dos



elementos integrantes do seu patrimonio, no que se fará constar a súa natureza, situación xurídica, valoración actualizada anualmente e o destino. O seu inventario será remitido anualmente ó Concello para a súa integración no Inventario de Bens do Concello.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Bens integrantes do PMS:

Segundo o disposto no artigo 133 LSG, integran o patrimonio municipal do solo os seguintes bens:

a) Os terreos e edificacións obtidos en virtude das cesións correspondentes á participación da Administración no aproveitamento urbanístico e os adquiridos cos ingresos derivados da substitución de tales cesións con pagamentos en diñeiro ou en especie.

b) Os terreos e edificacións adquiridos, en virtude de calquera título e, en especial, mediante expropiación, pola administración titular co fin da súa incorporación ao correspondente patrimonio público do solo.

c) Os ingresos obtidos mediante o alleamento de terreos incluídos nos patrimonios públicos do solo.

d) O equivalente económico da cesión relativa ao aproveitamento correspondente á Administración.

Incorpóranse nesta modificación puntual, inmobles que se atopan nestes supostos, segundo así se desprende dos antecedentes de cada un deles.

### II. Aprobación da actualización do Inventario de bens integrantes do PMS:

#### a) Natureza do inventario

O inventario de bens constitúe un instrumento de garantía do patrimonio das administracións públicas, que debe servir para a súa conservación e defensa, facilitando ao mesmo tempo o exercicio de distintas potestades administrativas sobre os bens das administracións.

Respecto da natureza do inventario, a xurisprudenza tense pronunciado rotundamente respecto do carácter non constitutivo do mesmo. Neste senso, o Tribunal Supremo sinalou que o Inventario Municipal é un mero rexistro administrativo que, por sí só, nin proba, nin crea, nin constitúe dereito algún a favor das Corporacións, sendo máis ben un libro que serve de recordatorio constante para que a Corporación exercite as facultades que lle correspondan (Sentencia de 9 de xuño de 1978). Aunque a constancia dun ben no inventario “pode constituir e de feito constitúe un feito, un principio de proba da súa posesión por ente público, así como da súa titularidade” (STS de 20/06/2007 e 21/05/08).

Isto é, o inventario é un rexistro interno, un medio cualificado de concreción e actualización de bens dos que é titular a entidade local, sen que se lle poda

outorgar similar entidade á que posúe o rexistro da propiedade, que consonte co art. 605 do Código Civil e do art 1 da Lei Hipotecaria, ten por obxecto a inscrición e anotación de actos e contratos relativos ao dominio e demais dereitos reais sobre bens inmobles, e serve ao tráfico xurídico de bens inmobles dando seguridade xurídica e publicidade coa fe publica rexistral. Os asentos rexistrais producen tódolos seus efectos mentres non se declare a súa inexactitude: presúmese que o inscrito no Rexistro da Propiedade se corresponde coa realidade mentres non se demostre o contrario (art. 38 e 198 a 220 da Lei Hipotecaria, e artigos 173 e ss. do Regulamento Hipotecario).

Nembargantes, o Inventario pode e debe ser utilizado como medio de proba documental, dado o singular valor de proba dos documentos elaborados polos funcionarios ([art. 1216 CC](#)). Tampouco debe olvidarse que a certificación do/a Secretario/a, con referencia ao Inventario de bens, serve para que os bens naquel inscritos accedan ao Rexistro, constituíndo un medio excepcional de inmatriculación (art 36.2 RB).

#### b) Regulación xurídica

A presente modificación puntual do IPMS consiste na incorporación (altas), baixas e retificacións, sobre o inventario xa aprobado no ano 2012 e modificado de xeito puntual no ano 2017; non se inclúe a actualización xeral dos datos das parcelas xa inventariadas que esixe un traballo máis polo miúdo a realizar na correspondente revisión xeral do mesmo.

A obriga de formar inventario de todos os bens e dereitos que lle pertencen a este concello, ven imposta pola lexislación indicada nos antecedentes deste informe.

O inventariado de bens inmobles debe realizarse co contido mínimo do art 20 do RB.

A retificación do inventario verificarase anualmente (art 33 RB), recolléndose as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa, consignándose ao efecto adquisicións, alleamentos, permutas, servidumes, etc. Como é natural, esta retificación anual ou ordinaria en nada impide as posibles retificacións ou actualizacións que podan proceder en virtude dos procedementos de revisión que deban de incoarse en cada caso.

Segundo o art 82 da LPAP, os actos de afectación, mutación demanial, desafectación, adscrición, desadscrición e incorporación faranse constar no correspondente inventario patrimonial.

O artigo vixésimo, apartado terceiro da modificación dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo para a súa adaptación a lexislación vixente aprobada polo Concello-Pleno de Vigo o 6/09/2010 (BOP 6/10/2010) establece, en concreto, que a Xerencia realizará e manterá actualizado permanentemente un inventario dos elementos integrantes do seu patrimonio, no que se fará constar a súa natureza, situación xurídica, valoración actualizada anualmente e o destino. Engade o citado precepto que o referido inventario será remitido anualmente ao Concello para a súa integración no Inventario de Bens do Concello.

O Inventario debe actualizarse continuamente, sen prexuízo da súa retificación anual.

### c) Procedemento

En canto ao procedemento de elaboración, retificación anual e incorporacións puntuais, nada dí nin o TRRL nin o RB. Non existe un procedemento específico para as incorporacións puntuais, xa se trate de bens patrimoniais, xa de bens de dominio público.

É por isto que, se acudimos as regras xerais de procedemento administrativo (Lei 39/2015) e por mor da propia natureza do expediente, podemos establecer o seguinte esquema procedimental:

- a) Inicio mediante acordo plenario (art 34 RB) da modificación puntual que vai a realizarse sobre o IPMS.
- b) Información pública consonte o establecido polo art 83 da Lei 39/2015.
- c) Aprobación definitiva mediante acordo plenario da actualización do IPMS. No caso de non presentarse alegacións dentro do período de información pública, entenderase aprobada con carácter definitivo.

### III. Inscripción Rexistral:

O art. 36 de la LPAP (lexislación básica) dispón a obriga das administracións públicas de inscribir nos correspondentes rexistros os bens e dereitos do seu patrimonio susceptibles de inscrición.

Conforme á lexislación de Réxime Local (artigo 279 LALGA e artigo 36 RB) os Entes locais inscribirán no Rexistro da Propiedade os seus bens inmoables e dereitos reais, sendo título suficiente a certificación que ao abeiro do inventario aprobado pola respectiva corporación, expida o Secretario, co visto e prace do Presidente da Corporación. Se non existise título inscribible de dominio estarase ao disposto nos artigos 206 da Lei hipotecaria e 303 a 307 do seu Regulamento.

### IV. Competencia:

Consonte co disposto na lexislación de réxime local e nos artigos 2.B), 10.1.j) e 20 da modificación dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo para a súa adaptación á lexislación vixente aprobada polo Concello-Pleno de Vigo o 6/09/2010 (BOP 6/10/2010) é competente para a aprobación do inventario do PMS o Concello-Pleno a proposta do Consello da Xerencia municipal de urbanismo."

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión ordinaria do 7.02.2019, ditamina favorablemente dita proposta.

## DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: Nos estraña que a concelleira de urbanismo que en teoría é a encargada de explicarnos este expediente, non quere intervir supoño que o fará a raíz dos nosos comentarios e da nosa intervención porque o que trae aquí o goberno municipal é a aprobación inicial do Inventario sobre o patrimonio municipal do solo que se aprobou no ano 2012 e que froito das constantes idas e vidas pois hai que actualizalo e tamén hai que facer outras cousas que o Concello non está facendo como o deber de inscribir no Rexistro da Propiedade os inmobles e dereitos que temos, este é un documento que non sabemos si propón ou se dispón, pero o que traemos aquí ou que traen é a actualización, en calquera caso, é certo que o patrimonio municipal do solo está abandonado, está da man de Deus, nunca lles importou o máis mínimo, xamais, vivendas en Navia e en Rosalía desocupadas durante anos, casas que se caen a cachos en Bouzas e tantas e tantas cousas que están abandonadas por aí, e que se fai Sra. Caride? Pois absolutamente nada pero claro iso da traballo, xestionar o Patrimonio municipal do solo da traballo e non sei se lle son suficientes os máis de 80 funcionarios que están na Xerencia de Urbanismo sen Plan Xeral movendo papeis.

Isto é un exemplo da nefasta xestión do Patrimonio Municipal que ás veces consiste en ceder gratuitamente parcelas municipais para que unha empresa construtora poña unha caseta de obra para facer unha obra privada a cambio de nada, de gratis, se lles cede parcelas municipais ás empresas construtoras de Vigo para que fagan obras privadas e en cambio por exemplo aos propietarios dos edificios que queren restaurar a súa fachada ou pintar a fachada se lles cobra a taxa máis alta de España por ocupación de vía pública, por poñer os andamios, ou sexa os pobres penitentes vigueses que teñen que poñer unha fachada na vía pública para que estea máis bonito o seu edificio e máis bonito Vigo, a eses lles cobran vostedes as taxas máis altas de España, pero si ven unha empresa privada, coñecida ou amiga ou o que sexa, pois lle ceden de gratis unha parcela municipal para que poñan as súas casetas de obra, iso é o que pasa coa absoluta discrecionalidade que reina aquí no urbanismo de Vigo e no Concello de Vigo, porque nos últimos anos si é verdade houbo algunhas altas no patrimonio municipal do solo, basicamente de aproveitamentos urbanísticos, as cesións que

nos corresponden como Concello, pero o que si houbo é moitas baixas e moitas vendas de inmobles, porque dende que está o Sr. Abel Caballero aquí se vende todo, véndeo todo por que vendeu o hotel Samil? Por que se vende o Reitorado e o edificio anexo? Díxoo o meu compañeiro da Marea de Vigo, por que se vende o patrimonio municipal? Por que se está a vender o noso patrimonio Sra. Caride? Para pagar o rescate do Auditorio? Entre outras cousas, para pagar o rescate dos aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e de Coia? Entre outras cousas, para pagar a débeda de Etea, porque hai unha débeda coa Etea de máis de 16 millóns de euros con Zona Franca, e por iso todo isto que nos está a contar o magnífico concelleiro de Facenda que di que en Vigo o problema é que non hai ningún problema, fíxese como está o nivel do concelleiro de Facenda, este que falsea as contas, que nos falsea as contas, dicindo que se vende un edificio e computa como ingreso a venda do Reitorado cando todo o mundo sabe que non se vendeu o Reitorado e que seguramente non se venderá, cando todo o mundo o sabe, ademais de desviar eses 4 millóns de euros da Xerencia de Urbanismo que nos verían moi ben para promover vivenda pública, para facer un Plan de Vivenda para o aluguer porque temos en Vigo os alugueres máis caros de España e vostedes se afeitan para arriba, non fan absolutamente nada e para iso se adican vostedes a utilizar o patrimonio municipal do solo, é unha vergoña Sra. Caride, como está o urbanismo e ademais que aínda por enriba senos rían á cara dos vigueses como que non hai ningún problema.

SR. PÉREZ CORREA: Si, pero o Sr. Fidalgo ou almorzou forte ou se nos adiantou moi rápido.

Nós queríamos facer moi brevemente unha cuestión que ten que ver, isto non deixa de ser un inventario, obviamente o concelleiro do Partido Popular quere facer aquí unha intervención sobre unha cuestión que non entra aquí que sería a xestión pública dese inventario e a xestión política dese inventario, que son dúas cuestións diferentes e precisamente sobre iso e sobre o impacto que ten no inventario municipal nós queríamos facer algunha petición, primeiro que se actualice anualmente, xa levamos unha actualización no ano 2017, finais do 2017, practicamente no 2018 e comezamos unha no 2019, pero entre que se aprobou no ano 2012 e o ano 2017 non houbo ningunha xestión polo menos pública de altas e

baixas e un mecanismo de control cidadá do patrimonio, por que? Porque vostedes están sometidos a Lei de transparencia que obriga a facer pública o listado de patrimonio municipal do solo e cando menos debería haber máis información que unha folla de excell na que simplemente se cita o inmovible, a zona, e pouco menos que a situación, digo que no portal de transparencia estaría ben que houbera máis información porque algúns alucinamos, temos un listado de moitos bens que ten o Concello, algúns feitos por permutas, algúns feitos polo aproveitamento lucrativo e convenios urbanísticos, hai de todo, pero hai algúns que son estratéxicos nesta cidade, e no inventario pasan simplemente cunha liña dunha celda de excell simplemente calquera veciño/a ao mellor lle gustaría ter a información máis detallada con respecto a esta cuestión, eu poño un exemplo, por exemplo, o outro día había unha polémica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo polos accesos, é verdade que están colapsadas, unha situación terrible como é os accesos ao hospital do Meixueiro e vostedes tiñan unha parcela, ademais, a colación desas adquisicións vantaxosas para o Concello de Vigo que se fixeron no seu día ao Ministerio de Defensa que entraba o cuartel de Barreiro, que entraba o edificio da Comandancia militar, logo o Reitorado, e agora posiblemente o macro despacho do delegado da Zona Franca e tamén había unha zona do Polvorín que nos estivemos alí vendo os accesos, sería magnífica, non só para as dotacións que necesita esa zona e iso é un ben patrimonial que teñen vostedes aí, cunha modificación que se fixo no seu día no PXOM do 2008, para podelo empregar e tamén creo que é bo que os veciños saiban as características, as taxacións e incluso as ubicacións máis detalladas e non unha folla de excell porque cremos que cando menos sería máis ilustrativo e axudaría tamén a clarificar que se fai co Patrimonio. Eu lembro que no 2017 houbo unha actualización moi grande porque todos eses anos sen mover a aí foron gran parte desas vendas do patrimonio que di o concelleiro do Partido Popular pero cando menos o feito de non tomar en serio a actualización do inventario, o feito de non dar suficiente información significa tamén que é unha mala xestión na cuestión do Patrimonio, evidentemente a hai porque vostedes liquidaron soares, vivendas, simplemente para ter aí un remanente de cartos, en principio para pagar as indemnizacións daquelas persoas que puideran recorrer ás expropiacións da Cidade da Xustiza, unha vez rematado todos eses procesos eses cartos tería que reverterse na xestión do patrimonio, dio

a lei e ademais debería haber un criterio tamén político, os recursos obtidos por vendas de Patrimonio que se adiquen a Patrimonio, que non hai ningunha urxencia máis que dotar de Patrimonio público, xa non só da cuestión que ten que ver coas vivendas de emerxencia, que non son vivendas sociais, iso é outra cousa, que ten competencia para nós exclusiva a Xunta de Galicia, pero no concepto de emerxencia si que actúa na Lei de bases aposibilidade de que os concellos actúen e polo tanto, pedimos que non sexa unha folla de excell, que haxa máis información e que haxa as xeolocalizacións para que calquera veciño/a que accede ao Portal de Transparencia poida ver algo máis que unha liña á hora de abordar a xestión patrimonial.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu creo que en primeiro lugar hai unha confusión, unha cousa é o Patrimonio do Concello de Vigo e outro é o Inventario Municipal do Solo do Concello de Vigo, o Patrimonio Municipal do Solo só se incorpora ou causa baixa por temas que teñen que ver coa xestión urbanística, polo tanto, eses terreos dos que vostede estaba a falar non forman parte do Inventario do Patrimonio Municipal do Solo, son patrimonio do Concello de Vigo, polo tanto, están nunha cuestión diferente, cada ficha do Inventario municipal do solo ten as características dos bens, esa característica está, unha valoración, as características urbanísticas de cada parcela, a descrición detallada de cada parcela, por certo, o que me causa certa sorpresa é que este tema cando o levamos ao Concello da Xerencia de Urbanismo non tivo ningunha intervención por parte nin de Marea de Vigo nin do Partido Popular, claro non hai prensa nin público e aquí sen embargo parece que ten un debate, cuestión curiosa ao menos porque parece un “totum revolutum”, é dicir, o Inventario do Patrimonio Municipal do Solo ten unhas finalidades adicadas por lei e este Concello os adica a elas, por suposto a pagar os terreos expropiados pola Cidade da Xustiza que como saben ben ten sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que di que agora temos que abonar unha indemnización adicional de preto de 400.000 euros por eses terreos e este Concello asume ese custe, tamén, por certo, para poder financiar obras que o Concello está a desenvolver o vai a desenvolver, por exemplo a expropiación de terreos da Avenida de Europa ou do Río Lagares ou a execución desas obras, todo iso legalmente autorizado, porque facer esas obras con cargo ao Inventario do

Patrimonio Municipal do Solo nos permite cada ano financiar as axudas ao aluguer que se fan dende Benestar Social, onde se pagan máis de 1.700 axudas á familias para pagar o seu aluguer que noutro caso serían desafuizamentos por importe preto dun millóns de euros e por outro banda se pagan ademais as axudas puntuais de emerxencia que permiten resolver problemas a máis de 400 familias, polo tanto claro que iso é xestión, pero Sr. Fidalgo eu o que non entendo é a súa proposta, é dicir, hai unha empresa que vai facer unha obra, para facela ten que ocupar a vía pública e cortala, o Concello ten unha parcela ao seu carón e ofrecelle a empresa a ocupación da parcela municipal para intentar evitar que se corte a rúa e vostede está en contra, ou sexa, é o mundo ao revés, para mellorar a xestión de todos, para garantir a mobilidade de todos lle ofrecemos, non é a vía pública, non é ocupación de vía pública, lle ofrecemos que ocupe unha parcela municipal de xeito gratuíto para evitar un problema aos cidadáns, e vostede está en contra, o mundo ao revés.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señora e señor López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a actualización do Inventario dos bens integrantes do Patrimonio Municipal do Solo, coas altas e baixas dos inmobles descritos nos Anexos I e Anexo II e as retificacións indicadas no Anexo III.

SEGUNDO: Someter o presente acordo a información pública de conformidade co disposto no artigo 83 da Lei 39/2015, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) e anuncio no Taboleiro de Anuncios da Xerencia



Municipal de Urbanismo e páxina web do Concello de Vigo, durante o prazo de vinte días hábiles a contar dende o seguinte á publicación no BOP, durante os cales as persoas interesadas poderán examinar o expediente na Xerencia Municipal de Urbanismo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presentasen reclamacións, o presente acordo entenderase definitivamente aprobado.

TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Patrimonio do Concello de Vigo e aos Servizos centrais da Xerencia municipal de urbanismo, aos efectos oportunos.

CUARTO: Proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade de todos aqueles bens que non se atopen inscritos.

QUINTO: Remitir copia á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma unha vez que o acordo sexa definitivo.”

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

## **MOCIÓNS:**

**5(16).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, PARA O CONTROL DA PROLIFERACIÓN DAS APOSTAS ON-LINE E CASAS DE APOSTAS E TOMAR MEDIDAS DE PREVENCIÓN ANTE A LUDOPATÍA. REXISTRO PLENO 1977/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de febreiro de 2019, número 1977/1101, o voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

## "MOCIÓN PARA CONTROLAR A PROLIFERACIÓN DAS APOSTAS ON-LINE E CASAS DE APOSTAS E TOMAR MEDIDAS DE PREVENCIÓN ANTE A LUDOPATÍA

### Exposición de motivos:

Dende hai poucos anos proliferan os anuncios de casas de apostas deportivas on-line na televisión, radio, prensa escrita, internet e redes sociais. Casas de apostas que insiren a súa publicidade en eventos deportivos, especialmente nas retransmisións deportivas e que mesmo chegan a utilizar estrelas do fútbol para animar aos televidentes a que aposten. Un sistema de xogo moito máis aditivo, sen pausas, con bonos «de balde» de entrada, e sobre todo cun inmenso investimento en publicidade, que representa xusto os valores contrarios ás formas máis pausadas e tradicionais de apostar, como a lotaría de Nadal, a quiniela ou os cupóns da ONCE.

Hai 613.812 persoas usuarias activas nas casas de apostas, segundo o último Informe Trimestral do Mercado do Xogo Online, un 13,44% máis que no mesmo segmento de 2016. Non só corresponde ás apostas deportivas, tamén a póker, casino e bingos virtuais. Até setembro de 2017, os operadores gastaron máis de 140 millóns de euros en promocionarse. No conxunto do Estado, hai máis de medio centenar de empresas con licenza no negocio on-line e presencial.

O xogo patolóxico é un trastorno que figura entre as adicións de tipo comportamental nas clasificacións médicas e psicolóxicas. Consiste na perda do control do comportamento en relación ao xogo que se caracteriza por ter graves consecuencias para as persoas como problemas académicos, laborais, económicos, sociais e/ou legais asociados ao xogo.

Non é estrano que nos barrios e localidades con rendas máis baixas, sexa onde as políticas neoliberais causen máis efectos negativos nesta ocasión a través das casas de apostas, ao causar un efecto demoledor sobre estas persoas e o seu entorno, que se chegan a ver sen recursos para o día a día.

Mais, o máis alarmante e a diferenza principal con respecto a hai poucos anos é o efecto que ten sobre a xuventude. Segundo as últimas enquisas, é precisamente a xuventude e sobre todo menores de idade o segmento de persoas usuarias que máis está crescendo. Isto resulta especialmente alarmante, e unha das principais razóns é a consagración do xogo como unha alternativa de ocio, feita a través da normalización deste tipo de publicidade.

Na nosa cidade tamén vimos observando un aumento das casas de xogo nos últimos anos, nas que tamén se usan as modalidades de apostas on-line, e incluso atopámonos con este tipo de “máquinas” mesmo nos bares e restaurantes. Mais o que vai acontecer nos vindeiros meses, debería alertarnos a todas e todos. Por unha banda, a apertura dunha gran casa de apostas en Navia, barrio cuxa pirámide poboacional baséase na xuventude, sendo un dos barrios con poboación máis nova de todo o Estado, e pola outra banda, a apertura dun casino no centro comercial de A Laxe, feito que non deixa de sorprenden, tanto pola argucia legal á hora de permitir o seu desenvolvemento, coma pola falta de clarificación con respecto ás ordenanzas aplicadas nese ámbito. O que dende logo non ten sentido,

é que sexa unha entidade coma Zona Franca que promova isto, non é acorde nin coa orixe construtiva do centro comercial nin co labor que debería ter Zona Franca.

É necesario prohibir a publicidade destes locais e frear a súa expansión a través das ordenanzas ou as normas urbanísticas, implementar medidas de prevención ante a ludopatía, así como, a nivel fiscal, é preciso aumentar o gravame á actividade das casas de apostas e do xogo on-line.

É o momento de que as diferentes institucións adapten a normativa á realidade social, económica e tecnolóxica da actividade do xogo antes de que se converta nunha secuela sen retorno.

Polo exposto, e en base o artigo 35.2 do Regulamento Orgánico do Pleno, instamos a esta Corporación municipal a tomar os seguintes

#### ACORDOS:

1.- Instar ao Goberno do Estado a reformar a Lei Xeral da Comunicación Audiovisual e a Lei Xeral de Publicidade para que se regule a publicidade das casas de apostas para facer efectiva a protección do público infantil e xuvenil e a impulsar o Real Decreto de Comunicacions Comerciais das Actividades de Xogo e de Xogo Responsable co obxectivo de restrinxir a publicidade para xogos e apostas on-line.

2.- Instar ao Goberno autonómico a que, igual que pasa co gremio de tabacaleras ou farmacias, limite a apertura das casas de apostas físicas mediante o establecemento dun mínimo de metros de separación ou por núcleos de poboación, para frear así a súa expansión.

3.- Instar o Goberno local a que estude a revisión das ordenanzas e introduza no novo PXOM limitacións urbanísticas á implantación de locais de apostas nas inmediacións de espazos frecuentados pola infancia e a mocidade, como os centros educativos, culturais, deportivos ou xuvenís.

4.- Instar ao Goberno local a que, a través da Ordenanza de Publicidade, regule a eliminación de calqueira cartalaría do mobiliario urbano ou do espazo público deste tipo de establecementos, cinguíndose exclusivamente aos carteis do propio local incluíndo unicamente o nome e sen ningún tipo de publicidade.

5.- Instar ao Goberno local á implementación de campañas e actividades divulgativas, en colaboración coas asociacións de xogadores/as de azar rehabilitados nos centros escolares, para profundar no uso que fai a mocidade dos xogos on-line e de apostas e nos posibles problemas derivados deste uso como alternativa de ocio xuvenil, cara a poñer en marcha modelos de lecer para romper esta tendencia.

6.- Instar ao Goberno Local a que reforce a formación da Policía Local de modo que se familiaricen coas infraccións máis habituais relacionadas coas apostas e o xogo,

particularmente no acceso de menores de idade, persoas incapacitadas legais e persoas co acceso ao xogo legalmente restrinxido.

7.- Instar o Goberno Local á creación dunha taxa específica por utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, que teña que ser abonada polos establecementos que instalen pantallas ou outro tipo de dispositivos para desenvolver a súa actividade empresarial con fronte directa á vía pública ou en liña de fachada.

8.- Instar ao Goberno Autonómico á modificación do artigo 26 da Lei 14/85 do 23 de outubro, para integrar na Comisión de Xogo de Galicia a representantes das asociacións que traballan para prever e tratar a adicción ao xogo así como a referentes académicos relacionados coas investigacións neste campo.

9.- Instar ao Sergas á formación de profesionais da saúde para mellorar a prevención, detección e tratamento dos trastornos adictivos relacionados co xogo.

10.- Instar ao Goberno local a regular e clarificar de xeito análogo a situación urbanística do Centro Comercial A Laxe para que a futura ubicación dun casino, se finalmente non hai posibilidade de prohibilo, impida tamén a presenza de publicidade exterior visto que tanto a DEUPV coma o PEPV do Porto de Vigo delimitan esta zona como sometida ás ordenanzas municipais.”

#### DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Esta cuestión que nós queremos traer ao Pleno é unha moción que levamos ademais traballando practicamente toda a lexislatura pero precisamente queremos traela agora neste mes, nós gustaría traela seguramente noutros meses porque ao longo da lexislatura actual quedaron moitos ocos de mocións que o Partido Socialista non e quixo levar tendo catro mocións para levar ao Pleno, curiosamente hoxe si, debe ser o único Pleno que hai catro mocións do Partido Socialista seguramente para intentar levar o Pleno que imos ter a posteriori o máis lonxe posible do minuto de ouro dos medios de comunicación, pois nos gustaría estas mocións e outras, as máis de 20 mocións que ao longo da lexislatura quedaron practicamente sen defender pola limitación que tivo este grupo municipal pero creemos que agora é un bo momento porque ademais en dúas Xerencias de urbanismo consecutivas aparecen dúas licencias de salón de xogos, logo veremos que é casa de apostas que é salóns se xogo e ademais a iniciativa, tamén unha licencia pero é a iniciativa de Zona Franca de darlle para adiante dentro do Centro Comercial a Laxe, un casino, isto suma dúas licencias de salón de xogos coa tipoloxía habitual de maquina “tragaperra” e ruleta electrónica

pero a maiores licencias de bar que onde escamotean este novo problema sobre todo dos mozos/as que son as apostas deportivas a través de máquinas on line, pois a suma desas dúas licencias máis o casino vai permitir que 600 vigueses/as estean ao mesmo tempo xogando e apostando en xogos de azar, estamos a falar en dúas xerencias de urbanismo nun mes, se esta progresión continúa e ademais xa temos constancia polas asociacións de xogadores rehabilitados e ademais asociacións de xente, psicólogos, que levan moitos anos traballando contra esta lacra e nos podemos atopar nunha situación bastante perigosa e por que queremos tomar medidas? Por que queremos traelo a un concello? Porque ante a inanición absoluta da Xunta de Galicia, aquí si que non hai lugar a dúbidas, se leva por parte das asociacións terapéuticas, das asociacións de persoas que estiveron con esta lacra, lévase tempo dicindo que hai que reformar a Lei de xogo de Galicia porque ademais estamos nunha situación na que se considera un gran ingreso para a administración pública os xogos de azar e polo tanto, non se quere abordar o que está a pasar cos nosos mozos/as o outro día precisamente nun acto que organizamos coa Asociación de Xogadores rehabilitados falaban precisamente de que xa é un feito constante que os mozos/as van collendo da súa paga unha parte para apostar en xogos “on line” en todo o que ten que ver con apostar deportivas, por que o traemos ao Concello de Vigo? É certo, impedir a proliferación destas casas de apostas, ten as limitacións da legalidade en moitas ocasións pero que nós estivemos vendo as posibilidades que hai a través de instrumentos municipais de evitar a súa proliferación. A cuestión de Navia non é un tema secundario, Navia ten a pirámide de poboación máis xove de todo o estado, son dous barrios en todo o estado co maior número de mozos/as e o primeiro barrio onde esta tipoloxía de negocio puxo o seu foco, ademais o puxo nunha zona onde é unha zona onde hai un parque de xogos, unha oficina de emprego e próxima á futura sala de lectura, é dicir unha zona onde os mozos/as desenvolven actividades diariamente, e ademais cun truco, que é o reclamo do bar, a licencia que piden, as licencias que se levaron á Xerencia de Urbanismo piden para o tipo B especial, que son as máquinas recreativas de toda a vida e a ruleta electrónica pero a maiores piden a licencia de bar con ofertas ademais de consumición moi barata e a partires de aí e onde se colocan as máquinas de apostas, isto é un problema que ademais se pode parar dende o ámbito municipal, primeiro, modificando, tivemos unha oportunidade e aí

creo que a responsabilidade nosa non ter previsto isto na Ordenanza reguladora de publicidade exterior, é dicir, que acabamos de aprobar que houbo emendas da oposición e que poderíamos ter posto limitacións a que houbera publicidade deste tipo sobre todo cerca das zonas escolares, pero que ademais propoñemos a necesidade de revisar algunhas ordenanzas, aquí entramos nunha dinámica tamén bastante perigosa que son as ordenanzas de convivencia cívica que tanto poden regular este tipo de actividades na rúa como tamén regulan outro tipo de cuestións que xa están máis preto da lei mordaza que dos dereitos democráticos dos cidadáns, pero nós o que pedimos nesta moción ademais de instar ás administracións a que paren con esta lacra, ver que dende o punto de vista local modificando a ordenanza e poñendo enriba da mesa algunhas modificacións podemos parar este tipo de negocios na cidade.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Pois si, a proliferación das casas de apostas deportivas nestes últimos anos, trátase dun fenómeno novidoso e cun impacto bastante importante na sociedade, dende a publicidade que temos moi presente en tódolos medios, chega ata nós tendo unha especial aceptación no público máis novo, cun acceso moi sinxelo vinculado sempre ao deporte. As apostas deportivas supoñen o primeiro contacto en moitas das ocasións co xogo nas persoas novas e dando inicio nalgúns casos a condutas que poden ser aditivas e rematar na ludopatía. Sendo esta nova situación un reto que consideramos que debemos facer un esforzo por previr condutas aditivas que precisan do control estrito do acceso a menores ás apostas, e incentivar a prevención dende a información sobre as consecuencias que levan a adición ao xogo. Neste senso a Xunta de Galicia, constituíu un grupo que integra representantes das consellerías de educación, sanidade e política social e subdirección de xogos e espectáculos e as asociacións autonómicas que traballan no eido das persoas con ludopatía, universidade e distintos representantes dos sectores de xogos e apostas, non se trata dunha inacción da Xunta de Galicia senón que estamos a abordar unha situación que se deriva da aparición deste novo xeito de ocio vinculado ao xogo.

O Sergas ven programando dentro do plan anual de formación da Axencia de Coñecemento en Saúde, dende o ano 2016, un curso dirixido a profesionais da rede de atención aos trastornos aditivos e máis ao persoal do Sergas para

identificación destes trastornos de conduta emerxentes na poboación infantoxuvenil, entre outros temas trátanse as adicións tecnolóxicas o uso problemático de internet e programas preventivos para a adición ao xogo.

Cóntase con expertos, de entre eles destacados investigadores de prestixio da Universidade de Santiago de Compostela, membros do equipo de planificación de condutas aditivas da consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e de equipos asistenciais das asociacións de pacientes da nosa comunidade autónoma para o ano 2019. Para o ano 2019 se incrementaron o número de horas deste curso ademais. Programouse un curso de actualización en trastornos aditivos co obxecto de mellorar a capacitación dos usos profesionais en atención primaria xa que é aquí onde se teñen que previr e detectar este tipo de condutas.

Considérase entón de interese prioritario o establecemento dunha liña de axudas ademais orientadas ao desenvolvemento de programas de carácter socio-sanitario. Estase a traballar nun novo Plan de Atención aos trastornos aditivos en Galicia que mellora a atención, o xogo patolóxico e trátase dun dos retos a abordar nos vindeiros anos.

Tendo en conta o perigo potencial que estas condutas significan, cremos necesaria tamén unha maior regulación da súa publicidade, o número de locais e como ben dicías tamén un control estrito dos menores e a localización dos mesmos. Trátase dun problema de saúde máis aló do que se pode imaxinar sobre todo porque se trata de rapaces mozos que asocian o xogo incluso ao deporte, entón nós imos apoiar a moción porque parécenos que no seu contido xeral achega un toque de atención neste senso e apoiaremos a súa moción.

SR. ANEIROS PEREIRA: Nós no fondo compartimos a preocupación polo ámbito do xogo, especialmente do xogo infantil é un aspecto que en primeiro lugar quero destacar porque este goberno local o pasado 13 de febreiro, é dicir, fai só uns días dentro do Plan Local contra as adicións, organizou un seminario para precisamente formar aos educadores e o persoal implicado na loita contra as adicións, entre outras materias, en temas de xogo, polo tanto, xa estamos neste ámbito preocupados e facendo tarefas para previr e atallar esta cuestión que pode ser un problema, que de feito é en moitos casos a adición ao xogo e particularmente en menores, é dicir, xa estamos aí, pero así como xa estamos aí

estamos tamén de acordo en que non somos competentes legalmente nesta materia, iso é tamén un aspecto que quero destacar, o Estatuto de Autonomía de Galicia no artigo 27 establece a competencia exclusiva da comunidade autónoma en materia de xogo, polo tanto, é a administración competente nesta materia, ata tal punto é a administración competente nesta materia que o artigo 23, da Lei do xogo de Galicia atribúe á Consellería de Presidencia, é dicir, ao Sr. Rueda, a competencia en materia de xogo e de autorización en materia de locais e de establecementos de xogo, polo tanto, é outra administración a Xunta de Galicia, a Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia a que ten a competencia exclusiva en materia de xogo, cuestión que quero sinalar especialmente e tamén quero sinalar especialmente que para este Concello o outorgamento dunha licenza é un acto regulado, ata tal punto é así que a Lei galega de xogo no artigo 7 di “las autorizaciones se otorgarán siempre que se cumplan los requisitos exigidos legalmente” polo tanto, para esta administración municipal non hai outra saída que se se cumpren os requisitos esixidos legalmente, é dicir, a Lei galega, concederá a licenza, polo tanto, en termos legais para nós é un acto regulado, non cabe discrecionalidade, non cabe outra alternativa que dicir que si, de acordo coa lei hai que dicir si, porque doutro xeito estaríamos prevaricando e nós non somos un goberno prevaricador, nós somos un goberno respectuoso coa lei, polo tanto, hai que poñer o foco onde hai que poñer o foco, na Lei galega e na Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, aclarada esta cuestión e clarexado tamén o interese e a preocupación deste goberno local como dicía porque o pasado 13 febreiro, dentro do Plan Local de Adicións, organizamos unha xornada para formar, analizar esta casuística, para previr dalgún xeito estas cuestións na cidadanía, particularmente nos menores, tamén somos especialmente activos en esixir que se cumpra o que diga a Lei, que contempla graves sancións de ata 1 millón de euros para as infraccións graves e de 150 millóns de euros para aqueles locais que incumpran a normativa, que prevé esa normativa que os menores non poden entrar en determinados locais de xogo.

SR. PÉREZ CORREA: Eu pediría que se lean os acordos que propoñemos na moción porque nós ademais redundamos nesa cuestión que as competencias en materia autonómica son de quen son, ademais supoñen un ingreso moi goloso para as



administracións, neste caso implicadas, hai unha Lei estatal e unha autonómica, nós aí o temos claro, non lle estamos a pedir que incumpran a legalidade, lle estamos a dicir que fagan tódolos mecanismos que dentro da competencia local se poden artellar para evitar a proliferación deste tipo de negocios, e pódense porque o Concello de Madrid teno aprobado, o Concello de Zaragoza teno aprobado, concellos na provincia de Álava, ademais a través da Deputación Foral, teno aprobado, Alcalá de Henares teno aprobado, é dicir, existen posibilidades de limitar algunhas cuestións en materia de licencias urbanísticas tamén en licencia en materia de regular a publicidade exterior e aí estaríamos de acordo que neste ano 2019 se nos propón unha nova modificación da ordenanza reguladora aquela que vostedes, seguimos pensando que modificaron exprés para dar a cubillo a rotonda magnífica e multicolor de Rosalía de Castro, nós pensamos que a través deste mecanismo tamén se pode regular que non exista este tipo de pantallas, ademais estamos falando en negocios pero tamén estamos a falar de efecto reclamo. Vostede dime, xa fixemos en concreto pois unhas xornadas, se falamos do Plan Local de Loita contra as Adicións abrimos outro melón e falamos da desaparición de programas importantes que estaban dentro, non só do programa local senón do Plan Nacional de Prevención de Drogodependencias, a desaparición no Casco Vello, podemos falar dun motón de cousas, vostedes si fixeron iso, polo menos imos dicir que xa fixeron unha parte do que dicimos nós na moción, instar ao goberno local a implementación de campañas, actividades divulgativas pero que hai moitas cuestións que tamén se poden facer a nivel local, hai moitas Policía Local que están habilitando patrullas exclusivamente para controlar que nas casas de apostas non entren menores, e iso tamén significa unha formación, seguramente na Policía Local ou unha unidade específica para esta cuestión, xa sabemos dentro das limitacións que existen, non estamos pedindo, sabemos como está o cadro de persoal da Policía Local, pero sería unha cuestións tamén a ver que algúns concellos están a facer. E nós instamos aquí esa modificación da Lei autonómica e instamos a esa barra libre, nunca mellor dito que están a organizar coas máquinas de apostas que ademais sabemos que son empresas moi ben vinculadas ademais a determinados poderes económicos que circundan ao Partido Popular, porque hai grandes capitais ademais galegos ao fronte deste tipo de negocios e algunhas das grandes marcas en apostas deportivas, curiosamente son galegas algunhas,

moitas na provincia de Lugo curiosamente, e ademais o que estamos a dicir é que haxa un control, non estamos a pedir que incumpran vostedes unha ordenanza, que obviamente prohiban unha licencia que teñen que dala por lei, pero estamos a dicir que bordeen a legalidade para parar estas cuestións.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do seu Presidente)*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.02.2019 (Rex. Nº 1977/1101), polo voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**6(17).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A RESPECTAR A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA E A SÚA UNIDADE, ACTIVAR A APLICACIÓN DO ART. 155 EN CATALUÑA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1983/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de febreiro de 2019, número 1983/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“Nos últimos anos o independentismo catalán ten xerado un crecente clima de asfixia contra todas aquelas persoas que non comulgan cos seus postulados.

A presión separatista céntrase, especialmente, en tentar excluír ou expulsar de Cataluña a todas aquelas persoas que son percibidas como un obstáculo para os

seus fins inconstitucionais e antidemocráticos, desde os xuíces e fiscais ata, agora tamén, a as forzas e corpos da seguridade do Estado.

Consecuentemente, a sensación de desprotección e desamparo está a estenderse e a convivencia está a deteriorarse en toda Cataluña. As accións violentas do separatismo non son feitos illados, nin froito de reaccións espontáneas. Son consecuencia dunha estratexia promovida por diferentes grupos radicais, algúns deles autodenominados Comités de Defensa da República ( CDR), e da cobertura política da Generalitat de Cataluña.

O propio presidente do Govern da Generalitat, Joaquim Torra, mostrouse en numerosas ocasións partidario das accións radicais destes grupos e, mesmo, animoulles a "seguir apertando". Entre as accións contra a liberdade e a democracia destes CDR e doutros grupos radicais separatistas atópanse coaccións a xuíces e fiscais, agresións físicas e ameazas a axentes das forzas e corpos de seguridade do Estado, ataques a sedes de partidos políticos, intentos de asalto de institucións como o Parlament e a ocupación de infraestruturas clave como diversas autoestradas, vulnerado dereitos fundamentais como o da mobilidade das persoas. As recentes declaracións de diferentes representantes da Generalitat de Cataluña e dos partidos políticos que dan apoio ao seu goberno indican que están a iniciar unha escalada no conflito e van subir un grao máis o nivel de violencia.

Ante a clara ameaza por parte da Generalitat de Cataluña aos principios e valores constitucionais, á convivencia entre cataláns e á seguridade nacional é inaceptable a pasividade do Goberno de Pedro Sánchez. Así pois, os españois observamos con preocupación como os dereitos e as liberdades dos cataláns e a unidade do noso país están en risco pola acción do separatismo e pola omisión do Goberno socialista.

Estamos ante unhas elección xerais que van ser determinantes para o futuro de España. Non podemos contar con un goberno débil que claudique ante os intereses e a chantaxe dos independentistas. É preciso ter un goberno forte que antepoña o cumprimento da Constitución e da unidade de España aos seus propios intereses.

Neste sentido e imprescindible que dende todas as administración se apoie esta liña de actuación e por suposto neste caso tamen a administración local ten unha grande responsabilidade.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Vigo insta ao Pleno da Corporación Municipal á adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao futuro goberno de España a:

- Respetar e facer respetar a Constitución Española e a unidade de España.
- Activar a aplicación do artigo 155 da Constitución Española, destituíndo ao Govern da Generalitat, para facer cumprir a Constitución e o Estatuto de autonomía Cataluña protexendo os dereitos e liberdades de todos os cataláns acosados polo separatismo

- Negarse a participar en mesas de negociación, con o sin “relator”, que poñan en risco a soberanía nacional e deslexitimen as institucións democráticas.”

#### DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Primeiro lamentar xa a ausencia do Alcalde que xa lle debeu parecer excesivo o tempo que estivo adicándolle ao Pleno ordinario e xa marchou, seguiremos sen el porque xa estamos acostumbrados, está claro que o Pleno non é unha prioridade.

En calquera caso, traemos aquí unha moción que nos parece extraordinariamente importante porque nada máis fai falla que saír á rúa e escoitar aos vigueses e o que nos din os vigueses na rúa constantemente e constatar a súa preocupación extraordinaria polo que está a pasar en España nos últimos meses, por unha situación que ademais curiosamente veu impulsada e permitida polo goberno socialista de España, que deu, non só non freou senón que deu alas a un movemento independentista en Cataluña que ademais non ten ningún escrúpulo, que non lles importa utilizar a violencia, vimos hai algúns días escenas realmente preocupantes de violencia en Cataluña, un movemento que ademais ven empuxado polo propio presidente da Generalitat, polo Sr. Torra, que dixo abertamente que non lle importa nada que haxa mobilizacións de accións radicais de grupos radicais que poden consistir e que están consistindo de feito en coaccións a xuíces e fiscais, agresións físicas, ameazas a axentes e corpos de seguridade do Estado, ataques a sedes de partidos políticos, en definitiva, un estado de situación en Cataluña que insisto, é extraordinariamente preocupante porque ademais está sendo consentido polo goberno de España, goberno socialista de España que está impasible absolutamente cara esta situación e non só isto senón que vimos como se rendeu, axeonllado absolutamente ante o independentismo catalán co único fin, único e exclusivo fin, de pagar estar uns días máis na Moncloa o Sr. Sánchez, ese foi o único fin que tivo estas cesións e nós pensamos que isto non se pode consentir e non se pode consentir xogar coa unidade de España, non se pode consentir xogar coa Constitución, non se pode consentir que todo lle vala ao goberno con tal de estar, o goberno socialista e o

Presidente socialista, uns días máis, e sorprendentemente nesta actitude non recibiu o rexeitamento, si de moitos dirixentes socialistas históricos, pero non do Alcalde socialista de Vigo que tamén debe estar pagando o prezo por manterse de Presidente da FEMP e non lle importa xogar, desprezar e consentir que se xogue coa unidade España. O outro día o Alcalde de Vigo, na súa comparecencia no Parlamento de Galicia, ensinaba á Constitución Española para reivindicar a autonomía local e eu quero lembrarlle aquí ao Sr. Alcalde, ausente clamorosamente que como tantos ausentes das siglas dos concelleiros socialistas, deben de ser que que a unidade de España aos concelleiros socialistas tampouco lles importa nada, que a nosa Constitución española establece que unidade de España é un principio irrenunciabile absolutamente e que hai que cumprir a Constitución española dende tódolos estamentos políticos e temos que esixir que se cumpra a Constitución española dende tódalas administracións, tamén dende a local e por iso traemos aquí esta moción, insisto porque nolo pediron os vigueses na rúa e só basta saber como se mobilizaron tamén e máis que houberan podido nesa concentración que houbo a favor da unidade de España, por iso queremos aquí pedilo, esixilo e como xa estamos en eleccións porque resulta que o Sr. Sánchez non lle serviu de nada tantas concesións aos independentistas cataláns, por certo, concesión tamén cos cartos dos vigueses porque baixou o Orzamento adicado a Vigo, abandonaron a esta cidade para darlle o Orzamento e os cartos a Cataluña e a Valencia pagado tamén cos cartos dos vigueses o seu prezo por manterse no goberno non lle serviu de nada, non lle aprobaron os Orzamentos e finalmente temos eleccións á vista, iso si moi caras para que non coincidan coas municipais, pero as temos e queremos pedir e esixir dende este Pleno do Concello, que nós si respectamos aínda que non respecte o Alcalde de Vigo, que se aprobe, instar ao futuro goberno de España e a respectar a facer respectar a Constitución, a activar a aplicación do artigo 155 de forma inmediata en Cataluña e a negarse en participar en mesas de negociación con ou sen relator que poñan en risco a soberanía nacional, iso é o que pedimos neste moción e esperamos ter o apoio, polo menos do Partido Socialista, de a Marea de Vigo xa non o esperamos, pero do Partido Socialista si.

SR. PÉREZ CORREA: Nós ata imos ser comprensivos e podemos entender que o

Partido Popular xa decidira definitivamente que ese centro político que levaba moitos anos reclamando non ten chicha, que o centro político xa o ocupan outros e que a batalla final está na extrema dereita, podemos entender ademais vendo a progresión electoral do Partido Popular nas enquisas pois esa ameaza de Vox, de Ciudadanos e que esa batalla sexa pola extrema dereita, que veña isto aquí acompañado da Constitución, cando menos me parece un insulto porque a Constitución entre outras cousas di que calquera cidadá se quere pode ser independentista porque hai unha liberdade absolutamente regulada de que a xente se mobilice por cuestións que considere que ademais son necesarias, ser independentista non é ningún delito como vostedes poñen aquí, é que están equiparando un pensamento ideolóxico, unha maneira de actuar a un relato do código penal e ademais traen esta moción nun momento que ata as persoas máis críticas co “process” que incluso se posicionaron en contra do que pasou en Cataluña, están a ver un suízo das maiores vergoñas da historia da democracia deste país e só hai que ver as intervencións do fiscal no xuízo que se está a facer a representantes políticos, a representantes sociais de Cataluña para entender que o problema de axitar a Constitución nestes días é case lanzalas ao lixo da historia, pero que ademais vostedes están deshabilitados para falar de democracia vendo o papelazo que están a xogar en Venezuela porque están condenando nesta moción o que vostedes aplauden a grito, incluso a baile de bachata como vin que é que calquera persoa pode subscribir e decidir que é un poder lexítimo para constituír un novo goberno, ademais contra os criterios da ONU, que me parece que incluso están por enriba da Constitución española porque son máis países a decidir, hai constitucións e constitucións pequenas, por certo, que se hai alguén que pode falar lexitimamente da Constitución ao mellor somos os que tiñamos máis que arriscar no ano 1979 ou 1980 con 40.000 exiliados neste país, pero vostedes axitan a Constitución para construír un relato do que está a pasar en Cataluña terrible e ademais exculpando a súa responsabilidade en que no ano 2006, cando o Parlamento catalán e posteriormente o Congreso dos Deputados aceptan unha vía que era a reforma do estatuto Catalán, vostedes van ao Tribunal Constitucional para tumbar, ademais cun consenso político amplo que eran as reformas do Estatuto de Cataluña e a partires de aí se engordou unha vía que obviamente da tensións, que xera moitos problemas en Cataluña pero que forma parte tamén da

desesperación de moita xente de non ter un vínculo democrático como era o Parlamento de Cataluña e o Congreso dos Deputados que aprobaran unha modificación do Estatuto de Cataluña, por certo modificación que vostedes foron ao Tribunal Constitucional pero logo no Estatuto de Murcia e nos estatutos autonómicos permitiron meter. Polo tanto nós estamos non só rotundamente en contra é que ademais o 155 non solventou absolutamente nada, que resolveu o artigo 155? se vostedes o que queren é unha ocupación militar axitando tamén o artigo 1 da unidade de España, díganos, falan abertamente de mover a Brunete a Barcelona porque creo que no seu partido visto o seu líder, acabarán axitando a intervención militar en Cataluña como axitan a intervención militar en Venezuela por parte de Colombia e de Brasil. A min me parece que non é vender, ademais creo que é un insulto, vou a dicir ademais que vou a ser bo co Partido Popular, creo que esta fase do Partido Popular ata descoloca os últimos 30 anos deste partido neste país, porque o retrotrae á Alianza Popular do Sr. Fraga que non vía ben o texto constitucional cando Solé Tura o presentaba no Congreso dos Deputados, retrotrae a ese Partido Popular que aínda non se decataba que había que legalizar aos sindicatos, ao Partido Comunista e nos retrotrae ademais a un discurso bastante perigoso, non se vai a solventar nada con esta vía, xa o sabemos, porque xa se fixo, o artigo 155 xa se aplicou en Cataluña, máis o artigo 155 se podería ter aplicado en Valencia cando estaban saqueando as arcas de Valencia, porque estaba pensado para iso, para intervir unha comunidade autónoma ante un saqueo permanente, practicamente todo o goberno autonómico valenciano imputado e ademais aínda incalculable o nivel de roubo económico que se fixo nesta comunidade autónoma, por que non se aplicou o artigo 155 aos gobernos corruptos de Madrid? Pero si ao goberno catalán por esta cuestión, eu non son independentista, pero eu estou vivindo un dos momentos máis vergoñentos da historia da democracia deste país nestes días, nese xuízo, na intervención dese fiscal e lle pido que respecten o dereito a opinar, que respecten aos pobos, que non se poñan ao carón do presidente pallaso dos Estados Unidos e bailen con eles unha intervención militar en Venezuela.

SR. LÓPEZ FONT: Miúdo “batiburrillo” Sra. Muñoz, tremendo, mire, este non é lugar para facer campaña electoral, eu comprendo que a vostedes lles vale

absolutamente todo incluído o rirse, comprendo que se apropian indebidamente dos símbolos e comprendo que vostedes tratan de facer campaña electoral en tódolos sitios e esta moción é claramente unha proba, neste moción só lles falla pedir o voto, como saben que é ilegal evidentemente non o piden pero se permiten nesta moción de propoñer para o futuro un goberno forte como unha forma indecente de facer campaña electoral aquí. A campaña electoral Sra. Muñoz se inicia o 12 abril e é lamentable a utilización desta moción pero é máis lamentable o contido desta moción, o que se vostede faga unha serie de afirmacións que afortunadamente xa foron contestadas no Congreso dos Deputados sobre a actuación do goberno socialista neste meses porque ademais fíxese, a súa petición de acordo para esta moción que casualidade é o eixo central da campaña electoral do Partido Popular, comprobamos vostedes como non se preocupan nunca dos vigueses, comprobamos vostedes como están pendentes doutras cousas e non dos vigueses. Mire, falando de Cataluña, o fracaso de Cataluña é o fracaso do Partido Popular, é o fracaso do goberno do Sr. Rajoy porque ata vostedes dino hoxe, o peor, é un fracaso que arrastrou a tódolos españois porque foron 7 anos de confrontación política, de inacción política ao máis puro estilo do Sr. Rajoy, e veñen vostedes agora a dar leccións do que se debe facer. Mire, Sra. Muñoz, o Partido Socialista é un partido constitucionalista, o Alcalde de Vigo defendeu a Constitución dende o primeiro día, vostede milita nunha formación política que é herdeira de Alianza Popular que non votou a Constitución, polo tanto, leccións sobre a Constitución ningunha, nin como Alcalde nin como Presidente da FEMP.

Polo tanto, nese senso xa lle digo que o demostramos sobradamente, pero voulle dicir máis, o que non é un partido leal en temas de estado é o Partido Popular porque o Partido Popular esquece a política de interese xeral cando non goberna, antepon a súa volta ao poder a calquera outra cuestión e cada un temos unha folla de servizos, si, o Partido Socialista foi leal e apoiou a gobernos do Partido Popular en temas como o do terrorismo, si Sr. Fidalgo, apoiou e vostedes fixeron unha utilización espúrea dese apoio que nós demos, ata a Sra. Consuelo Ordóñez dillo hoxe e creo que é unha voz autorizada, pero tamén fomos leais no artigo 155, fomos leais e entendendo que nese momento había que apoiar ao artigo 155, así o fixemos, e vostedes volven a levantar bandeira pero o peor de todo isto é que a Sra. Muñoz exhibe a Constitución nun golpe de efecto cando o que trae aquí é



unha moción claramente inconstitucional, vostedes o que terían que sacar en vez da Constitución é a calculadora electoral que certamente é o único que lles importa porque mire, expertos constitucionalistas non hai ningún que diga que o que vostedes propoñen con respecto ao artigo 145, teña consistencia doutrinal e voulle facer un resumo dos criterios que manexan os expertos constitucionalistas, o que vostedes propoñen vulneran a lei, sería inconstitucional, rompe o modelo de distribución territorial é unha reforma encuberta da lei fundamental, non se cumpren os mecanismos de reforma e así podería continuar con determinados argumentos que ao longo de tódalas universidades de España se están a dar. Pero mire, si o que queren facer vostedes aquí é méritos ante o Sr. Casado, o que teñen que facer é un mitin a rúa do Príncipe, un mitin na rúa do Príncipe na que lle expliquen aos cidadáns o que é un maltratador porque un maltratador non é un señor que se porta mal, un maltratador é un asasino de mulleres e de fillos e para o seu líder político un maltratador é unha persoa que fai mal as cousas, mitins á rúa do Príncipe.

SRA. MUÑOZ FOTERIZ: Pola agresividade das contestacións vemos como lles escoce que falemos da Constitución española e falemos da unidade de España que é sorprendente, estamos a falar da nosa maior lei, da máis importante da que por certo entendo que está dicindo vostede que o Alcalde de Vigo tivo un golpe de efecto no Parlamento de Galicia cando sacou a Constitución e falou da autonomía local, Sr. Font, aquí hai que respectar a todos e aquí sacamos a Constitución española porque nós cremos firmemente na Constitución española.

Mire, Sr. Pérez Correa, ser independentista non é un delito o que é un delito é incumprir a lei, iso si é un delito porque estamos nunha democracia e calquera podemos pensar como queiramos, temos ese dereito que nos da Constitución, o que non temos dereito é saltarnos a Lei, a iso non temos dereito igual que non ten dereito o Sr. Maduro en Venezuela e parece mentira que saque aquí este tema de Venezuela porque é vergoñento o que está a pasar en Venezuela, estanse a pisotear os dereitos humanos, estase deixar a xente morrer de fame, estase impedindo entrar a axuda humanitaria en Venezuela porque hai un ditador que se quere aferrar ao poder, cando un único presidente lexítimo é o presidente da Asemblea que é o Sr. Juan Guaido, ese é o único presidente lexítimo e dende aquí

pedimos liberdade para o pobo venezolano e imos seguir esixíndoa e estamos moi orgullosos diso. Polo tanto, Sr. Pérez, de verdade, non sei como se atreve vostede aquí a falar de Venezuela e de dereitos humanos, dereitos humanos son os que se teñen que respectar pero mire, Sr. Font vostede é evidente onde se acaba de situar? Se acaba de situar do lado dos que no respectan a Constitución e quen rompen España, aí están vostedes porque ademais lles digo unha cousa, é que defender a unidade de España e defender a Constitución, non é de dereitas, nin do centro, nin de esquerdas, é de demócratas e neste partido somos profundamente demócratas, que cando se aproba unha lei esteamos máis ou menos de acordo con ela a cumprimos, porque é a nosa obriga, cumprila, porque somos demócratas, porque no Partido Popular non nos doen prendas e defendemos exactamente o mesmo, a unidade de España, en Vigo, en Madrid ou onde sexa, defendemos tamén a nosa Constitución, a igualdade de tódolos españois, aquí non hai españois de primeira e de segunda, somos todos exactamente iguais, e o defendemos en Vigo, Madrid, en Cataluña e onde faga falla. Defendemos tamén a Constitución, en definitiva o que non facemos dende o Partido Popular e nunca faremos é vender a noso país por uns días máis no Palacio da Moncloa, iso é o que xamais fará o Partido Popular, é evidente xa que vostedes si porque senón non reaccionarían como reaccionaron a esta moción que o único que pide é que se cumpra a lei.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do seu Presidente)*

VOTACIÓN: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señora e señor, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.02.2019 (Rex. Nº 1983/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**7(18).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CESIÓN DA PARCELA 5 DO PROXECTO SECTORIAL DO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO PARA QUE ESTE CONCELLO PROCEDA Á CONSTRUCIÓN DUN NOVO APARCADOIRO MUNICIPAL GRATUÍTO. REXISTRO PLENO 1978/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de febreiro de 2019, número 1978/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

"Desde a posta en funcionamento do Hospital Alvaro Cunqueiro a demanda de aparcadoiro gratuito foi unha constante reivindicación de todas as viguesas e todos os vigueses.

Non entendendo como a Xunta de Galicia non pon a disposición dos usuarios do Hospital o aparcadoiro de máis de 2.000 prazas de que dispón devandito complexo.

Ante a reiterada negativa, o Concello inaugurou no pasado Setembro un aparcadoiro gratuito de 400 prazas para paliar esta inxusta situación en que se atopan os usuarios.

Sendo claramente insuficiente estas 400 prazas e con moitos usuarios aínda tendo que soportar o copago á sanidade que supón abonar o aparcadoiro nas súas asistencia a consulta ou hospitalización, o Concello solicitou á Xunta, o 16 de Xaneiro deste ano, a cesión da parcela 5 do complexo hospitalario dado que non temos constancia de desenvolvemento da 2ª. Fase do Proxecto Sectorial do Hospital.

Coa cesión desta parcela 5, dabamos a opción de que fose gratuíta ou onerosa, pretendemos dar cobertura a toda a cidadanía da área Metropolitana que non pode seguir asumindo o custo do aparcadoiro privado da Xunta.

Incomprensiblemente a Xunta denegounos esta cesión alegando futuros desenvolvementos que non constan como previstos.

Reiteramos esta solicitude co compromiso de que, no caso de que se produzan desenvolvementos no futuro, procederíamos á devolución da parcela. Porque hoxe debe imperar o dereito dos usuarios á gratuidade.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia á cesión da Parcela 5 do Proxecto Sectorial do Hospital Alvaro Cunqueiro para os efectos de que este Concello proceda á construción dun novo aparcadoiro municipal gratuíta."

#### DEBATE:

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Dende a posta en funcionamento do hospital Álvaro Cunqueiro, a demanda de aparcadoiro gratuíta foi unha constante reivindicación de tódolos vigueses/as, así como de tódolos usuarios da área metropolitana. O impacto social en pacientes, acompañantes, profesionais que xera o cobro do aparcadoiro privado do propio centro hospitalario incide negativamente na economía e accesibilidade dos pacientes á sanidade pública.

O modelo escollido pola Xunta de Galicia neste hospital privado para a explotación dos servizos non sanitarios, supón unha política de privatización do sistema público de saúde, vía concesión que xera un copago encuberto á cidadanía. Ante a reiterada negativa o Concello inaugurou no pasado setembro un aparcadoiro gratuíta de 400 prazas, para paliar esta inxusta situación na que se atopan os usuarios, os traballadores, os familiares, atendendo ás demandas da cidadanía este aparcadoiro púxose en funcionamento para paliar o déficit funcional da dotación sanitaria construída pola Xunta de Galicia. Este goberno consciente de que as 400 prazas deste aparcadoiro municipal que se puxo en marcha en setembro, son claramente insuficientes e aínda hai, a gran maioría, moitos

usuarios que aínda teñen que soportar o copago á sanidade, porque esa é realidade, é un copago sanitario máis que supón abonar o aparcadoiro na súas asistencia a consulta, hospitalizacións, visitas etc. O pasado 16 de xaneiro o Concello de Vigo solicitoulle á Xunta de Galicia a cesión da parcela 5 do complexo hospitalario dado que non hai constancia de desenvolvemento da segunda fase do proxecto sectorial do hospital. Coa cesión desta parcela 5, dábase a opción de que fose gratuíta ou onerosa, o Concello ofreceu as dúas alternativas, estaba disposto se lle cedera en concesión ou que o Concello a mercaría, non había problema, pagaba Vigo como sempre.

Pretendíase dar cobertura a toda a cidadanía da área metropolitana que non pode seguir asumindo o custe do aparcadoiro privado da Xunta de Galicia, incomprendiblemente a Xunta de Galicia nunha carta contesta negando esta cesión, negando a venda, negando calquera posible negociación para que ese aparcadoiro, esa parcela se puidera converter nun aparcadoiro e de uso gratuíta por tódolos cidadáns, sen custe máis que para o Concello de Vigo, alegábase na resposta por parte do conselleiro “futuros desenvolvementos que non constan como previstos”, non é certo, nos vindeiros 15 anos non se van a desenvolver máis actuacións no hospital Álvaro Cunqueiro, non se van facer máis dotacións, alegouse que se ía facer un centro de día, unha gardería, unha ampliación das instalacións sanitarias, todo mentira, nos vindeiros 15 anos non se vai facer dotación ningunha, o único que se fai é negar esa parcela para seguir pagando e cumprindo o custe e asumindo o gasto que este hospital xera para a cidadanía de Vigo, para tódolos vigueses/as, para seguir contentando á concesionaria, non é simplemente máis que iso, seguir enchendo de beneficios o acordo que a Xunta de Galicia chegou coa concesionaria, e por iso que reiteramos neste Pleno esta solicitude, tamén co compromiso de que no caso de que se produciran desenvolvementos no futuro, o Concello automaticamente devolvería a parcela, no momento en que a Xunta de Galicia dixera que quere facer unha adaptación a devolvería pero non é iso o que a Xunta de Galicia ten pensando, simplemente quere que a concesionaria sega ingresando. Por iso pedimos para este Pleno instar a Xunta de Galicia a cesión parcela 5, do proxecto sectorial do hospital Álvaro Cunqueiro para os efectos de que este Concello proceda á construción dun novo aparcadoiro municipal gratuíta.

SR. PÉREZ CORREA: Pois estamos outra vez no “día da marmota” con estas cuestións, este grupo municipal que aínda que non o pareza ten o seu corazón, lembra o debate ridículo sobre o primeiro aparcadoiro, cando este grupo municipal e o diremos, se o temos que dicir 50 veces e aproveitar o tempo do Pleno para facelo, imos facelo, este grupo municipal ante a concesión, ante o equilibrio económico-financeiro que figuraba na concesión e ante a evidencia que todo o mundo sabía, cando este goberno local decidiu pactar co Partido Popular baixo un acordo de orzamentos facilitar a cometida eléctrica, é dicir, facilitar a apertura do Álvaro Cunqueiro, este grupo municipal vai seguir dicindo que vostedes cando chegaron a ese acordo sabían perfectamente os servizos non estritamente sanitarios, pero os servizos que están ligados ao Álvaro Cunqueiro, ían estar en mans de concesións privadas, porque ademais é sistema que vostedes empregan tamén de maneira recorrente no caso do Concello de Vigo en vez de xestión pública directa dos aparcadoiros, vostedes tamén os privatizan, é máis voulle dar un dato, nas resolucións que imos aprobar neste Pleno que é algo habitualmente que a xente non ve, pois hai un dato interesante que é o aparcadoiro de Xenaro de la Fuente e o do Avenida de Castelao só nun mes xeran 48.000 euros de ingresos, vostedes dirán que non é suficiente, eu digo que é suficiente para non ter que volvelos a sacar a concurso e xestionalos directamente, que tamén está ben que cando falamos de aparcadoiros miremos a viga no propio e non a palla noutro. Nós aí, esa cuestión queremos dicir que nos sempre vimos como única opción posible que o Concello de Vigo ante o modelo concesional da Xunta de Galicia habilitara aparcadoiros públicos do Concello de Vigo e a resposta era que se éramos lacaios do Sr. Feijóo, que levamos unha moción que vostedes votaron en contra, 15 días despois o anunciaron, 3 anos despois o abriron, foron metendo 500.000 euros ao superávit para ter no porquiño de Caixanova que tiñamos tódolos nenos en Vigo, ir metendo os 500.000 euros e cando fixeron o aparcadoiro xa tiñan un millón e pico de superávit, a nós dámos igual que o faga a Xunta de Galicia, que o faga o Concello, que o faga o exército de salvación, que o fago París de Noia, dáme igual, pero vostedes Xunta de Galicia e Concello de Vigo teñen terreos para poñerse de acordo pero non se van a poñer de acordo nunca porque isto se activa ou desactiva como di a “marmota” dependendo do proceso electoral, hoxe había que

encher de cousas este Pleno e tiraron non sei se de hemerotecas pero tiñan que levar as 4, hoxe curiosamente tiñan que levar as catro, pois agora toca esta cuestión, primeiro o Partido Popular que clarexe que é esa ampliación que si que figuraba no seu día no proxecto, incluso un deambulatorio para que os pacientes pasaran, todo iso eu estou de acordo co Partido Socialista que é moi probable que non se faga, pois se non é así, convenien ou incluso fagan dous, o Concello de Vigo na súa parcela para a xente que ven dunha zona xeográfica da área metropolitana e a Xunta de Galicia na súa parcela para a xente que ven doutra zona, pois fagamos dous aparcadoiros por que non? Porque logo a empresa concesionaria demanda á Xunta de Galicia e tal, pois que ao mellor as concesións que están mal dadas teñen que acabar nesa situación, nós estamos de acordo como non imos estar de acordo pero agora seguramente o Partido Popular e acabo de ver a proposta de emenda pedirá que faga o Concello o propio na súa parcela e iso se resolve, nas administracións civilizadas a través de convenios e a través de plans de urbanización que nunca estiveron enriba da mesa, porque os accesos a eses hospital non estiveron na senda política porque o hospital foi un mecanismo de confrontación permanente entre o Partido Popular e o Partido Socialista, os que vivimos en Beade sabemos que os accesos dende Beade cara abaixo ao hospital por que non se acomete unha urbanización integral pero que entre todo o que quere poñer, se é verdade que a Xunta de Galicia quere poñer garderías, un hotel para xente que ten enfermidades crónicas ou enfermidades durante moito tempo por que non convenia un convenio urbanístico que si tiñan por exemplo para ampliar a PSA ou para ampliar a PSA non se puxeron de acordo e había uso terciario, hostaleiro, é dicir, esa ampliación do PSA no seu día estivo antes da caída do Plan Xeral puxéronse de acordo para darlle usos, por que non o fan? Cal é a limitación xenética, estrutural ou secular que ten Vigo para que a Xunta de Galicia e Concello non asinen un acordo urbanístico para todo o ámbito que rodea ao Álvaro Cunqueiro e se deixan de pelexar nesta guerra de parcelas que parece non rematar nunca e ademais gustaríame ter capacidade de buscar nalgunha base de datos, o número de veces que este tipo de mocións veñen ao Pleno, o número de veces que se di unha cousa e o número de veces que non se solventan nin hai vontade.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar me gustaría saudar aos alumnos do colexio Mendiño, tamén aos integrantes do sindicato de enfermería Satse, en nome do Partido Popular e do grupo popular e tamén ter un recordo para o doutor o Sr. Alejandro Febrero, médico de urxencias, que tristemente onte nos deixou para sempre e unha lembranza do grupo e creo que de toda a Corporación para este médico exemplar e para este vigués exemplar, descanse en paz Sr. Alejandro.

Logo xa falando sobre o texto, sobre a moción dicía o Sr. Font antes que si estas mocións que traía o Partido Popular eran electoralistas, entón se isto non é electoralismo puro, estas cousas que nos traen que estamos de acordo cos señores de Marea de que son de fondo de armario, haber que temos para o mércores, pois sacan do armario todas estas cuestións que unha e outra vez volven a intentar traer aquí para intentar, xa digo, manipular, calumniar e mentir, dende logo que isto do hospital público Álvaro Cunqueiro é para que lle adiquen un capítulo do manual de resistencia do seu xefe Sr. Pédro Sánchez, porque están aí erre que erre coa matraca do hospital Álvaro Cunqueiro e mira que se venderon calumnias e mentiras, dixeron que si o hospital era pequeno, que se despois non había as 1.400 camas, pequeno non é, eu creo que pode estar todo o mundo de acordo que pequeno no é, despois que si estaba parado, que se as obras estaban paradas e non se ían facer a tempo, despois que se era privado que se había levar alí a tarxeta de crédito, que é público, despois que se cobraban por durmir no sofá ao acompañante, que si cobraban a auga, canta calumnia, canta mentira, canta manipulación señores do PSOE de Vigo.

Sobre o aparcadoiro pois mire, en primeiro lugar o que piden é unha ilegalidade, vostede están a pedir unha ilegalidade urbanística pero bueno vostedes isto do urbanismo e das ilegalidades como que van sobrados, dálles igual, vostedes deberían saber que esa parcela ten usos dotacionais entre os que se atopan os correspondentes á prestación de asistencia médica e servizos sanitarios e hospitalarios, xa sabemos que o Sr. Pardo ata dentro de 15 anos non se vai facer alí absolutamente nada, non sei ten esa bola de cristal, nós non a temos pero si o que non se pode facer nunha parcela que non ten como fin aparcadoiro, facer aparcadoiros por iso nós presentamos unha emenda e a emenda é que se deixen de demagogia e que utilicen a parcela que hai pegada á actual aparcadoiro municipal que é unha parcela municipal que está no inventario municipal e que é



dobro de grande da que piden para facer ese aparcadoiro se é que vostedes teñen interese en facer aparcadoiros porque si que dixeron e se comprometían en facer un aparcamento disuasorio pero non o fixeron, só fixeron este de menos de 400 prazas, tamén podían facer beirarrúas que unirían o hospital Álvaro Cunqueiro coa rúa Ramiro Pascual de Beade, e tamén se queren facer aparcadoiros poderían buscarlles unha solución por exemplo ao residentes do Casco Vello máis que ir a multarlles tódolos días, poderían habilitarlle un aparcadoiro no Casco Vello ou por exemplo poderían facer un aparcadoiro en Teis que boa falla fai para Teis un aparcadoiro, ou para a Vila de Bouzas que ben falla fai, ou en Balaídos para ir a ver o noso querido Celta que non hai onde aparcar, saben que tamén alí fai falla un aparcadoiro de verdade, levan 12 anos no goberno, poderían ter feito algo. Porque con demagogia non se aparca, con demagogia e propaganda non se aparca señores do PSOE, se se aparcase con demagogia e con propaganda teríamos aparcadoiros a mogollón en Vigo, por iso Sr. Pardo e señores concelleiros do Partido Socialista vostedes que ademais me consta que moitas veces van ao Álvaro Cunqueiro, pois, deberían recoñecer que é primeiro o aparcadoiro máis barato de Vigo, que é un aparcamento público, que a Xunta de Galicia tamén habilitou máis de 700 prazas para profesionais e non veñan aquí a dar leccións de demagogia.

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Sr. Fidalgo, se imos ao hospital xa é unha desgracia pero o que é certo señores de Marea de Vigo, exemplo de remunicipalización son vostedes en A Coruña e en Santiago de Compostela, todo o que ían facer fixérono, por certo as informacións hai que dicilas enteiras, os aparcadorios de Jenaro de la Fuente, de Castelao, o Auditorio, a grúa herdanzas do Partido Popular, non se esqueza son herdanzas de contratos asinados polo Partido Popular, por certo os prezos dos aparcadoiros de Vigo fixados pola Sra. Porro poucos meses antes de marchar, na concesión, esa é a realidade. Pero de verdade que vostede me fala de remunicipalizar? O que? O que vostedes non fan, e prometeron durante catro anos e nunca chegaron a cumprir, home, as verdades a medias, está ben. Nós si demos e axudamos cos terreos, coas acometidas, con todo, é certo, porque cremos no hospital que fora deseñado polos profesionais sanitarios co goberno da Xunta de Galicia do Sr. Touriño, un hospital por 400 millóns de euros, con comezo das obras en 2009 e remate en 2012, con 1.400 camas, 6 andares, 27 quirófanos e máis,

todo deseñado polos profesionais que logo se converteu coa Xunta de Galicia do Sr. Feijóo, de 1.000 millóns de euros, cun financiamento privado, esa é a realidade, pero miren saben o máis grave disto Sra. Muñoz, Sr. Fidalgo, vostede de que me fala, que quere que fagamos o aparcadoiro en Madrid, ou en Cabral porque as dúas parcelas que lle dicimos están na entrada mesmo, que quere que as fagamos en Cabral? Pero si construímos 400 prazas e seguramente se hai que seguir se construírán pero mire, teñen dúas parcelas á entrada mesmo do hospital, pegadas, esa de 400 prazas que fixemos xa se encheu simplemente cos propios traballadores do centro, pero miren, setembro do ano 2015, Sra. Muñoz “trasladou en prensa que trasladará á Xunta de Galicia que sufrague o custe da gratuidade do aparcadoiro do Álvaro Cunqueiro no momento en que a Corporación local comeza a construír un alternativa no exterior” trasladouno? Trasladou vostede á Xunta de Galicia que se fixera cargo da gratuidade? Trasladou? A verdade permítame que o dubide, sabe por que? Porque vostede ten unha cousa que lle gusta moito facer, que pague Vigo, lévano “raxatabla”, oia que todo o pague Vigo, vostedes teñen unha manía de que pensan nos gastos da Xunta de Galicia, no custe que lle ten a Xunta de Galicia, nos cartos da Xunta de Galicia pero nunca pensan no que paga a xente de Vigo, os seus cidadáns, nunca pagan.

Sra. Muñoz, vostede díxolle que “O pp pide á Xunta de Galicia que asuma o aparcadoiro do centro” cando o Concello comezar a construír outro, está rematado, non é certo, sempre é o mesmo, que pague Vigo, o custe para Vigo non importa, o custe para a xente de Vigo non importa.

Señores de Marea de Vigo, remunicipalizar? Onde? Mire, ata hai outras comunidades autónomas que están levando a cabo iniciativas de prohibición de cobro por lei, xa se está levando a cabo noutras comunidades, pode vostede xa que non lle deu traslado de que se fixera cargo a Xunta de Galicia do aparcadoiro, pode vostede trasladarlle ao Sr. Feijóo que os compromisos de expropiación pública que os custes destes aparcadoiros privados é inasumible para a maioría dos cidadáns, que leve a cabo esta Lei e que teñan iniciativas de prohibición do cobro, iso si sería mirar polas viguesas/as, iso si sería facer o que vostede non fixo dende o ano 2015.

PRESIDENCIA: Hai unha emenda de substitución presentada á moción polo grupo

municipal do Partido Popular que loxicamente é rexeitada. Quere que Ila lea, “instar ao goberno municipal a habilitar a parcela de titularidade municipal sinalada como número 21 no Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico para a construción dun novo aparcadoiro nas inmediacións do hospital Álvaro Cunqueiro”, queda rexeitada loxicamente porque o seguinte case está máis cerca unha na Plisan en Salvaterra, que esta que propoñen.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do seu Presidente)*

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, dúas abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señora e señor, López Barreiro e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.02.2019 (Rex. Nº 1978/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**8(19).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO A VALORACIÓN DO PROXECTO DO GOBERNO DE ESPAÑA QUE PERMITIRÁ DESENVOLVER A INTEGRACIÓN DA CONEXIÓN FERROVIARIA PARA O TRANSPORTE DE MERCADORÍAS ENTRE O PORTO DE VIGO E A REDE**

**EUROPEA TEN.T, DEMANDANDO DA XUNTA DE GALICIA TODA COOPERACIÓN INSTITUCIONAL E ADMINISTRATIVA. REXISTRO PLENO 1979/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de febreiro de 2019, número 1979/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

"A eficiencia das infraestruturas e a loxística é un factor relevante para a competitividade dos territorios e, polo tanto, para atracción das empresas cos mesmos e a capacidade de competir eficazmente das xa existentes. A combinación dos nodos ferroviarios e marítimos produce un sistema de transporte de mercadorías máis sostible, e, en determinadas circunstancias, máis eficiente.

Vigo, e, en xeral, o Noroeste da Península Ibérica, arrastra unha notable desvantaxe no acceso a este modo combinado de transporte, o que afecta á súa prosperidade económica actual e futura.

Para favorecer a conectividade co resto da península e, máis aló, co resto de Europa, cumpría superar o atraso que os mais de sete anos do goberno Rajoy, supuxeron para a definición e posta en marcha do Corredor Atlántico de Mercadorías, dentro da rede europea TEN-T.

Tivo que ser o goberno de Pedro Sánchez o que utilizando a revisión en 2018 da regulación do mecanismo CEF (Connecting European Facility; Mecanismo Conectar Europa) permitiu definir os trazados da rede básica, incorporando a conexión entre o porto de Vigo e outros portos galegos co actual trazado do corredor.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación os seguintes:

**ACORDOS**

1. Valorar o proxecto do Goberno de España, realizado en sete meses, que permitirá desenvolver a integración da conexión ferroviaria para o transporte de mercancías entre o porto de Vigo e a rede europea TEN-T, completando o trazado do Corredor Atlántico de Mercadorías.

2. Demandar a Xunta de Galicia toda a súa cooperación institucional e administrativa, no ámbito das súas competencias e coa maior celeridade posible, para facilitar a realización das obras previstas neste proxecto de modernización ferroviaria, de xeito que poida incluírse o seu financiamento no próximo período comunitario de programación."

## DEBATE:

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Esta moción nace cunha máxima e é a de aunar esforzos, vontades e demandar a necesaria cooperación institucional e administrativa sobre un proxecto que é prioritario, a incorporación de Galicia, Asturias, Castilla León ao corredor Atlántico, un corredor Atlántico que o goberno socialista, o goberno do Sr. Sánchez, mostrou que é un corredor prioritario e da máxima importancia para Galicia. Un dos factores máis relevantes para a competitividade e vertebración do territorio son as infraestruturas e a loxística, con sistemas de transportes de mercadorías sostibles, eficientes, que combinen principalmente nodos ferroviarios e marítimos que favorezan a conectividade entre os territorios.

A nova rede transeuropea de transportes, definida no Regulamento da Unión Europea do 2013, potencia o desenvolvemento de corredores, destinando a tal fin a maior parte do financiamento prevista no mecanismo financeiro, estamos falando dun 85% dos fondos conectando Conectar Europa, na rede básica de corredores ferroviarios. Dos 9 nove corredores existentes, 2 deles, dos máis importantes, o corredor Mediterráneo e o do Atlántico, son centrais e prioritarios, neste caso o corredor Atlántico que o goberno do Partido Popular do Sr. Rajoy, mantivo bloqueado nos últimos 7 anos de goberno, deixando fora ao noroeste peninsular e a Galicia e relegando a conexión Galicia a dito corredor de mercadorías a 2.023 e a súa inclusión en 2.027 con financiamento. É, nestes últimos meses co goberno socialista do Sr. Pedro Sánchez, utilizando a revisión en 2018, da regulación do mecanismo Conectar Europa, cando se permite definir novos trazados incorporando a conexión entre o Porto de Vigo e outros portos galegos coa actual trazado do corredor, de feito, neste último mes a eurocámara, a Comisión Europea, o Consello da Unión Europea xa pactaron a incorporación de Galicia a este corredor Atlántico e o que resta é a súa aprobación definitiva. Polo tanto, estamos nun momento crucial para avanzar con o establecemento dun Plan director no que permita financiamento europeo, que permita desenvolver este corredor Atlántico, un Plan Director que foi recentemente presentado polo

Ministerio de Fomento do goberno Socialista e que prevé investimentos de 3.558 millóns de euros para o noroeste peninsular, só no ano 2019 actuacións para modernización de vía de 370 millóns de euros, o principal eixo deste corredor atlántico de mercadorías é a zona noroeste Vigo-León, con 420,2 quilómetros e 650 millóns de euros en actuacións como renovación de superestruturas, modernizacións de estación, ampliacións de vías a 750 metros, adecuacións de gálibos, electrificación e modernización de instalacións de seguridade e comunicacións. Un obxectivo é contar en 2025 cun moderno corredor de mercadorías apto para trens de 750 metros, unha liña ferroviaria de mercadorías modernizada para levar contenedores ata o resto de Europa, mellorar o trazado ferroviario para a incrementación da vertebración do territorio e mellorar a competitividade tan necesaria do noroeste español.

É por iso tan importante este Plan que se presenta por parte do goberno Socialista porque permite adiantarnos a Europa dende o mesmo momento en que a Unión Europea inicie os traballos para a elaboración do novo regulamento e poder así formar parte do próximo programa plurianual da Unión Europea que planifica activade para os 6 anos, como vostedes saben agora estamos no período 2014-2020 o seguinte período é 2021-2027, é por iso tan urxente e necesario establecer prioridades, proxectos que permitan definir como van ser este corredor Atlántico e a súa vez achegue financiamento tan necesaria para estas infraestruturas ferroviarias.

Financiamento comunitaria que permitiría modernizar unha vía que como vostedes saben é obsoleta e sobre todo porque permitiría abrir unha vía eficiente e competitiva para colocar mercadorías en calquera parte do territorio nacional e tamén da Unión Europea.

Un plan de actuación presentado e é por iso polo que pedimos neste Pleno que se valore o proxecto presentado, repito, un proxecto que é prioritario e ademais unha colaboración institucional tan necesaria para o desenvolvemento deste corredor Atlántico.

SR. PÉREZ CORREA: Pois tampouco elixiron o día para esta moción, e non elixiron o día porque a proposta do Ministerio acaba de ser contestada polo Eixo Atlántico, por gran parte das comunidades autónomas implicadas, ademais cunha sobre

representación do Eixo Mediterraneo con respecto as propostas iniciais do Eixo Atlántico e que ademais, certo que hai que ir á prensa doutras comunidades, Europa Hoxe, Diario de León “Europa castigará los planes B en el corredor del Atlántico”, é dicir, como isto é financiamento europeo e a Unión Europea o que di é a integridade do corredor en tódolos tipos de transporte e as modalidades e a integridade se manteña e haxa compromiso institucional, as primeiras dúbidas sobre o que se quere facer, xa están xerando a resposta negativa de Europa e eu estou de acordo que iso é un problema e creo que tamén hai unha oportunidade electoral da Xunta de Galicia en propoñer determinadas cuestións pero o problema e ademais o dixemos aquí no Pleno, é que non damos nunca acertado cal é o consensuado, acertado en política é máis difícil, cando menos consensuar que son as prioridades que require Vigo e nas modalidades de transporte a que nos referimos, cando eu comecei a traballar en loxística fai 18 anos o transporte ferroviario era o 5% aínda, oitenta e pico por cento do transporte por estrada, o transporte ferroviario non chegaba ao 5%, daquela se falaba do famoso Plan Petra europeo, de eliminar o tráfico rodado en camións, todas esas cuestións, hoxe ademais na documentación que achega a Unión Europea e o 1%, enriba perdeuse transporte ferroviario, neses 18 anos en vez de abordar unha estratexia loxística porque eu quero falar exclusivamente do transporte de mercadorías porque logo entramos noutra dinámica o que é o transporte de pasaxeiros, non só perdemos competitividade ferroviaria senón que aposta pola alta velocidade de pasaxeiros desmantelou por completo o usos futuros das redes, aínda que fora rede convencional para adaptala a mercadorías, curiosamente agora ábrese ese debate, abriuno o presidente o Sr. Herrera de Castilla e León, a posibilidade de utilizar a vella liña incluída tamén no corredor Atlántico, como transporte de mercadorías, e facemos todo isto 18 ou 20 anos despois cando temos aquí un país que está a facer os deberes non só óptimos, senón incluso por enriba que se chama Portugal que está conectando por ferrocarril tódolos seus polígonos do norte de Portugal e queiramos ou non, nesta moción non se pode obviar que a saída sur que é o gran obxectivo do sector empresarial, do sector loxístico e queiramos ou non gran parte do tecido produtivo desta cidade vaise ir ao norte de Portugal e cando menos aseguremos unha conexión ferroviaria que nos permite que gran parte do negocio, a automoción, empresas relacionadas coa tecnoloxía que se están a colocar no

norte de Portugal poidan ter empregados e capital galego interactuando e aquí non cita a saída sur porque precisamente é a gran polémica aberta estes días, non só co Eixo Atlántico senón tamén nesa reunión co Ministerio de Fomento que de súpeto volven outra vez a reactivar a conexión con León, a conexión con Zamora e obvian a saída sur que segue sendo non só na cuestión de pasaxeiros, iso é un debate, non imos estar de acordo como ten que ser a conexión de AVE de pasaxeiros en Vigo, non estamos de acordo coa variante de Cerdedo, dirémolo ata a saciedade porque cremos que hai alternativas exactamente nos mesmos tempos e que non van a computar case 2.000 millóns de euros a débeda pública, estamos a falar de mercadorías e ademais dun sector que é a automoción que queira ou non terá que transportar os seus coches en ferrocarril nun futuro non excesivamente afastado e ademais estase a falar perfectamente Alemaña, os grandes países, os grandes construtores xa están perfectamente falando da conexión ferroviaria, polo tanto aquí tería que incluírse a reivindicación da saída sur que este goberno non quixo abordar máis alá de compromisos formais porque ademais non é un tema secundario que nun momento de apretar custes a única maneira que están encontrando non só as grandes empresas industriais, calquera empresa europea da cero, calquera empresa de gran tonelaxe, atoparon no sector ferroviario no transporte ferroviario de mercadorías unha maneira abaratar custes e ser competitivos, iso está a pasar no norte de Portugal, gustaríame que coñecera a xente cal é o Plan Ferroviario de conexión dos polígonos industriais de Portugal, contra iso, con este tipo de moción non podemos competir.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que parece que agora a vostedes lles volve a preocupación pola mobilidade, é unha lástima que non tiveran a mesma preocupación é que non teñan a mesma preocupación neste momento por seguir reclamando cuestións que son básicas que vostedes antes reclamaban dende o Partido Socialista e que deixaron de reclamar en canto o Partido Socialista chegou ao goberno de España, por exemplo, a liberación da peaxe de Rande, se lle votou de menos o outro día na convocatoria das asociacións de veciños de Teis e de Chapela para reclamar a liberación da peaxe de Rande que estaba tan preto e que gracias ao goberno Socialista non só se parou senón que tivo unha marcha atrás igual que a conversión en tramo urbano da AP-9 ao seu paso por Teis dende as



torres de Padín, volver a lembrar, non está aquí o Sr. Alcalde, pero lembrar que Torres de Padín é termo municipal de Vigo, é unha pena que xa vostedes non estean reclamando iso que antes reclamaban, agora xa non lles interesa porque gobernan en España espero que por pouco tempo, como tampouco lles interesa o defender as pantallas acústicas, as pantallas antirruído, para evitar o ruído terrible que están a soportar tódolos veciños/as de Teis pero é que non só temos estes antecedentes é que o Partido Socialista dende que gobernou non fixo senón que prexudicar extraordinariamente a Vigo e tamén agora ao corredor Atlántico e non podemos esquecer tampouco que foi un ministro socialista o que en vez de facer porto Nodal a Vigo fixo porto Nodal A Coruña, co aplauso do Alcalde de Vigo, non podemos esquecer que foi un comisario europeo socialista o Sr. Almuina o responsable do Tax Leasse, lle temos que dar tamén as gracias ou non podemos esquecer que xa moi recentemente o actual presidente do Goberno o Sr. Sánchez descolgouse con que quería condonarlle a débeda ao Porto de Valencia discriminando ao resto de portos entre eles o de Vigo porque claro unha vez máis estaba pagando as súas prevendas políticas e agora veñen aquí a presentar unha moción sobre o corredor Atlántico, eu coincido co señor de Marea que elixiron vostedes o día porque a verdade esta imaxe de tres presidentes autonómicos de diferentes cores políticos, tamén do Partido Socialista, rexeitando o Plan Director do Corredor Atlántico presentado polo ministerio de Fomento é bastante elocuente porque o rechaza e ademais elocuente polos motivos polos que o rechaza que ademais afectan moi directamente a nosa cidade, porque este Plan Director que presentou o Ministerio de Fomento ten graves carencias, en primeiro lugar non cumpre coa normativa europea, cos requisitos mínimos que marca a Unión Europea para os corredores da redes Ten-T non o cumpre non o cumpre, este Plan Director e vostede debería sabelo Sra. Marra. Porque tampouco cumpre o investimento mínimo que esixen tres comunidades autónomas as tres directamente afectadas Galicia, Asturias e Castilla e León por ese corredor Atlántico que é absolutamente fundamental, pero é que ademais non cumpre con algo fundamental para Vigo e para os vigueses que é saída sur, ignora a saída sur porque como bo Partido Socialista unha vez máis vostedes están a priorizar outras cousas e neste caso o corredor Mediterráneo en detrimento do corredor Atlántico iso é o que fai exactamente o Plan Director do Corredor Atlántico que presentou o

Partido Socialista e por iso nós presentamos unha emenda a súa moción e se realmente lles preocupa Vigo e lles preocupa o corredor Atlántico e queren defendelo e quítanse a chaqueta de defender a ultranza ao Partido Socialista aínda que prexudique a nosa cidade, aceptarán a emenda na que pedimos que se rexeite este Plan Director e se presente un novo Plan Director reformulado incluíndo por suposto a saída sur que está ignorada para Vigo que é absolutamente clave o enlace con Oporto.

Polo tanto, imos seguir insistindo, imos seguir defendéndoo, cremos ademais que é, insisto, un proxecto clave para todo o Atlántico, para esta cidade por suposto, capital de toda a zona do Eurorexión e cremos firmemente que só unha rede ferroviaria, só unha rede de mobilidade suficiente completa, unha rede de transporte de mercadorías moderna que poida conectar o noso tecido empresarial co noroeste de Europa en condicións competitivas de prezo, de tempos e de servizos, pode seguir facendo que sexamos competitivos e que as nosas empresas crezan. Polo tanto, sumen, acepten esta emenda e votemos todos a favor de que se respecte e que priorice o corredor Atlántico, clave para esta cidade.

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Se algo escoitamos con as intervencións tanto do Partido Popular como a de Marea de Vigo é que quen quere bloquear o corredor Atlántico son estes dous grupos e á vista está das súas declaracións, miren dende que chegou o goberno Socialista o que se propuxo é un Plan Director que o que pretende é precisamente avanzar nese corredor Atlántico, pero permítame que digo o que fixo o Partido Popular nestes 7 anos de goberno do Sr. Rajoy na Moncloa, que fixo? Absolutamente nada, a última noticia de feito que temos é a que sae neste medio 2017, "Fomento retrasa 10 anos a conexión de Galicia ó corredor Atlántico de mercancías" 10 anos, en 2023 se decidiría si se incorpora ou non, Galicia, Asturias e tamén Castilla León ao corredor Atlántico e en 2027 se decidiría se hai financiamento ou non, iso é o que propoñen vostedes e á vista do que escoitei neste Pleno é precisamente o que queren bloquear o corredor Atlántico, bloquealo, que queremos dende o goberno socialista? Todo o contrario, 8 meses de goberno tan só, presentamos un Plan Director que non está pechado, reitero, non está pechado, está aberto a tódalas achegas e por que é tan urxente? E por que se elixe este día? Porque é urxente, canto antes presentar un Plan

Director, un Plan Director que poña en marcha este corredor Atlántico, que o poña en marcha, que estivo bloqueado, paralizado polo Partido Popular, é que queremos con iso, pois dunha forma consensuada chegar a Europa dicindo que temos un proxecto común, un proxecto que vai a permitir poñer ao noroeste peninsular no mapa Europeo, con infraestruturas que son centrais, prioritarias para Galicia porque nos permitirá competir co resto de Europa, nun transporte tan prioritario como é o ferrocarril, vostedes mesmos o dicían, prioritario e o que están vostedes facendo aquí, tanto o Partido Popular como en Marea de Vigo é bloquear, paralizar novamente este corredor Atlántico e por iso que non imos aceptar seguiremos adiante con este Plan Director e se chegamos á Moncloa a gobernar novamente o Partido Socialista retomáremolo, consensuarémolo e faremos que tódolos colectivos sociais, que tódolos axentes sociais, administracións públicas, axentes empresariais, colaboren para melloralo, un Plan que repito é fundamental para poñer en marcha este corredor Atlántico, e obter financiamento da Unión Europea.

PRESIDENCIA: Entendo que hai unha emenda do grupo Popular que non é aceptada.

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Recházase a emenda.

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e oito abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señora e señor, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.02.2019 (Rex. Nº 1979/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**9(20).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA O ESTABLECEMENTO DUNHA DOTACIÓN ADECUADA DE ENFERMEIRAS/OS QUE PODAN GARANTIR UNHA ATENCIÓN SEGURA Á POBOACIÓN ESPAÑOLA, CON IGUALDADE ENTRE COMUNIDADES AUTÓNOMAS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1980/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de febreiro de 2019, número 1980/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Constitución Española no artigo 14 proclama o dereito a igualdade e no artigo 43 o dereito á saúde da cidadanía española.

Para que , en materia sanitaria, estes artigos se cumpran é necesario que o Sistema Sanitario conte cun número adecuado de profesionais enfermeiros que poidan prestar aos cidadáns os coidados necesarios para garantir o mantemento e/ou recuperación da súa saúde

O sistema sanitario español non conta actualmente cunha lexislación específica que regule a asignación dun número determinado de doentes aos profesionais enfermeiros nos centros sanitarios e socio sanitarios.

Por isto, en cada CCAA, estableceuse ata agora un número de enfermeiras e enfermeiros nos seus cadros de persoal en atención a diversos criterios.

Estes criterios, en moitas ocasións, e mais nos últimos anos de conxuntura económica, asociáronse principalmente á necesidade de reducir o déficit público, mais alá do interese en mellorar a calidade e a seguridade na prestación de coidados e da asistencia sanitaria. Isto tivo un impacto sobre o aumento das desigualdades entre as CCAA, como consecuencia da insuficiente partida orzamentaria asignada a sanidade que levou a un aumento exponencial das cargas de traballo que deben soportar as e os profesionais enfermeiros.

Estas desigualdades no número de enfermeiras e enfermeiros entre CCAA tamén

se dan dentro do propio servizo de saúde, o que pode xerar unha disparidade na prestación dos coidados de enfermaría provocando un trato desigual á cidadanía, en función do centro sanitario ou socio sanitario e do territorio onde sexan atendidos.

Na actualidade, segundo os datos ofrecidos por organismos internacionais e sociedades científicas, España encóntrase moi lonxe da media europea en canto a proporción enfermeira/paciente, xa que nos atopamos coa metade de profesionais enfermeiros na prestación da asistencia sanitaria no noso país. En concreto, segundo datos da OCDE, en España contamos con 5,3 enfermeiros por cada 1.000 habitantes, fronte a media dos países da nosa contorna que contan con 8,8 enfermeiros, e moi lonxe de países como Dinamarca, Finlandia ou Alemaña que inclusive duplican e triplican a *ratio* española con 16,9, 14,7 e 13,3 enfermeiras respectivamente por cada 1.000 habitantes.

Na nosa Comunidade Autónoma na actualidade contamos con 4,13 enfermeiras por cada 1.000 habitantes, cifra que se atopa por debaixo da media no noso país, situando a atención sanitaria que reciben os nosos cidadáns en aberta desvantaxe fronte á dos habitantes doutros territorios, impedindo deste modo, como se recolle na nosa Constitución, que a protección da saúde (artigo 43 da Carta Magna) se garanta por igual a todos os cidadáns, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social ( artigo 14 da CE).

Estas cifras indican o déficit de profesionais de enfermaría cos que conta o noso servizo de saúde , en xeral, o sistema sanitario e socio sanitario. E ademais, debido á conxuntura económica sinalada, os sistemas de provisión de cadros de persoal quedaron en boa medida paralizados, agravándose a deficiencia na contratación de profesionais enfermeiros que viñan de cubrir postos que foron amortizados o sinxelamente non son cubertos.

Engadir a isto os altos índices de temporalidade que fan precaria a actividade laboral e asistencial que prestan as enfermeiras e os enfermeiros, e que os servizos de saúde en xeral contan cun cadro de persoal cada vez mais avellentado pola escaseza de persoal. Todo isto contribuíu ao empeoramento das condicións de traballo, ao aumento do estrés que sofren os e as profesionais e a unhas taxas moi altas de síntomas de estrés e *burnout* acreditadas.

Estas baixas ratios enfermeira-doente supoñen un risco directo sobre a vida dos cidadáns, aumentando de forma clara, segundo as evidencias dispoñibles, a súa mortalidade e a súa morbilidade, incrementando o custe sanitario polo aumento das estancias hospitalarias e o consumo de outros recursos.

Se a todo isto sumamos a necesidade de dar unha resposta ao avellantamento progresivo da poboación e ao aumento da cronicidade da numerosas patoloxías, faixe aínda mais necesario dotar ao sistema sanitario e socio sanitario dun número de profesionais de enfermaría suficiente coa fin de garantir a calidade dos coidados, a seguridade dos cidadáns e o sostemento do propio sistema sanitario e socio sanitario, xa que os enfermeiros teñen un papel fundamental na prevención

e promoción da saúde, coa conseguinte diminución das complicacións das diversas patoloxías e polo tanto aportando benestar á cidadanía e diminuíndo notablemente o gasto sanitario a medio e longo prazo.

A dotación adecuada do número de enfermeiras e enfermeiros que presten a súa asistencia no noso servizo de saúde e no conxunto do sistema sanitario suporía unha inversión na saúde e na calidade da atención, así como unha maior garantía de seguridade para os doentes, o que ademais é compatible coa consecución dunhas condicións de traballo dignas.

Esta inversión que o sistema sanitario e socio sanitario debe realizar, adecuando o número de profesionais de enfermaría para dar garantía da atención en coidados de calidade aos cidadáns, leva aparelado un aforro económico para o propio sistema, xa que veríanse reducidos os efectos adversos, reingresos e estancias hospitalarias, que supoñen un custe aínda maior.

O contar cun número de efectivos suficiente suporía ver diminuída a sobrecarga asistencial das e dos enfermeiros, reducindo a posibilidade de cometer erros na atención que prestan, aumentando a calidade asistencial, mellorando os tempos de atención e o trato humano. Dando deste modo cumprimento ao obxectivo fundamental da mellora da calidade de vida da poboación, garantindo a adecuada protección dos pacientes e a atención ás necesidades actuais dos cidadáns.

E por iso que propoñemos ao Pleno da corporación o seguinte

## ACORDO

Instar ao Goberno de España a:

1. Aprobar, a través dun acordo vinculante da conferencia sectorial do Consello Territorial, o establecemento dunha dotación adecuada de enfermeiras/os que podan garantir unha atención segura á poboación española, con igualdade e equidade entre comunidades autónomas e provincias, mellorando a cohesión territorial en materia sanitaria e socio sanitaria. Permitindo que as CCAA poidan adaptarse, nun prazo razoable e asumible, a *ratio* determinada en dito acordo.
2. Fixar unha atención segura e de maior calidade a poboación española, a través dunha Lei que determine o número máximo de pacientes asignados a cada enfermeira ou enfermeiro, asegurando deste modo que serán tratados cos mesmos niveis de coidados, independentemente do lugar onde residan.
3. Garantir a través do establecemento do número máximo de pacientes por enfermeiro/a que os profesionais poidan traballar cunha carga laboral adecuada, o que repercutirá positivamente na saúde e seguridade no traballo e asegurará unha atención firme na prestación dos coidados.

4. Asegurar a través do establecemento destas *ratios*, o sostemento do sistema sanitario español, ao dotalo do número suficiente de persoal de enfermaría coma inversión prioritaria xeradora de importantes retornos económicos, sociais e de saúde da poboación.”

DEBATE:

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: En nome do grupo do Partido Socialista é unha satisfacción e un honor defender neste Pleno unha moción que non só responde as inquietudes lexítimas dos profesionais do sector de enfermería senón que realmente se enlaza con elementos fundamentais dos dereitos humanos e realmente da seguridade dos pacientes, como todos coñecen a Constitución no artigo 14 proclama o dereito á igualdade e no artigo 43 o dereito á saúde dos cidadáns españois para que en materia sanitaria estes artigos se cumpran é necesario que o sistema sanitario conte cun número adecuado de profesionais de enfermería que poden prestar aos cidadáns os coidados necesarios para garantir o mantemento e a recuperación da saúde.

O sistema sanitario español non conta actualmente cunha lexislación específica como outros países que regulen a asignación dun número determinado de pacientes aos profesionais de enfermería nos centros sanitarios e sociosanitarios, para iso, por iso en cada comunidade autónoma estableceuse ata agora un número de persoal de enfermería nos seus cadros de persoal en atención moitas veces a criterios aleatorios e fora da realidade das necesidades. Estes criterios en moitas ocasións e mais nos últimos anos como consecuencia dos recortes durante os anos 2012-2014, etc. Estiveron asociados principalmente á necesidade de reducir o déficit público, máis alá dos intereses de mellorar a calidade e a seguridade de coidados na asistencia sanitaria, iso incidiu no aumento das desigualdades entre as comunidades autónomas como consecuencia da insuficiente partida orzamentaria asignada á sanidade. Estas desigualdades no número de persoal de enfermería entre comunidades autónomas tamén se deron nos propios servizos de saúde o que pode xerar unha disparidade na presentación dos coidados de enfermería. Actualmente segundo os datos ofrecidos polos organismos internacionais concretamente pola OCDE e Sociedade Científica,

España atópase moi lonxe da media europea en canto ao ratio de enfermeira-paciente xa que nos atopamos coa metade dos profesionais de enfermería na prestación da asistencia sanitaria no noso país, en concreto segundo os datos da OCDE en España contamos 5,3 enfermeiros por cada 1.000 habitantes fronte a media dos países do entorno que son 8,8 persoal de enfermaría por cada 1.000 habitantes, e moi lonxe por suposto de países como Dinamarca, Finlandia ou Alemaña que manexan ratios de 16, 14 ou 13 persoal de enfermaría por cada 1.000 habitantes.

Na nosa comunidade de Galicia actualmente contamos 4,13 enfermeiras por cada 1.000 habitantes, cifra que se atopa por debaixo da media do noso país, esta situación nos crea unha clara desvantaxe á hora da atención e á hora da seguridade da atención que se presta aos pacientes, sen dúbida dunha forma heroica e excepcional por parte do persoal de enfermaría.

Cando ademais o hándicap que ten a nosa poboación de Galicia é que tería que superar incluso a ratio española é a dispersión de poboación e o envellecemento da poboación ´que é grave e que cada vez é maior. Estas cifras indican un déficit de profesionais de enfermaría co que conta o noso servizo de saúde e en xeral o sistema sanitario e socio-sanitario, engadir a isto os altos índices de temporalidade, precariedade da actividade laboral e asistencial que presta o persoal de enfermaría e que os servizos en xeral de saúde contan cun cadro de persoal cada vez máis envellecida pola escaseza de persoal, todo iso contribuíu ao empeoramento das condicións de traballo a ao aumento do estrés que sofren os nosos profesionais.

A dotación adecuada do número de enfermería que prestan a súa asistencia no noso servizo de saúde e no conxunto de sistema sanitario suporía un investimento en saúde e na calidade en atención así como unha maior garantía na seguridade dos pacientes, o que ademais é compatible coa consecución dunhas condicións de traballo dignas. Este investimento no sistema sanitario e socio-sanitario debe realizarse adecuadamente de acordo co número de profesionais enfermeiros para garantir atención aos coidados, polo tanto, en nome do grupo do Partido Socialista e respondendo ás reivindicacións e ás peticións solicitadas polo persoal de enfermería de todo o estado, solicitamos do goberno central e do goberno autonómico, na parte que lle corresponda, aprobar, primeiro, a través dun acordo



vinculante de conferencia sectorial do Consello Territorial o establecemento dunha dotación adecuada de enfermeiros/as para garantir a atención segura á poboación española, con igualdade de condicións.

SR. PÉREZ CORREA: Como esta moción foi entregada aos grupos e nós sempre que as mocións son entregadas aos grupos sempre nos gusta que intentemos, ou ben que sexa unha intervención do colectivo que presenta esta moción, neste caso do sindicato Satse ou ben que, incluso haxa unha aclaración institucional na que nós estaríamos de acordo porque estamos de acordo en consonancia co que temos votado historicamente e no conxunto das mocións relacionadas coa realidade da sanidade pública galega e o que ten que ver obviamente co ratio de profesionais que comeza a ser, xa non un problema de saúde pública senón un problema de saúde laboral que ademais moi ben se cita nesta moción a cuestión do queime profesional que están a supoñer algunhas cuestión, só unha cuestión que queríamos poñer enriba da mesa, a equidade entre comunidades autónomas, garantir a atención segura da poboación española, é dicir, tendo competencias autonómicas en materia de sanidade, nós queremos ser respectuosos co marco competencial e por que o dicimos? Porque se ben hai unha media estatal que fala do 4,13 e ademais aparece na moción, o 4,13 de enfermeiras por cada 1.000 habitantes pois ao mellor a nós en Galicia nos gusta que a Xunta de Galicia deseñe un ratio parecido ao de Dinamarca, Finlandia ou Alemaña que está no 16, 14 ou 13%, ou incluso Navarra e o País Vasco, no caso de Navarra o 8 e pico por cento. Polo tanto, gustaríanos que non fora no marco das poucas competencias estatais que quedan ou nos marcos dos relatos que constrúen hoxe en día a Conferencia Sectorial do Consello Territorial, é dicir, nos gustaría pasarlle a pelota a quen lle corresponde que é a Xunta de Galicia, que é o goberno do Partido Popular e cando menos colocarse no ratio de Navarra, oito e pico ou no ratio do País Vasco para comezar a traballar e iso si que nos gustaría cando menos que na exposición o teñamos claro, porque ademais hai unha cuestión que no seu día cando se traspasaron as competencias en materia de saúde pública a Galicia quedou completamente furtada e acaba de expoñelo moi ben o concelleiro o Sr. Rodríguez Escudero, que a cuestión do envellecemento da poboación, dos ratios que temos nós ademais xa nos marcos comparativos do conxunto de Europa, Galicia e

Asturias somos a poboación máis envellecidas do conxunto de Europa, pero ademais o que ten que ver coa dispersión territorial que obviamente obrigan a un marco galego para deseñar cal vai a ser ese ratio óptimo e é moi probable que incluso teñamos que ter en conta cuestións tan importantes como a comunicacións as dotacións, é dicir, todo o sistema galego, gustaríanos que ese marco obviamente fora o marco das competencias que ten asumida Galicia polo estatuto de autonomía, na outra cuestión, estamos falando da realidade laboral, non só a cuestión sanitaria, a realidade laboral do que ten que ver con baixas por estres, do que ten que ver coa ansiedade dos traballadores, do que ten que ver incluso coa relación entre paciente, enfermeiro, médico que está pasando incluso con violencia e con situacións incluso de agresións laborais que teñen que ver moitas veces con esta brutalidade de ratio que da tamén en celadores, que se da tamén en facultativos, e que se da practicamente en todos e cada un do persoal hospitalario, nós estamos completamente de acordo, ademais cremos que deberíamos sempre estar en alerta permanente na situación sanitaria da cidade, se temos que discutir sobre sanidade independentemente das competencias e locais temos que discutir ou facer un mapeo, incluso unha comisión municipal de sanidade como temos pedido reiteradamente que a nivel local, hai unha Igualdade, hai unha de Transporte, que teñamos tamén un espazo de seguimento real na que poidan participar os sindicatos da rama sanitaria, as asociacións de pacientes que poidan traballar independentemente da área sanitaria ou deses mecanismos que supostamente existían na área sanitaria, que nunca funcionaron e que ademais que o Concello de Vigo faría unha boa labor seguramente tamén de botarlle unha man aos traballadores/as sanitarios, nomeadamente neste caso os enfermeiros/as que este ratio só comparativamente co resto de Europa cando menos é un insulto á labor profesional de moita xente.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Antes de nada quería sumarme tamén ao recordo do doutor. Sr. Alejandro Febrero compañeiro noso do hospital, e saudar ao sindicato Satse e ás compañeiras enfermeiras. Nós estamos de acordo na importancia que ten o persoal de enfermaría para a prevención, a promoción da saúde e para o propio papel asistencial que desempeñan, en moitos casos tódolos profesionais sanitarios pero os de enfermería como ben din sofren un queime, “burnout”, ao atender

ratios de pacientes que todos sabemos que son moi superiores ao recomendable no noso país e onde efectivamente a temporalidade, os contratos de días ou semanas, ou contratos moi inestables son un problema non só para o profesional, por suposto, senón para a propia atención ao paciente, non é desexable que os enfermeiros estean cambiando de ubicación cada pouco tempo e é un mal que vivimos no noso país e como que creo que sociedade deberíamos afrontar.

Vivimos ademais como ben dicían nunha sociedade cun aumento da cronocidade, envellecemento da poboación e ademais aquí en Galicia cunha dispersión xeográfica que require un maior número de profesionais e moitos máis capacitados e especializados.

En Galicia contamos con 10.500 profesionais de enfermaría, un 700 máis que en 2008 e máis alá dos ratios que a todas luces seguen sendo insuficientes, estase apostando por consolidar o emprego con ofertas públicas de emprego e apostando polas especialidades de enfermaría como a de xeriatria, pediatria, saúde mental para ter profesionais moito máis formados, profesionais que necesitamos que traballen desas especialidades nos sitios onde son necesarios, aínda así a pesares de todos estes esforzos, como di o sindicato moitas veces e poñen no seu slogan que cinco enfermeiras non poden coidar de 1.000 pacientes e niso estamos de acordo que non pode ser; necesitamos enfermeiras/os, moitas máis, e fixar un número máximo de pacientes por enfermeira a nivel nacional cunha carga de traballo adecuada nos parece un bo comezo un bo acordo de mínimos pra poder traballar con normalidade e equidade.

Estamos de acordo no oportuno dun pacto vinculante para fixar un mínimo en tódalas comunidades que permita a equidade nesta materia e ter profesionais sanitarios traballando de maneira estable e con cargas adecuadas, efectivamente redunda no só nunha mellor saúde laboral que é absolutamente necesaria senón nun aforro económico ao reducir estancias hospitalarias, efectivamente reingresos e a incidencia de patoloxías.

Necesitamos políticas en definitiva responsables que priorice a labor dos sanitarios dunha maneira eficiente e que preserven a súa saúde, e por iso que imos a votar a favor loxicamente e espero que manteñamos esta petición con calquera goberno que saía das urnas e que o traballo porque o traballo dos profesionais sanitarios e en concreto o persoal de enfermaría así o merecen.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: É unha satisfacción que realmente haxa unanimidade entre os tres grupos deste Pleno en algo tan relevante como é a saúde da poboación e loxicamente a profesionalidade da sector de enfermaría do sistema nacional de saúde, englobado dentro do que é as súas múltiples vertentes, dende logo non podo estar máis de acordo coa participación do Sr. Pérez Correa e xa na intervención previa deste concelleiro neste caso eu, fíxeno patente de que facía unha petición non só ao goberno central senón á administración autonómica, ao goberno da Xunta de Galicia porque realmente como ben recoñece o Sr. Pérez Correa ten que haber unha discriminación, loxicamente non todo vale, non é o café para todos, nos ratios de persoal de enfermaría posto que como tamén dixen na miña exposición había elementos diferenciadores deste comunidade autónoma de Galicia como son o envellecemento, a dispersión e a cronicidade derivada fundamentalmente de certas patoloxías prevalentes que fan máis necesitado que nunca un persoal máis adecuado a estas características propias desta comunidades, por aí, por iso a solicitude desta moción non era unha instancia só ao goberno central senón ao goberno da comunidade autónoma de Galicia.

Non vou entrar agora en discusión porque creo que os ámbitos, este ámbito de consenso merece por enriba de todo preservalo sobre algunhas afirmacións vertidas sobre o responsable nesta moción, o goberno do Partido Popular pero sobre as apreciacións feitas, sobre o incremento do número de enfermeiras ao longo deste últimos anos e sobre todo a aposta que fixo este goberno, eu creo que non é así pero creo que agora o importante fundamentalmente é apostar e reclamar dos gobernos central e autonómico un maior esforzo, unha concepción e un compromiso maior co sector de enfermaría non só para beneficiar a este sector senón a repercusión do que é a profesionalidade de enfermaría da aprobación en xeral.

E cando realmente hai ámbitos da actividade profesional de enfermaría que son inéditos aínda pero que están emerxendo como é por exemplo o ámbito da enfermaría nos centros de educación que é algo que é reto inmediato que temos para dotar o papel de enfermaría nos centros de educación para darlle seguridade, confort e realmente garantir a saúde dende os inicios da etapa escolar.

Gracias a todos por realmente por este consenso alcanzado en algo tan

fundamental como son a saúde e os dereitos dos profesionais da mesma.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e tres membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.02.2019 (Rex. Nº 1980/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**10(21).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE NO SEU PLAN ESTRATÉXICO DA AUTOMOCIÓN, QUE RECOLLE PROGRAMAS ESPECÍFICOS, FACILITE A DISPOÑIBILIDADE DE SOLO EMPRESARIAL PARA A AMPLIACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE BALAÍDOS. REXISTRO PLENO 1981/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de febreiro de 2019, número 1981/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

"O sector da automoción é central na economía de Vigo e a súa área, e polo tanto, no conxunto de Galicia. Con preto de 19.000 empregos directos (un 12% do sector industrial) e mais de 8.000 millóns de euros en vendas; ademais dunha notable capacidade exportadora.

Ao redor da factoría de PSA en Vigo, que segue sendo o motor e referencia, artellouse un sector de compoñentes, que contribúe con ao redor do 75% ao valor final do automóbil, nos seus diferentes niveis. Con empresas moi ben posicionadas no mercado mundial, entre elas algunhas galegas xa convertidas en multinacionais.

É evidente que a proximidade da industria auxiliar da automoción á empresa de

referencia é un elemento central de competitividade para o sector, e mais agora que novos competidores están a consolidarse en países veciños como Portugal e Marrocos.

As empresas auxiliares situadas ao redor de Vigo están abrindo novos proxectos e a máxima cercanía posible a factoría de PSA sen dúbida as reforzaría. Resulta imprescindible loitar en Galicia contra a redución de custes asociada a deslocalización, e temos polo tanto que reforzar a loita contra a deslocalización da industria auxiliar, por que así estaremos tamén reforzando a empresa central.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

- Demandar da Xunta de Galicia, que no desenvolvemento xa previsto no seu propio Plan Estratéxico da Automoción que recolle programas específicos para facilitar a dispoñibilidade de solo empresarial en condicións de custe e conectividade competitivos co entorno, facilite a ampliación do Polígono Industrial de Balaídos."

#### DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Dado que na moción anterior acadouse unanimidade no criterio na defensa da saúde eu espero tamén que nesta moción que imos defender unha peza fundamental da economía no só de Vigo senón de Galicia e case diría de España e polo tanto tamén consigamos estar todos a favor da iniciativa que traemos a este Pleno municipal.

Dende ao ano 57 no Polígono de Balaídos, onde existen aproximadamente 1 millón de metros cadrados, se veñen desenvolvendo actividades económicas relacionadas fundamentalmente ao sector do automóbil que ninguén discute a importancia que teñen para a economía de Vigo e de Galicia, as dez empresas instaladas con emprego directo no propio polígono de máis de 8.800 empregos, traballadores/as que achega ademais a riqueza do tecido empresarial da comarca máis do 15% e que ademais unha de cada 8 persoas empregadas en sociedades mercantís da comarca de Vigo traballan no polígono de Balaídos, ninguén polo tanto pode discutir a importancia deste polígono, pero máis aló, un polígono ademais que se caracteriza por ser altamente competitivo porque ten un plus de rendibilidade fronte a outros polígonos industriais que existen tanto en Galicia

como en España, ademais vinculado a este polígono existe un cluster da automoción que ten un peso económico fundamental, tanto para economía de Vigo como a para a economía galega e para as exportacións desa economía galega porque representan máis do 32% das exportacións de Galicia. Sen embargo neste polígono industrial que ten un espazo acoutado pois observamos como as actuacións que se fan ou se promoven dende organismos especialmente dende organismos autónomos nunca miraron para este polígono ou para a actividade económica en Vigo. Recentemente o estudo sobre a oferta do solo empresarial do laboratorio do territorio da Universidade de Santiago de Compostela pon de manifesto que o goberno galego ten máis soares baleiros de solo empresarial que parcelas ocupadas en todo Galicia, algo que dende logo na nosa cidade non pasa, ademais isto fai que este sobre oferta de solo empresarial desocupado en moitos lugares de Galicia, fai que o goberno galego promova actuacións que baixan de forma substancial o prezo desas parcelas para intentar facer que se ocupen ou se vendan, iso significa nalgún xeito unha competencia desleal porque poñemos prezo utilizado, promovido con recursos públicos a prezo por debaixo do custe en zonas onde non existe atractivo industrial mentres pola contra aqueles sitios onde existe unha crecente demanda pois vense con insuficiencia de solo empresarial, e este é o caso do polígono de Balaídos, o polígono de Balaídos precisa dunha ampliación, estaba planificada a súa ampliación, de tal xeito que non só para a actividade económica exclusiva de Citroën senón para promover que os provedores de primeiro nivel de Citroën poidan estar instalados a carón da factoría porque hai que pensar que para a loxística interna e para loxística externa das mercadorías que chegan á factoría e para promover a súa competitividade e garantir que non vai a producirse ningunha deslocalización industrial é fundamental promover unha actuación que garanta que as necesidades de solo que se produzan ao redor deste polígono, xa existente, poidan materializarse. Como ben saben vostedes esta actuación da ampliación do polígono de Balaídos estaba prevista no plan do 2008, esa actuación polo tanto da nulidade do Plan anula e existía un acordo coa Zona Franca para promover unha actuación de desenvolvemento dun proxecto sectorial, dende ese acordo pechado no ano 2016 ata hoxe, ata recentemente, practicamente non temos novas, polo tanto, o goberno de Vigo que busca? Busca que poidamos promover a actuación da

ampliación do polígono de Balaídos do xeito máis áxil e rápido posible porque entendemos que é imprescindible, a nosa sorpresa é que dende a Xunta de Galicia non se entra a valorar nin sequera a proposta do goberno de Vigo porque non se fixo formalmente senón que o primeiro que se di que a ampliación de Balaídos non é urxente, pois nós entendemos que si é urxente, por iso traemos esta moción a este Pleno, porque a moción que entendo que debe promover o acordo entre tódalas forzas só di que a Xunta de Galicia facilite a ampliación, nin sequera que invista un euro, só que facilite a ampliación.

SR. PÉREZ CORREA: A min me gustaría que me responderan se é posible sen mentir, si a PSA pediu unha ampliación do polígono de Balaídos para que os seus provedores estiveran preto, dígamo, porque se din que si menten e vouullo explicar, non podo en 5 minutos por que menten, se esta moción a min ma presentan no ano 2011 cando Citroën funcionaba cun sistema produtivo de “just in time” que tiñan que ter aos provedores cerca e en 7 minutos tiña que estar saíndo un camión de pezas para subministrar ás liñas de montaxe de Citroën para poder manter a M1 e a M2 que é unha cousa singular no conxunto das fábricas do grupo, pois si porque Citroën o que dicía era “vostede provedor vaime dar un prezo por peza máis barato porque co sistema de fabricación de “just in time”, vostede fabrica e me ingresa aquí e polo tanto non hai almacenaxe, vale pero vostede sabe como min como fabrica agora mesmo PSA e hai un sistema para min discutible que está eliminando postos de traballo regulados para contratalos por outra vía que é o sistema de Síncromo Longo que permite co sistema do “full keating” que os provedores estean en período de aprovisionamento de 7 días e iso significa o norte de Portugal, en vez de denunciar ese sistema de fabricación que está a mandar e gran parte dos provedores, xa no ó norte de Portugal senón ao conxunto do polindustrial de Citroën que inclúe Marrocos a planta de kenitra, en vez de denunciar iso vostede presenta unha moción para que nós digamos que non é volver a facer a parvada de volver a dicir que nós estamos en contra da PSA como se fixo na anterior vez, que dixo o Alcalde “a Marea de Vigo é antisistema, radical e quere queimar Citroën”, mentres dicía iso, este señor estaba reunido co Director Xeral da PSA que lle dixo que non quería ampliar para a parroquia de Matamá, que o quería era un instrumento que lle permitira a edificabilidade do entorno actual



podelo modificar, que foi o que ao final pasou, e o que pasou a partir de aí é responsabilidade súa, que se despediran a case 1.000 traballadores da PSA para contratalos por unha empresa de inserción que se chama Ilunion e que abaratar os custes de loxística co novo sistema produtivo que lle permite que aos provedores estean no norte de Marrocos e responsabilidade súa.

Que haxa denuncias sindicais de represión sindical na fábrica, que haxa un sistema de fabricación que está queimando moitos rapaces nesta cidade que xa prefiren traballar en hostalería antes que estar con salarios de miseria nas quendas especiais, é responsabilidade súa, quen está velando porque Citroën sexa unha empresa xeradora de riqueza e achega ao PIB e este grupo municipal, e vostedes veñen con isto sabendo ademais que ese instrumento absolutamente improvisado que o Partido Popular e o Partido Socialista se inventaron, como verá no seu Plan Xeral vixente que é do ano 93 porque a vostedes se lles tumbou un Plan Xeral do 2008 e en 3 anos non foron capaces de buscar nada que solventara esa cuestión, 31A iso é zona verde e o do carón é un solo urbano non programado, iso non o pode cambiar se non ten un Plan Xeral que o faga, ou unha modificación do 93, co mesmo criterio da Lei Vigo non pode obviamente recalificar solo, vostede dime que se pode, a parroquia a Zona Verde que limita Balaídos se pode converter en industrial? Si, pois pida o informe xurídico e emita o informe xurídico, se de verdade hai un informe xurídico que diga que ese solo se pode converter mañá en industrial e segundo, que Citroën non quere aos provedores preto, agás que cambie de criterio e o dixo publicamente, non quere ampliar para os provedores, quere unha pista de rodadura, quere unha serie de infraestruturas non todas necesariamente vinculadas ao que quere a cidade de Vigo, se vostede o que quere e seguir metendo espazo para este sistema de fabricación do “full keating” que elimina practicamente unha liña de loxística e o traballador ten que coller as pezas que xa veñen despegadas, xa lle digo que está esnaquizando emprego na cidade e iso non é a responsabilidade dun goberno socialista, iso é responsabilidade en todo caso do grupo accionarial que require Citroën que o único que quere é aforrar custes, exíxanlle a Citroën que tódolos esforzos que fixemos, o porto seco que se ía abrir, que se facía falla un polígono aquí, que se facía falla VG-20, que se facía falla unha rotonda, fixemos todo tipo de esforzos e Citroën nos responde cun cadro de persoal na que só 1.800 persoas están a xornada laboral de 8 horas? Ese é o

compromiso laboral de Citroën con Vigo? Pois eu creo que hai que pedirlle un pouco máis, e se quere ampliar cara unha parroquia que diga para que, que o poña por escrito, “queremos ampliar porque queremos isto”, obviamente se a Citroën lle dis que amplías incluso o triplo vai dicir que si, todo o que sexa ampliar significa que non está tan acotada, pero está falando vostede de prioridade polo tanto, non quere esperar a un Plan Xeral porque di que é super urxente, sabemos pola PSA que non é urxente.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Eu teño que dicir que os datos que expuxo a Sra. Caride son certos todos, si é verdade que automoción é un puntal importante na nosa cidade, ninguén vai discutir eses datos, un puntal importante para o noreste ademais peninsular e claro, tamén fala na parte resolutiva da importancia do Plan Estratégico de Automoción da Xunta de Galicia claro é que importante o Plan Estratégico de Automoción da Xunta de Galicia, pero din tamén que a Xunta de Galicia facilite a ampliación do polígono de Balaídos, esquece engadir que xa o fixo, que o fixo ademais cun instrumento que aquí pon en cuestión o Sr. Pérez Correa pero que é unha ferramenta necesaria e fundamental cando temos nesta cidade un Plan Xerador de Ordenación Municipal tumbado polo Tribunal Supremo, é dicir, non temos posibilidade porque vostede aquí está a falar de facer cousas pero é que non hai solo industrial, entón non fale vostede como concelleira de Urbanismo cando é imposible desenvolver nada en Vigo senón fora pola ferramenta que o Parlamento de Galicia na Lei de medidas do 2017 aprobou, que se chama Lei Vigo, que permite ampliar Citroën, que permite ampliar o IFEVI e que permite que esta cidade non se paralice urbanisticamente, foi gracias á Xunta de Galicia por certo, aprobación ademais que digo desa lei e que sigamos adiante, vostedes aquí o que están facendo hoxe é unha explicación moi clara para emendar esa mentira que xa adiantou o Sr. Pérez Correa que dixo o Alcalde o outro día, esa ocorrencia que tivo despois de reunirse co director de Citroën de que era necesario e que facía falla unha ampliación, entón teñen que emendar esa metedura de pata cunha moción no Pleno municipal e que isto é o “modus operandi” que nós xa coñecemos perfectamente por parte do Partido Socialista pero si que estamos preocupados pola permanencia do sector de automoción claro que si, estamos preocupados polas empresas auxiliares porque saben vostedes

que Aludec, Orbe están en Pontecaldelas, que Venteler foi a Mos, que a Lei de implantación de empresarios da Xunta de Galicia permítelles estar alí e que non lles permite estar en Vigo e que non poden estar en Vigo porque non hai solo industrial, é que parece mentira que vostedes presenten hoxe esta moción no Pleno municipal de Vigo, insisto, veñen agora despois de 12 anos sen desenvolver nin un metro de solo industrial, sen un apoio mínimo á industria e a empresa de Vigo a propoñer que a Xunta de Galicia desenvolva o Plan Estratégico da Automoción, por suposto que a Xunta de Galicia vai a desenvolver o Plan Estratégico de Automoción e menos mal que o vai desenvolver. Miren, non teñen vergoña, vostedes foron a cortar unha cinta e brindar con champaña para inaugurar unha oficina de Ikea dentro dun centro comercial 100 metros cadrados, de verdade, é que parece vergoñento e levan falando que ven Ikea a Vigo, non hai nin Ikea, nin Leroy Merlim, nin empresas auxiliares, de verdade cren que nós aquí estamos, non sei, cren que cremos todas esas fantasías que vostedes teñen na cabeza, se algo non fixo este goberno municipal foi apostar pola empresa e pola industria, iso si que non o fixo, absolutamente non en 10 ou 12 anos, e aínda por enriba non teñen Plan Xeral de Ordenación Municipal porque o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Partido Socialista cando estaba o bipartito na Xunta de Galicia e cando estaba gobernando o Sr. Abel Caballero tumbouno o Tribunal Supremo, non temos Plan Xeral de Ordenación Municipal Sra. Caride, non podemos poñer solo a disposición das empresas. Miren, nun alarde de creatividade como digo eu, o Alcalde dixo iso e vostedes agora, é o seu traballo, claro entendo que as eleccións municipais están aquí a volta da esquina, teñen que emendarlle a plana e teñen que presentar esta moción. Miren, nós nos imos abster porque non imos negar o que xa está facendo a Xunta de Galicia e o que o Partido Popular fai, porque nós ademais temos a mesma liña, non renegamos nunca do Partido, dicían antes que si renegábamos do Partido Popular nós non, nós temos a mesma liña de traballo e defendemos esta cidade como fixemos sempre, e fomos leais moitas veces a esta cidade aprobando unha contas para que non se paralizara, polo tanto, o Partido Popular foi sempre moi leal con Vigo, vai ser moi leal con Galicia e co sector da automoción, coa industria e cos postos de traballo, polo tanto, este é un debate sen sentido, cunha petición que está máis que demostrada, que a Xunta de Galicia aposte pola automoción e por Citroën, está máis que demostrado Sra.

Caride, creo que aquí ninguén vai dubidar porque se hai unha administración que apostou por Citroën foi a Xunta de Galicia, o Alcalde lle encanta o proxecto da estación Intermodal, encántalle que a Xunta de Galicia invista en Vigo, a nós nos encanta que a Xunta de Galicia invista en Vigo, nos encanta que aposte pola automoción, nos encanta que non deixe colgadas ás empresas, nos encanta que faga proxectos como a Cidade da Xustiza, nos encanta que faga proxectos como estación Intermodal, nos encanta que faga mocións vostedes para emendar as meteduras de pata do Alcalde porque así nós tamén podemos falar, porque cando mete a pata parece que isto queda debaixo dun caixón e non pasa nada, pois hoxe nos encanta que presenten unha moción para sacar peito por todo o que fai o Partido Popular polo sector da automoción en Vigo.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Máis aló de que vostede estea encantada que eu entendo que vivindo nunha cidade como Vigo estea vostede encantada, e estea encantada coa xestión municipal de Vigo, que promove magníficos servizos públicos e actuacións que tódolos cidadáns valoran, non está soamente vostede encantada segundo as enquisas, hai moitos outros cidadáns de Vigo que tamén están encantados coa xestión municipal. Máis aló diso, imos ao concreto, Sr. Pérez eu sinceramente, entendo que vostede estea moi queimado por equivocarse cando non apoiou a aplicación da Lei 3 para o polígono de Balaídos, ao actual polígono de Balaídos, entendo que vostedes estea moi queimado porque puxo enriba da mesa que lle daba igual o que acontecera con Citroën, que lle daba igual o que acontecera cos empregos con Citroën e polo tanto vostede agora ven a intentar solventar un problema que ven de lonxe, mire, a nave H, a que se aprobou coa Lei 3 entre outras, estaba nunha zona verde e se modificou gracias a aplicación da Lei 3, da igual, nunha zona verde e se modificou debido a iso, polo tanto, tampouco o entendo a vostede, vostede di Citroën non o quere pero eu estou en contra da forma de xestión de Citroën, a ver, o polígono de Balaídos e preciso ampliálo ou non, Citroën di que é preciso, vostede non confunda a loxística interna da empresa coa loxística externa da empresa, os provedores seguen necesitando enviar de forma rápida mercadorías cada día e cada hora a Citroën, vostede está a confundir formas de xestión que nós non entremos a valorar porque é a iniciativa da empresa, a que ten que poñer en marcha eses mecanismos de xestión do seu

proceso produtivo, o que dicimos é que ten que haber só a carón de Citroën para que se desenvolvan as necesidades non só de Citroën, senón de todo o polígono e todo o claster da automoción, polo tanto, o que non podemos dicir é se Citroën non o quere pero que, entón non estamos de acordo pero resulta que aquí rexeitamos. O partido Popular, eu aquí xa non entendo nada, no Plan de Áreas Empresariais de Galicia o polígono de Citroën, esta establecido como un polígono a desenvolver pola Zona Franca pero non está delimitado, sabe o que ten delimitado, o de “chan de Labrador”, ese das 5 Jotas, do que agora xa ninguén quere falar porque resulta que entrou en desgracia esa empresa pero ese é polígono que ten Xunta de Galicia no Plan de áreas empresariais de Galicia, e mentres a Vigo lle nega só industrial, no resto de Galicia desenvolve solo industrial que nos custa a tódolos galegos para que estea a monte, polo tanto, teñen agora a oportunidade de dicir simplemente facilite que é o único que pedimos nesta iniciativa.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do seu Presidente)*

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e oito abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señora e señor, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.02.2019 (Rex. Nº 1981/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **PARTE DE CONTROL**

### **11(22).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. EXPTE. 532/1102 (REXISTRO PLENO 1975/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 532/1102.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

### **12(23).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 533/1102 (REXISTRO PLENO 1976/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 533/1102.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

## **MOCIÓNS.**

### **13(24).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO A PROMOVER A DOTACIÓN DE 4.000 NOVAS PRAZAS DE APARCADOIRO, CON ESPECIAL ATENCIÓN AOS RESIDENTES, MEDIANTE A CONSTRUCCIÓN DE NOVOS APARCADOIROS EN DIVERSOS PUNTOS DA**

## **CIDADE. REXISTRO PLENO 1982/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de febreiro de 2019, número 1982/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

### **MOCIÓN**

“Os doce anos de goberno socialista de Abel Caballero teñen suposto un profundo agravamento do problema de aparcamento na nosa cidade.

A ausencia dun plan de transporte e mobilidade que acompañe ás humanizacións realizadas tiveron como resultado a eliminación de preto de 3.000 prazas de aparcamento na nosa cidade.

O goberno de Abel Caballero nunca tivo entre as súas prioridades dar unha solución ao problema de aparcamento dos vigueses. O mellor exemplo disto é que ao longo do tempo que leva gobernando non foi quen de proxectar nin un so novo aparcamento no centro a cidade, limitándose a inaugurar os que deixou concesionados o goberno do Partido Popular e mesmo clausurando algúns como o da Porta do Sol que se mantén pechado na actualidade, agravando gravemente o problema que sofre o casco vello, ou o da Praza de Portugal que se mantivo inactivo durante mais de dous anos.

Esta falta de estacionamento, además de afectar aos veciños, tamén resulta “letal” para o comercio local. Neste senso hai que sinalar que a mobilidade é fundamental para dinamizar a actividade de los comercios, xa que, si non hai donde estacionar nun barrio, búscanse alternativas noutro co conseguinte agravio para os comerciantes.

Moitas zonas da nosa cidade como poden ser Teis, Bouzas, Torrecedeira, Navia.. etc. levan demandando longamente unha solución que garanta aos veciños e comerciantes unha dotación de estacionamento adecuada para os vehículos. Singularmente hai que engadir ao casco vello onde lonxe de garantir unha solución para os residentes o goberno de Abel Caballero contribuíu a empeorar a situación permitindo un acceso indiscriminado de vehículos ao mesmo e pechando o aparcadoiro da Porta do Sol.

A maiores compre lembrar que a única acción promovida nestes anos polo goberno municipal para dar solución aos problemas de aparcamento foi incrementar exponencialmente a actividade sancionadora, acadándose cifras récord de recadación por multas de tráfico.

Nesta situación, dende o Partido Popular consideramos que o Concello debe ofrecer aos veciños e veciñas unha solución a este problema promovendo unha nova rede de aparcadoiros, con especial atención para os residentes, que palíen o grave problema de estacionamento ao que ten levado á cidade o goberno

municipal.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Vigo insta ao Pleno da Corporación Municipal á adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao goberno municipal a promover a dotación de 4.000 novas prazas de aparcamento na cidade, con especial atención para os residentes, mediante a construción de novos aparcadoiros en Teis, Balaídos, Torrecedeira, Navia, Travesía de Vigo, Bouzas, Casco Vello, A Doblada, Casablanca, A Miñooca e Gran Vía

DEBATE:

SR. GAGO BUGARÍN: Lamentamos unha vez máis a falla do líder, do rexedor, do Alcalde da cidade, que unha vez máis entende que este Pleno, esta asemblea da corporación municipal, que é o órgano máis importante que ten o Concello de Vigo, pois non é o suficientemente importante e que esas reunións a que el asiste son prioritarias con respecto a este Pleno Municipal, lamentámolo, o que podemos garantir é que cando nós esteamos no goberno iso non o imos facer.

Dito isto, nós presentamos unha moción deste grupo municipal buscando ese espírito de consenso, que a Sra. Caride facía referencia na última moción aínda que logo ao parecer se alterou os ánimos neste grupo municipal, nesta Corporación municipal, nos o que queríamos dicir é que os vigueses/as, os cidadáns desta cidade nos trasladan de forma reiterada que un dos grandes problemas que atopan en Vigo é falla sistemática de posibilidade de aparcarse no centro da cidade e nós estamos totalmente de acordo, porque como usuarios que somos do coche na nosa cidade, somos conscientes das enormes dificultades que temos para poder aparcarse na zona centro da cidade ou incluso en zonas que non son estritamente as do centro.

E nós temos que lembrar o calvario que están a pasar, e non me refiro a unha zona da cidade senón ao calvario que están a pasar os veciños/as, os residentes e os comerciantes para comezar, do Casco Vello. Levamos días, meses, diría anos no Casco Vello denunciando que os veciños/as carecen de aparcadoiro en superficie e carecen tamén de aparcadoiro privativo e nós o que fixemos entendido dende o minuto despois de escoitalles e de velos manifestar e de reunirse con nós e de facerlle a vostedes peticións, lles manifestamos alternativas que entendíamos que eran perfectamente viables para poder dar solución a este problema, lles falamos



de rehabilitar o antigo aparcamento do asilo para residentes que outorga a possibilidade de aparcarse máis de 100 vehículos, lles falamos incluso para a zona de Torrecedeira ubicar e adaptar o novo auditorio que xa é municipal o aparcadoiro para os veciños/as e comerciantes de Torrecedeira e incluso lles falamos deste aparcadoiro que está as miñas costas que é o do Concello de Vigo o que lle podan tamén reservar unhas prazas para poder aparcarse no centro da cidade e vostedes o que fixeron é absolutamente caso omiso, todo o contrario, durante todos estes anos abriron as portas para que calquera vigués puidese circular co seu coche no Casco Vello e polo tanto, dificultar máis o aparcadoiro, e agora unha vez que xa sentiron as ameazas electoralistas dos veciños o que fixeron é dar unha alternativa que se porá en marcha seguramente despois das eleccións municipais, se nos levamos a outro tipo de aparcadoiros como pode ser o aparcadoiro da praza de Portugal, pois que lle imos dicir, é o perfecto resume do que son vostedes, é dicir, vostedes si son moi bos de estar na rúas, o Alcalde si é moi bo en ir as cenas de Nadal, de montar o show, de estar todo o día na rúa, pero son bastantes nefastos na xestión e nós si imos facer un esforzo en reiterar, non só en Vigo senón en toda España, que a importancia de que os cidadáns elixan aos seus representantes políticos por como xestionan os seus cartos públicos e por iso nós denunciámos durante todo este tempo que vostedes teñen 150 millóns de euros en caixa sen executar, é dicir, canto máis está o Sr. Alcalde socialista na rúa menos e peor executan e polo tanto peor é a calidade dos servizos públicos da cidade. Se o levamos á praza de Portugal por exemplo pois tardaron 4 anos en dar solución, en sacar unha nova concesión, en aprobar os novos pregos que foron tumbados en diferentes ocasións perxudicando tamén aos veciños/as, aos usuarios, aos comerciantes da zona centro da cidade Churruca, se o levamos á Porta do Sol, vostedes máis do mesmo, temos un aparcadoiro pechado, que é o fixeron, deixaron que morrera literalmente e falando coloquialmente a concesión e en vez de adiantarse para sacar unha nova concesión, o que fixeron é deixala morrer e logo un calvario contractual que é o que pasa con tódolos contratos grandes que teñen vostedes na cidade que son incapaces de aprobalos en tempo e forma, pero se queren podemos facer demagogia, faláron antes vostedes por exemplo do aparcadoiro do Álvaro Cunqueiro, oia nós votamos a favor aquí de rebaixar, incluso da gratuidade do aparcadoiro do Álvaro Cunqueiro a cambio tamén dunha serie de

condicións, e é que nós entendemos que non ten que haber vigueses de primeira e de segunda, entón os pacientes que van aos centros de saúde no centro da cidade teñen o mesmo dereito e a mesma obrigaón e as mesmas oportunidades, deberían de ter, de poder aparcar nas mesmas condicións que no Álvaro Cunqueiro e iso a día de hoxe no é así.

E polo tanto, como despois no lugar da réplica lles direi que nós si cremos que é necesario igual que os vigueses o cren, dotar a cidade de aparcadoiros, de novos aparcadoiros e por iso facemos unha proposición que é perfectamente viable que é dotar á cidade de 4.000 novas prazas de aparcadoiro en Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: Eu creo que dende que os vigueses ían en cuadrigas a moción para pedir máis prazas de aparcadoiro deben de levar varios séculos, sempre aparece unha moción para pedir máis prazas de aparcadoiro ao longo das lexislaturas, eu de feito estiven buscando e atopei bastantes dos anos 80, cando era normal, cando se pedía, calquera persoa que mire unha foto pois me dirá que nesta praza se aparcaban os coches en superficie, era unha praza de aparcadoiro habitual, o problema é que en toda Europa, en todo o mundo, estamos noutra cousa e vostedes o que están a pedir nesta moción é meter vehículos no centro da cidade, se diferenciáran ben o que estamos a falar da cuestión dos residentes que logo falaremos do aparcadoiro regulado, e logo as solucións de mobilidade ademais tendo unha oportunidade perfecta coa redacción do novo prego de Vitrasa, porque ao mellor se Vitrasa conseguimos que os ratios de traslado dun veciño de Beade ou de Valladares ao centro de Vigo non superen os 40 ou 50 minutos, pois posiblemente a redución do tráfico particular e do vehículo privado no centro da cidade será evidente e non nos teremos que comer seguramente pois gran parte deste problema, por certo, a cidade de Vigo xa deu en varias ocasións por emisións relacionadas co tráfico, xa dimos por enriba da media en varias ocasións, que propoñemos nos? Primeiro racionalizar o que se pon enriba da mesa, porque se vostedes o que din é máis aparcadoiros en réxime concesional privado ademais con prazas de rotación, a un custe ademais privativo para moitos veciños/as nos dicimos que non, se o que se propón é como figura no prego da ORA habilitar tal e como figuraba, hai unha oferta que logo tamén nalgún rogo tamén preguntaremos como está este expediente da empresa Dornier que dicía

que se habilitaría unha zona para residentes, habilitación da zona para residentes, por exemplo para o Casco Vello e incluso aumentar o número de prazas de Zona Azul que hai rúas onde se pode aumentar para que incluso ese ratio de controladores por praza garante que non haxa máis despedimentos na empresas, pois ao mellor tamén estaríamos de acordo, pero que tódalas cidades europeas están a facer todo o contrario, primeiro o que están a facer é o aparcadoiro disuasorios gratuítos no exterior, estao a facer Madrid, Xenebra, estao a facer Zürich onde xa non se pode entrar ao centro da cidade, estao a facer grandes cidades ademais pola contaminación que están propoñendo aparcadoiros gratuítos, ti deixas o coche nas aforas e hai unha lanzadeira de transporte público que te coloca no centro da cidade, calquera persoa que viaxara por Europa en coche sabe que non poden entrar ao centro de París, que non pode entrar ao centro das grandes cidades e precisamente sempre existe, ou alternativa de transporte público ou alternativa ao aparcadoiro disuasorio, é aquí a nosa gran dúbida con respecto a algunhas cuestións que se meten nesta moción. Na cuestión do Casco Vello nós fixemos propostas de compatibilizar incluso en horario normal de zona azul o aparcadoiro ata as 8 da tarde e entre as 8 da tarde e 9 da mañá exclusivamente para residentes do Casco Vello entre outras cousas porque ademais a maior parte dos problemas é cando a xente quere durmir nas súas casas no Casco Vello e non ten onde deixar o coche no período nocturno, nos puxemos algún exemplo como a rúa Cachamuíña o algunhas rúas incluso modificando a facer unha proposta de modificación da parada de Taxis que figura na contorna da Panificadora, desprazando esa parada de Taxis e habilitando unha zona de residentes ou habilitando ademais instrumentos de control da rotación a Zona azul, o aparcadoiro gratuító dicía un urbanista nun acto que puidemos ver online que iso de aparcar gratis na cidade estase a acabar, por unha cuestión ademais de salubridade, por unha cuestión ademais de mobilidade e o que ten que ser gratis é o transporte público alternativo obviamente a ese transporte de vehículos porque ademais estamos nunha dinámica con estas cuestións perigosa porque se ao final a solución e seguir metendo coches pero encima a custe dos donos dos coches co sistema de aparcadoiro privado, pois nin estamos a solucionar mobilidade nin poñendo enriba da mesa a alternativa. Si estamos de acordo coa cuestión do aparcamento de residentes e habitalo como figuraba no

prego ademais da ORA, que dicía se que habilitará un sistema de control de residentes, e nós pensamos que ese control de residentes ten que ser zonificado e non o pequeno que hai hoxe en día que case é conciso que vemos ademais que no Casco Vello coas dinámicas que non hai aparcamento na maior parte dos edificios con máis motivo, pero si que nos gustaría cando menos que se fora clarexando xa se o queremos e seguir metendo coches cunha taxa de ocupación de 1 e pico, temos unhas taxas de ocupación de vehículos particulares das máis baixas de toda Galicia, calquera persoa que poda ver os coches que entran entre as 8 da mañá e 9 da mañá no centro de Vigo, a maior parte de coches van ocupados por unha persoa e na maior parte dos casos, iso é un problema e polo tanto a moción do Partido Popular creo que está moi ben para os 80 pero non está moi ben para o século XXI.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu sinceramente máis aló do oportunismo desta moción o goberno municipal traballa para mellorar obviamente tamén o aparcadoiro dos residentes e de tódolos veciños de Vigo pero en xeral para a mellorar a mobilidade, para mellorar a mobilidade de todo tipo, para comezar a mobilidade peonil porque tódolos programas de mellora da accesibilidade, o Vigo Vertical que estamos a promover na cidade de Vigo, teñen como obxectivo fundamental que moitos cidadáns que antes tiñan que facer un determinado percorrido no seu vehículo privado ou en transporte público o podan facer camiñando, polo tanto, iso é unha gran aposta pola mellora da mobilidade na cidade, outra gran aposta pola mellora da mobilidade na cidade é a xeración de alternativas para uso en bicicleta, polo tanto, para un uso ciclista que promova unha mobilidade sostible, na medida na que toda Europa e diría todo o mundo civilizado está intentando reducir o número de vehículos privados para promover a mobilidade sostible, do mesmo xeito se facilita a mobilidade en vehículos de dúas rodas en particular coas motos, redución de impostos, etc., atención preferente, o que me sorprende substancialmente é unha moción que fala un pouco de todo pero eu ei de recoñecer que algunhas cousas que me sorprenden, porque vostedes din “para resolver os problemas da mobilidade do Casco Vello poñamos un aparcadoiro provisional na parcela do Barrio do Cura”, que esa iniciativa apareza a mesma semana que se aproba o derribo do antigo asilo para iniciar a promoción do Barrio do Curo, que por certo,

leva de aparcadoiros libres 277 prazas de aparcadoiros para o Concello, resulta cando menos sorprendente. Polo tanto, a verdade que a vostede non os entendo, na moción tamén propoñen que o que resolva o problema da mobilidade de aparcadoiro en Navia, sexa o Concello de Vigo, eu entendo que os problemas de mobilidade en Navia agora que nos acaban de presentar o documento para a aprobación inicial do Plan Parcial de Navia terá que resolvelos a Xunta de Galicia, por certo, non nos espazos verdes, nesas non que non lle deixamos, pero terá que resolvelo a Xunta de Galicia.

Pero en calquera caso, vostedes din 4.000 novas prazas de aparcadoiro para resolver os problemas de residentes, mobilidade en Vigo, ao mellor nos parecen poucas, pero por certo, falemos doutras cousas tamén, non só das que vostedes poñen aquí porque parece que as súas inquietudes son están nunha dirección, nos estamos preocupados polo aparcamento no Álvaro Cunqueiro, claro que si, porque o problema non é que non existan prazas, prazas existen o problema é que hai que pagar por elas por iso lle pedimos e lle propoñemos unha emenda que no seu primeiro punto diga instar á Xunta de Galicia a facer de inmediato a gratuidade do aparcadoiro do Álvaro Cunqueiro porque iso é unha necesidade, por certo, o Concello de Vigo xa fixo 400 prazas gratuítas, a Xunta de Galicia cero no Álvaro Cunqueiro, polo tanto, esas actuacións en Balaídos pero se o proxecto de reforma do Estadio de Balaídos xa leva incorporada a execución dun aparcadoiro e di vostede, non, a vostede non lle preocupaba o aparcadoiro en Cabral por exemplo, acabamos de facer un comodato cos propietarios dos terreos para facer un aparcadoiro tamén gratuítu para resolver os problemas de mobilidade que ten Cabral pero todas esas cuestións que son importantes para a cidade a vostedes parece que non lle preocupan, polo tanto, se vostede aceptan a emenda do Partido Socialista para que unido a isto que piden, que xa digo no novo Plan Xeral resolveremos os problemas de mobilidade dos residentes, por certo, non como fai o Partido Popular porque vostede fala de axilidade e pon como exemplo o aparcadoiro da praza de Portugal e da Porta do Sol, a Porta do Sol como vostedes saben vaise a eliminar o tráfico en superficie e polo tanto, temos que resolver antes de ter que negociar cunha adxudicataria para que despois revertamos unha concesión xa establecida, pero mire, exemplos de boa xestión de aparcadoiros os do Partido Popular, o 21 de maio do 2007, cando xa estaban coas maletas

preparadas para marchar, adxudicaron uns aparcadoiros, vaia por Deus, o aparcadoiro de Jenaro de la Fuente ou o da Avenida de Europa, claramente deficitarios, que lle van a supoñer un problema patrimonial a este Concello como vostede saben, pois esas herdanzas non as queremos deixar, polo tanto, toda esas prazas de aparcamentos que fagamos con seriedade para que sexan rendibles e fundamentalmente que sexan gratuítas.

SR. GAGO BUGARÍN: Sra. Caride, vostede debe vivir en Pandora, se lembra desa película "Avatar" onde os avatares vivían nun país que se chamaba Pandora, un planeta, pois vostede debe ser algo parecido a iso, debe pensar que vive en Pandora, porque os vigueses que a escoitan e que a ven, danse conta e saben e padecen o que realmente están a padecer que é ter unha falla absoluta de aparcadoiro na cidade, e polo tanto, vostede vive no seu mundo, no mundo que vostedes queren construír para intentar enganarnos a todos e dicirnos que cando queremos buscara aparcadoiro na zona centro da cidade non o temos pero é porque vostedes estano a mellorar, pero eu o que lle teño que dicir Sra. Caride é que dende que vostedes están no goberno eliminaron 3.000 prazas de aparcadoiro en Vigo, esa é a realidade, esa é a auténtica realidade, e o que lle temos que dicir tamén é que vostedes de alternativa o que constrúen por un lado, destrúen por outro, crean un carril bici e eliminan decenas de prazas de aparcadoiro por rúa que xa falaremos e xa se escribirán ríos de tinta as próximas semanas e meses sobre este tema Sra. Caride, e ademais de todo isto é que vostedes teñen o transporte público máis caro de Galicia, vostedes fanlle pagar aos vigueses xa que falaba de mobilidade, o que non paga ningún coruñés, ningún santiagués, ningún ferrolano, ningún lucense, ningún ourensano e ningún pontevedrés, os vigueses pagamos o que vostedes queiran que paguemos e pagamos máis que os demais cidadáns de Galicia, esa é a auténtica realidade, polo tanto, leccións cero Sra. Caride por moi animados que estean neste Pleno e ademais dígolle algo máis, fala de mobilidade peonil e fala de Navia e eu lle invito a que en vez de ir en coche oficial lle deixen na primeira rotonda de Navia e se faga o camiño andando, eu vina saír en coche oficial varias veces e me parece moi ben, eu o que lle digo é que cando vaia a Navia xa que vostede cree que o de Navia funciona moi ben, eu o que lle digo é que lle deixen na primeira rotonda, na do barco, na esquina de Navia e que circule

andando como peón como fan o resto de residente de Navia e cando queira de noite para cruzar o paso de cebra se dará conta que non ten unha farola no paso de cebra polo menos ata os 15 metros do paso de cebra, esa é a realidade Sra. Caride. Eu o que quería dicirlle Sra. Caride que en Navia viven 10.000 persoas e saben o que eu estou a dicir, e o que eu estou a dicir é que non hai ningunha soa farola preto dos pasos de cebras, eu lle invito a que o comprobe e polo tanto cando fale de mobilidade peonil pídalle os datos ao Sr. Font que llos pida ao xefe da Policía e verá como estamos a aumentar no número de atropelos na cidade. Polo tanto, en relación á emenda que vostedes propoñen sobre instar á Xunta de Galicia á inmediata gratuidade do aparcadoiro do hospital Álvaro Cunqueiro nós dicimos que si e lle propoñemos a maiores que iso mesmo o faga tamén cos aparcadoiros que están próximos aos centros de saúde e tamén a Povisa, porque como vostedes ben sabe, exactamente igual que nós, en Povisa tamén hai pacientes derivados do SERGAS. Polo tanto, fagamos demagogia, fagámolo en conxunto ou senón falemos con propiedade dos problemas.

PRESIDENCIA: Non se acepta a emenda.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do seu Presidente)*

VOTACIÓN: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e dezaseis abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señora e señor, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.02.2019 (Rex. Nº 1982/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

### **FORMULACIÓN DE ROGOS.**

#### **14(25).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE Á PETICIÓN DA FEDERACIÓN DE PENSIONISTAS DE CONVERTER O CÍES NUN XERIÁTRICO.**

SR. PÉREZ CORREA: Rogamos, xa o trasladamos en dúas Xuntas de Voceiros, que se reciba ou cando menos se lle dea concurso a solicitude da Federación de Pensionistas de Comisións Obreiras sobre a súa solicitude de converter o Cíes nun centro xeriátrico de referencia, cando menos hai unha solicitude de intervir non Pleno, hai unha solicitude incluso trasladada en forma de moción, cremos que a máis acada sería a intervención en Pleno e que se lle responda á maior brevidade posible.

PRESIDENCIA: Tómase nota do rogo.

#### **15(26).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, REFERENTE Á RECOLLIDA DE USUARIOS POR PARTE DOS IRMÁNS MISIONEIROS DE TEIS.**

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Rogaríalle que se lle anime aos Irmáns Misioneiros de Teis a que cumpran co ideario que nos deixou no seu día o Padre Donaire e que volva a recoller a usuarios porque neste momento quedan moito menos da metade para que a xente non teña que vir a durmir á praza do Concello.



PRESIDENCIA: Tómase nota do rogo.

**16(27).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, REFERENTE AO ESTADO DO PASEO DO VAO.**

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Nós temos un rogo de veciños/usuarios do Paseo do Vao que din que está bastante deteriorada esa zona en iluminación, e no que é o firme para que lle boten unha ollada e poidan arranxalo e estar en condicións para os usuarios.

**FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

**17(28).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, REFERENTE AO ACORDO MUNICIPAL RECOÑECENDO OS COMPLEMENTOS DA POLICÍA LOCAL.**

SR. FIDALGO IGLESIAS: Nos queríamos romper unha lanza a favor da Policía Local de Vigo e por iso lle queremos preguntar ao goberno municipal cando lle van a recoñecer á Policía Local de Vigo os complementos que toda a Corporación aprobou nun Pleno o ano pasado.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

**18(29).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO**

**MUNICIPAL DE MAREA, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE AO ESTADO DO EXPEDIENTE SANCIONADOR Á CONCESIONARIA DORNIER.**

SR. PÉREZ CORREA: Queríamos saber como está o expediente de Dornier, por incumprimento da xestión do servizo de aparcadoiro regulado, queríamos que se nos mandara esa documentación se é posible por escrito.

**19(30).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, REFERENTE Á ASISTENCIA DE MEMBROS DA CORPORACIÓN A UN NOTARIO.**

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Esta seguro que aínda lles gusta menos, gustaríame saber baseada na transparencia que se presume neste Concello, que facían o outro día o Sr. Alcalde, a Sra. Silva, a Sra. Abelairas, o Sr. Fiuza, bispo desta cidade, e o Sr. Ramón Batle, nun coñecido notario desta cidade, despois celebrárono en Baiona, a min iso dáme igual, como se foran a comer a casa un churrasco, dáme igual, pero gustaríame saber que é o que estaban a facer porque isto todo ten relación cos Irmáns Misioneiros de Teis.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.